

# **C.P.I. CERNADAS DE CASTRO**

## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

### **3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**CURSO 2014 / 2015**

PROFESORADO:

ALBA LEÓN MARTÍNEZ

BALBINA LOURO GARCÍA

PATRICIA NIETO PAZOS

CRISTINA SANVICENTE ROMERO

ANA SEOANE SALGADO

Mª SILA VÁZQUEZ PÉREZ

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>6</b>
- Marco Normativo.....	6
- Características do Centro.....	7
- Referencia ao PEC.....	8
<b>2. OBXECTIVOS.....</b>	<b>9</b>
- Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.....	9
- Área de Educación Plástica.....	10
- Área de Lingua Galega e Literatura.....	12
- Área de Lingua Castelá e Literatura.....	13
- Área de Matemáticas.....	14
- Área de Educación para a Cidadanía.....	15
- Área de Educación Física.....	16
- Área de Lingua Inglesa.....	17
- Área de Música.....	18
- Área de Relixión.....	20
<b>2.1. CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.....</b>	<b>21</b>
<u>COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL.....</u>	<u>21</u>
<u>EDUCACIÓN PLÁSTICA.....</u>	<u>23</u>
<u>LINGUA GALEGA E LITERATURA.....</u>	<u>26</u>
<u>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.....</u>	<u>29</u>
<u>MATEMÁTICAS.....</u>	<u>31</u>
<u>EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA.....</u>	<u>35</u>
<u>EDUCACIÓN FÍSICA.....</u>	<u>37</u>
<u>LINGUA INGLESA.....</u>	<u>41</u>
<u>MÚSICA.....</u>	<u>43</u>
<u>RELIXIÓN.....</u>	<u>44</u>

<b>3. UNIDADES DE CONTIDOS.....</b>	<b>46</b>
<i>A) Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.....</i>	<i>46</i>
<i>B) Área de Educación Artística: Plástica.....</i>	<i>55</i>
<i>C) Área de Lingua Galega e Literatura.....</i>	<i>58</i>
<i>D) Área de Lingua Castelá e Literatura.....</i>	<i>63</i>
<i>E) Área de Matemáticas.....</i>	<i>68</i>
<i>F) Educación para a Cidadanía.....</i>	<i>72</i>
<i>G) Área de Educación Física.....</i>	<i>76</i>
<i>H) Área de Lingua Inglesa.....</i>	<i>78</i>
<i>I) Área de Música.....</i>	<i>80</i>
<i>J) Área de Relixión.....</i>	<i>82</i>

**4. PROGRAMACIÓN DE AULA.....87**

**4.1. ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT) 6º CURSO DE PRIMARIA.....87**

**Áreas de Contidos:**

Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.....	87
Área de Plástica.....	101
Área de Lingua Galega e Literatura.....	105
Área de Lingua Castelá e Literatura.....	119
Área de Matemáticas.....	136
Área de Educación para a Cidadanía.....	149
Área de Educación Física.....	155
Área de Lingua Inglesa.....	186
Área de Música.....	241
Área de Relixión.....	260

**Puntos que se tratan en cada unha delas:**

- A) Obxectivos Didácticos**
- B) Contidos Temporalizados**
- C) Estratexias Didácticas**
- D) Actividades para o desenvolvemento das unidades de contidos**
- E) Recursos e Criterios de Avaliación**

<b>5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA REPARTIDA POR ÁREAS.....</b>	<b>294</b>
<b>6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUIDOS OS LIBROS DE TEXTO DE TÓDALAS ÁREAS.....</b>	<b>300</b>
<b>7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>306</b>
Valoración Inicial e vías de actuación.....	306
Adaptación Curricular NON Significativa.....	307
Adaptación Curricular Significativa.....	310
Condicións para unha atención efectiva.....	311
 <b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DENDE AS ESPECIALIDADES.....</b>	<b>313</b>
 <b>8. AVALIACIÓN.....</b>	<b>316</b>
<b>A) CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA ÁS     COMPETENCIAS BÁSICAS POR ÁREAS.....</b>	<b>316</b>
<b>B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN POR ÁREAS.....</b>	<b>341</b>
<b>C) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN POR ÁREAS.....</b>	<b>347</b>
<b>D) DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN     DA AVALIACIÓN INICIAL POR ÁREAS.....</b>	<b>354</b>
<b>E) MÍNIMOS ESIXIBLES POR ÁREAS.....</b>	<b>357</b>
<b>F) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO.....</b>	<b>380</b>
<b>G) PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....</b>	<b>383</b>
<b>H) AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>387</b>
 <b>9. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS POR ÁREAS.....</b>	<b>388</b>
 <b>10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>395</b>
 <b>11. PROXECTO LECTOR.....</b>	<b>400</b>
Obxectivos do Plan Lector de Centro.....	400
Actividades previstas no Plan Lector de Centro.....	401
Tempo mínimo diario para a lectura.....	402

Prácticas de comprensión, fomento da lectura e da escritura.....	402
<b>12. PLAN LECTOR.....</b>	<b>404</b>
<b>ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO</b>	
Obxectivos Xerais.....	404
Obxectvos Concretos.....	404
Actividades previstas para o Plan Lector de 6º curso.....	405
Temporalización das Actividades do Plan Lector.....	409
Tempo mínimo diario para a lectura.....	409
Práctica de comprensión, fomento da lectura e da escritura.....	410
Recursos .....	411
Avaliación do Plan Lector.....	411
O Plan Lector de ciclo nas ESPECIALIDADES.....	412
<b>13. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....</b>	<b>421</b>
<b>14. ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>426</b>
<b>15. DIRECTRICES DA CCP QUE SE TEÑEN EN CONTA NESTA</b>	
<b>PROGRAMACIÓN.....</b>	<b>428</b>

# 1. INTRODUCCIÓN

## - Marco Normativo

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación promove un apreciable grao de autonomía organizativa e curricular nos centros, ata o punto de que os seus equipos directivos e docentes, así como o Consello Escolar, constitúen o penúltimo paso de concreción do deseño curricular, do que o último sería o presente documento, a programación docente.

Esta programación didáctica ten como referencia o Decreto 130/2007, de 28 de xuño, polo que se establece e ordena o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o P.E.C. do centro.

Terase especial atención o desenvolvemento as competencias básicas xa que, a LOE no seu artigo 20.4, determina que as competencias básicas constitúen o punto de referencia para determinar os procesos de avaliación e a promoción ou permanencia dun alumno nun determinado curso, entendendo por competencias básicas a definición feita por (Escamilla e Lagares, 2006) como capacidades relacionadas, de maneira prioritaria, co o saber facer; a consideración de funcionalidade e practicidade da competencia non a reduce a un carácter puramente mecánico; o saber facer posúe, tamén, unha dimensión de carácter teórico-comprensivo (compoñentes, claves, tarefas, formas de resolución) e, tamén unha dimensión de carácter actitudinal (que permite dispoñer bagaxe de coñecementos, a súa mobilización e a valoración das opcións).

Da mesma maneira terase en conta o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, así como a resposta que se dará ós alumnos con necesidades educativas especiais, a importancia do plan lector como vía do fomento da lectura nesta etapa e o programa de integración das novas tecnoloxías.

A presente programación didáctica ten como referencia o Decreto 130/2007, de 28 de xuño, polo que se establece e ordena o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o P.E.C. do centro, documento referencial e

fundamental na regulación da vida da nosa comunidade educativa do centro C.P.I.”  
Cernadas de Castro”

## **- Características do Centro**

O C. P. I. Cernadas de Castro está ubicado no medio rural no concello de Lousame próximo a unha vila coma a de Noia. A maioría dos alumnos e alumnas do centro proveñen das aldeas do mesmo, aínda que unha parte de alumnado procede da vila de Noia. O centro consta de catro unidades de infantil e once de primaria; tamén ten secundaria. Dispón de comedor, servizo de transporte, ximnasio e xornada partida cun horario de mañá de **10.00 a 13.40 horas e pola tarde de 15.20 a 17.00, agás nos períodos de xuño e setembro.**

A actividade económica está relacionada principalmente coa agricultura e tamén a pesca. A lingua materna predominante é o galego: unha porcentaxe moi alta de alumnado considera moi importante falar e escribir neste idioma. Isto é importante e motivador para a aprendizaxe tamén doutras linguas como é as linguas estranxeiras.

En canto as características do grupo, os alumnos e alumnas son sociables na maioría dos casos e teñen respecto ós demais compañeiros/as e titores/as.

A elaboración desta programación baséase nos contidos ó que fai referencia o PEC como conxunto de intencións que a comunidade escolar trata de facer no seu ámbito de xestión. É importante tamén ter en conta o PCC no que os docentes definimos os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e criterios organizativos de espazo e tempo, estratexias didácticas, actividades, recursos e atención a diversidade.

## **- Referencia ao PEC**

No noso Proxecto Educativo de Centro (P.E.C) defínese a identidade propia do noso centro e nel inclúese o Proxecto Curricular do Centro que se constitúe como o instrumento pedagóxico-didáctico que articula o conxunto de actuacións que teñen como finalidade alcanzar as capacidades previstas nos obxetivos do ciclo en coherencia coas finalidades educativas. Nas directrices que se establecen nesta programación curricular do centro basase a presente programación didáctica para garantir a progresión e a coherencia na enseñanza dos contidos educativos, adaptando as directrices do Proxecto Educativo de Centro as características e necesidades propias do alumnado, no presente curso, a través dos seguintes puntos da programación:

- Os obxectivos para o curso nas distintas áreas
- Os contidos, competencias básicas e os criterios de avaliación para o cursos.
- A temporalización dos contidos
- As actividades e os recursos necesarios
- As extratexias didácticas
- Os procedementos e instrumentos para a avaliación
- Plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Plan lector
- As medidas de atención á diversidade.
- Avaliación da programación



## 2. OBXECTIVOS

### - Área de coñecemento do medio natural, social e cultural:

\* Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano, amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, características físicas, personalidade).

\* Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.

\* Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a unha escola... a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado (España), a unha cultura europea e a unha universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras culturas a partir da propia identidade.

\* Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do doutras comunidades, identidades e Estados e participando na súa defensa e conservación.

\* Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza a unha delas e respectando as outras no marco dos dereitos recoñecidos ás persoas nas declaracións universais e nos documentos legislativos.

\* Identificar, suscitar e resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, formulación de hipóteses, comprobación delas, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe, e tamén mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.

\* Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.

\* Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas e adoptando un comportamento responsable, construtivo, comprometido e solidario, respectando as regras de organización pactadas e os principios básicos do funcionamento democrático.

\* Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.

\* Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.

\* Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñecementos das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos

\* Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno (de uso doméstico, laboral...) identificando algúns elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias, valorando a contribución da ciencia e da técnica na mellora das condicións de vida familiares e sociais.

#### **- Área de Plástica:**

\* Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

\* Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.

\* Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízasas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.

\* Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.

\* Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

\* Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.

\* Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.

\* Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.

\* Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.

\* Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.

\* Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

\* Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

#### **- Área de lingua galega e literatura:**

\* Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.

\* Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

\* Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.

\* Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.

\* Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.

\* Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.

\* Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.

\* Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

\* Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.

\* Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

\* Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

### **- Área de lingua castelá e literatura:**

\* Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.

\* Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

\* Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.

\* Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos que se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.

\* Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.

\* Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.

\* Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos lectores.

\* Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil adecuados en canto á temática e a complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

\* Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e das normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.

\* Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

### **- Área de matemáticas:**

\* Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.

\* Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.

\* Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.

\* Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.

\* Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.

\* Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.

\* Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.

\* Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno do alumnado; representala de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

### **- Área de educación para a cidadanía:**

\* Identificar e aceptar a propia identidade e desenvolver a autoestima, a afectividade e a autonomía persoal na vida cotiá, nas relacións de cada alumna ou alumno coas demais persoas e como integrante dos grupos sociais en que participa.

\* Amosar actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos (de xénero, lingüísticos, relixiosos, culturais, físicos...) e aos prexuízos, sendo quen de defender os propios puntos de vista mediante o diálogo e a argumentación.

\* Desenvolver e facer uso de habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con progresiva seguridade e autonomía na vida cotiá e para participar activamente nas relacións de grupo, amosando actitudes comprensivas, cooperativas, xenerosas e construtivas e sendo quen de autorregular emocións e condutas.

\* Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, obrar de acordo con elas asumíndoas como propias e participar activamente na elaboración das normas do centro educativo (da aula, relativas ao uso de instalacións e materiais, nos regulamentos de actividades, etc.).

\* Utilizar estratexias de resolución pacífica dos conflitos desde o diálogo e a mediación.

\* Recoñecer e valorar a diversidade (de xénero, física, cultural, lingüística, étnica, relixiosa, etc.) como feito enriquecedor, valorar a contribución de cada quen ao enriquecemento dun grupo, amosar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e de poboacións distintas á propia e esforzarse por contribuír á mellora das relacións, interesándose por compartir espazos, tempos, actividades, materiais, experiencias, etc.

\* Coñecer, asumir e valorar os dereitos e deberes que como neno ou nena lle corresponden ao alumnado e os que lle corresponderán como persoa adulta, manexar os documentos onde están recollidos e interesarse polas iniciativas que os defenden, participando, se existir a posibilidade, nalgunha delas.

\* Coñecer os mecanismos fundamentais de funcionamento das sociedades democráticas, fundamentalmente nos ámbitos máis próximos á realidade do alumnado, valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e a obriga dos cidadáns e das cidadás de contribuír ao seu mantemento mediante a asunción dos seus deberes e compromisos sociais.

\* Fomentar iniciativas de participación democrática e responsable no propio centro, asumindo os papeis que correspondan en función da situación e participando, tamén activamente, en actividades fóra do centro.

\* Identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, de inxustiza e de discriminación, na vida cotiá do alumnado e noutras realidades e amosar sensibilidade polas necesidades das persoas e dos grupos máis desfavorecidos, desenvolvendo comportamentos solidarios e favorecedores da convivencia e participando, na medida das súas posibilidades, en iniciativas que buscan cambiar estas situacións.

\* Ser capaz de analizar a situación do medio natural no contorno próximo, tomar conciencia da situación a niveis máis amplos, recoñecer a incidencia das propias accións no seu coidado ou na súa deterioración, desenvolver actitudes comprometidas para a súa conservación e mellora e asumir comportamentos (vida saudable, consumo responsable, seguridade...) que contribúan á sustentabilidade.

### **- Área de Educación Física:**

\* Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.

\* Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento



ás circunstancias e condicións de cada situación.

\* Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.

\* Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto exixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.

\* Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.

\* Participar en actividades físico-deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.

\* Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.

\* Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.

\* Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

## **- Área de Lingua Inglesa:**

\* Escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.

\* Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

\* Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.

\* Ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.

\* Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.

\* Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

\* Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

\* Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.

\* Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.

\* Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

### **- Área de Música:**

\* Desenvolver a capacidade de expresión e percepción de ideas, emocións, sentimentos e vivencias a través de obras musicais.

\* Interiorizar as posibilidades do son (percusión corporal, voz, instrumentos e obxectos cotiáns) e do movemento como elementos de comunicación.

\* Coñecer, discriminar e analizar os parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.

\* Asociar as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra, corchea e semicorchea) e dos silencios (redonda, branca, negra, corchea e semicorchea), co son que producen, e viceversa.

\* Coñecer os tres tipos de compases (binarios, ternarios e cuaternarios) e traballar correctamente con eles.

\* Diferenciar claramente no pentagrama, as liñas dos espazos.

\* Dominar a escritura das Clave de Sol, Fa e Do, e a respectiva colocación das notas musicais no pentagrama.

\* Coñecer e explorar as diferentes familias de instrumentos visual e auditivamente, para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.

\* Recoñecer algunhas das obras musicais e compositores máis importantes da música clásica e moderna.

\* Coñecer algunhas das profesións do ámbito musical, interesándose polas características do traballo dos artistas.

\* Interpretar pezas vocais e instrumentais ao unísono ou a varias voces, con e sen acompañamento rítmico.

\* Coñecer algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son e empregalas para a elaboración de producións propias.

\* Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

\* Gozar das diferentes producións artísticas colectivamente, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e sabendo expresar críticas e opinións, utilizándoas como recurso para a mellora.

\* Recoñecer que as diversas manifestacións da cultura musical son fonte de coñecemento e non só de diversión e entretemento.

\* Valorar a importancia das obras musicais, dos compositores e instrumentistas como patrimonio musical mundial.

\* Desenvolver o xuízo crítico, co fin de que cada alumno/a forme o seu gusto musical propio.

## - Área de Relixión:

- \* Investigar expresións básicas e xerais do feito relixioso na Antigüidade.
- \* Recoñecer os principais compoñentes que forman o feito da relixión en xeral.
- \* Comparar as principais semellanzas e diferenzas das grandes relixións actuais.
- \* Identificar as grandes relixións monoteístas.
- \* Valorar e respectar a diversidade relixiosa.
- \* Coñecer e valorar as respostas ás grandes respostas do ser humano que dan as relixións monoteístas.
- \* Coñecer e aplicar as claves de interpretación católica da Biblia.
- \* Investigar no Novo Testamento os principais relatos e testemuñas de Xesucristo.
- \* Coñecer a presenza e a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.
- \* Coñecer os sacramentos e os seu significado e elementos característicos
- \* Ser que de intepretar e identificar a simboloxía relixiosa.
- \* Identificar as principais características e orixinalidade do Deus cristián.
- \* Analizar a Igrexa católica en relación co mundo actual e as súas principais notas.
- \* Coñecer as principais características dos sacramentos.
- \* Descubrir a orixinalidade das festas relixiosas
- \* Analizar a sinxeleza como valor que conforma o ser cristián e aplicalo ás distintas situacións da vida.
- \* Comprender e valorar a correcta relación que debe existir entre a Igrexa católica e a sociedade.
- \* Tomar conciencia da importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a convivencia entre persoas de diferentes culturas e relixións.

- \* Descubrir a originalidade e a achega do compromiso social e cidadán dos cristiáns.
- \* Comprender e respectar as expresións artísticas das relixións.
- \* Recoñecer e interpretar correctamente as manifestacións da presenza de personaxes e feitos relixiosos na arte e cultura.

## **2.1.CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL

#### **Competencia en comunicación lingüística**

- Aumentar a riqueza no vocabulario específico da área.
- Ser rigoroso no emprego dos termos específicos desta área.
- Saber construír un discurso: ser coidadoso na precisión de termos, encadeamento de ideas, expresión verbal.
- Adquirir a terminoloxía específica sobre seres vivos, e sobre obxectos e fenómenos naturais.
- Comprender textos informativos, explicativos e argumentativos.
- Transmitir ideas en informacións sobre a natureza.

#### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo (no ámbito escolar e nas actividades de ocio).
- Participar na construción de solucións.

- Ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información.
- Facer resumos, esquemas ou mapas mentais.
- Reflexionar sobre o que e como se aprendeu.
- Adquirir conceptos esenciais ligados ao noso coñecemento natural para incorporar información proveniente da propia experiencia ou de escritos ou audiovisuais.
- Adquirir procedementos de análise de causas e consecuencias.

### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Utilizar distintos procedementos de busca, selección, organización e aplicalos na área.
- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.
- Mellorar nas destrezas asociadas á utilización de esquemas, mapas conceptuais.
- Utilizar as tecnoloxías da comunicación e a información para ter unha visión actualizada da actividade científica.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.
- Saber definir problemas, estimar solucións e elaborar estratexias.
- Deseñar pequenas investigacións.
- Analizar resultados e comunicalos.
- Observar o mundo físico, obter información e actuar de acordo con ela.

- Coñecer o propio corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde.
- Coñecer as implicacións da actividade humana no medio natural.
- Buscar solucións para avanzar cara ao logro dun desenvolvemento sostible.
- Participar na toma de decisións en torno a problemas locais e globais formulados.

### **Competencia social e cidadá**

- Asentar as bases dunha futura cidadanía mundial, solidaria, participativa e democrata.
- Comprender a realidade social na que se vive.
- Ser conscientes do papel da sociedade no avance da ciencia.
- Coñecer como se produciron debates esenciais para o avance da ciencia para entender a evolución da sociedade.

### **Competencia artística e cultural**

- Coñecer as manifestacións culturais do noso contorno.
- Valorar a diversidade cultural do noso contorno.
- Recoñecer as manifestacións culturais que forman parte do patrimonio cultural de Galicia.

### **Competencia Matemática**

- Utilizar ferramentas matemáticas tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas.
- Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais, expresar datos.

## EDUCACIÓN PLÁSTICA

### **Competencia en comunicación lingüística**

- Valorar a obra artística.
- Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.
- Xerar intercambios comunicativos.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.



- Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Explorar de maneira sensorial os espazos.
- Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.
- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

### **Competencia social e cidadá**

- Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
- Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

## **Competencia artística e cultural**

- Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimentar con técnicas e materiais.
- Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representar formas presentes no espazo natural.
- Facilitar a expresión e a comunicación.
- Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.

## **Competencia Matemática**

- Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
- Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.

## **LINGUA GALEGA E LITERATURA**

### **Competencia en comunicación lingüística**

- Recoñecer que a linguaxe é un instrumento de comunicación ao mesmo tempo que unha maneira de representar e interpretar a realidade.
- Saber expresarse correctamente de forma oral e escrita.
- Ter habilidade para interactuar nunha determinada situación comunicativa.
- Saber redactar textos propios con corrección.

- Reflexionar sobre a lingua a partir do xogo.
- Poñer en práctica a expresividade da lingua oral contando anécdotas persoais, contos, etc.
- Recoñecer a poesía como unha forma particular de comunicación.
- Comprender e usar adecuadamente as normas de uso da lingua.
- Saber establecer relacións léxicas entre palabras.
- Comprender e aplicar a información contida nos textos.
- Comprender e usar adecuadamente as normas de uso da lingua.
- Recoñecer o valor da lectura como unha actividade para ampliar o coñecemento e como unha forma de diversión.
- Valorar o teatro como unha forma de comunicación literaria e como un elemento de diversión.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Saber utilizar os medios de comunicación de maneira responsable.
- Gozar con responsabilidade dos lugares de ocio.
- Adquirir a necesaria confianza nun mesmo para interactuar cos demais e tomar decisións propias.
- Utilizar a lingua para organizar o pensamento, comunicar afectos e opinións, regular emocións.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Facer esquemas e completar cadros.
- Manexar de forma eficaz os recursos que proporcionan os distintos tipos de dicionarios.
- Facer clasificacións e completar cadros.

- Manexar de forma eficaz o dicionario.
- Tomar conciencia da propia capacidade de observación e desenvolver estratexias para aplicala (por exemplo, na práctica do retrato).

### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Desenvolver a atención para descifrar información.
- Saber localizar certos sitios da rede de utilidade didáctica.
- Utilizar algúns recursos que ofrece Internet que contribúen á aprendizaxe e desenvolven a creatividade.
- Coñecer como se estrutura a información nun xornal.
- Saber manexar e interpretar información.
- Buscar información en distintas fontes

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Coñecer e respectar o contorno natural.
- Coñecer crenzas e tradicións populares relacionadas con certos elementos do contorno natural.

### **Competencia social e cidadá**

- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto.
- Entender a lingua como a base da convivencia, o respecto e o entendemento.
- Recoñecer a diferenza entre os seres humanos como un valor enriquecedor. Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten. Valorar todas as linguas como aptas para a comunicación.

## **Competencia artística e cultural**

- Coñecer algunhas manifestacións da cultura popular.
- Valorar a expresión creadora.
- Entender o cine como unha forma de cultura.
- Coñecer e valorar certos oficios tradicionais característicos da nosa comunidade.
- Coñecer algúns autores claves da nosa literatura: Rosalía de Castro.
- Comprender e valorar o significado do Día das Letras Galegas.
- Coñecer algúns personaxes e textos clásicos da literatura universal.

## **Competencia Matemática**

- Descifrar información asociando números e sílabas.
- Saber expresar por escrito certas operacións matemáticas.

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

### **Competencia en comunicación lingüística**

- Recoñecer que a linguaxe é un instrumento de comunicación ao mesmo tempo que unha maneira de representar e interpretar a realidade.
- Saber expresarse correctamente de forma oral e escrita.
- Ter habilidade para interactuar nunha determinada situación comunicativa.
- Saber redactar textos propios con corrección.
- Reflexionar sobre a lingua a partir do xogo.
- Poñer en práctica a expresividade da lingua oral contando anécdotas persoais, contos, etc.

- Recoñecer a poesía como unha forma particular de comunicación.
- Comprender e usar adecuadamente as normas de uso da lingua.
- Saber establecer relacións léxicas entre palabras.
- Comprender e aplicar a información contida nos textos.
- Comprender e usar adecuadamente as normas de uso da lingua.
- Recoñecer o valor da lectura como unha actividade para ampliar o coñecemento e como unha forma de diversión.
- Valorar o teatro como unha forma de comunicación literaria e como un elemento de diversión.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Saber utilizar os medios de comunicación de maneira responsable.
- Gozar con responsabilidade dos lugares de ocio.
- Adquirir a necesaria confianza nun mesmo para interactuar cos demais e tomar decisións propias.
- Utilizar a lingua para organizar o pensamento, comunicar afectos e opinións, regular emocións.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Facer esquemas e completar cadros.
- Manexar de forma eficaz os recursos que proporcionan os distintos tipos de dicionarios.
- Facer clasificacións e completar cadros.
- Manexar de forma eficaz o dicionario.
- Tomar conciencia da propia capacidade de observación e desenvolver estratexias para aplicala (por exemplo, na práctica do retrato).

## **Tratamento da información e competencia dixital**

- Desenvolver a atención para descifrar información.
- Saber localizar certos sitios da rede de utilidade didáctica.
- Utilizar algúns recursos que ofrece Internet que contribúen á aprendizaxe e desenvolven a creatividade.
- Coñecer como se estrutura a información nun xornal.
- Saber manexar e interpretar información.
- Buscar información en distintas fontes.

## **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Coñecer e respectar o contorno natural.
- Coñecer crenzas e tradicións populares relacionadas con certos elementos do contorno natural.

## **Competencia social e cidadá**

- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto.
- Entender a lingua como a base da convivencia, o respecto e o entendemento.
- Recoñecer a diferenza entre os seres humanos como un valor enriquecedor.
- Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten.
- Valorar todas as linguas como aptas para a comunicación.

## **Competencia artística e cultural**

- Coñecer algunhas manifestacións da cultura popular.
- Valorar a expresión creadora.
- Entender o cine como unha forma de cultura.
- Coñecer e valorar certos oficios tradicionais característicos da nosa comunidade.
- Coñecer algúns autores claves da nosa literatura: Rosalía de Castro.
- Comprender e valorar o significado do Día das Letras Galegas.
- Coñecer algúns personaxes e textos clásicos da literatura universal.

### **Competencia Matemática**

- Descifrar información asociando números e sílabas.
- Saber expresar por escrito certas operacións matemáticas.

## MATEMÁTICAS

### **Comunicación lingüística**

Incorporar os números á linguaxe habitual, como elementos con valor expresivo e interpretar mensaxes que conteñen números.

Descibir verbalmente os razoamentos e procesos matemáticos que interveñen nas distintas operacións matemáticas.

Incorporar á linguaxe habitual a terminoloxía xeométrica aprendida.

Valorar a terminoloxía xeométrica como recurso expresivo.

Descibir verbalmente os procesos matemáticos que interveñen na elaboración de táboas e gráficas.

Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía elemental estatística.



## **Autonomía e iniciativa persoal**

- Seguir un método como estratexia para ter unha maior seguridade na resolución de problemas.
- Desenvolver a confianza para enfrontarse con éxito a situacións incertas.
- Xestionar os recursos para optimizar os procesos de resolución de problemas, utilizando distintas operacións matemáticas.
- Trazar un plan, buscar estratexias e tomar decisións para resolver problemas.
- Mostrar curiosidade por coñecer a utilidade das aprendizaxes novas.
- Enfrontarse a novas situacións con maior posibilidade de éxito, tendo en conta a valoración dos resultados obtidos en situacións similares.

## **Competencia para aprender a aprender**

- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe das distintas operacións matemáticas, para potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma.
- Potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma.
- Desenvolver a habilidade para comunicar con eficacia, os propios resultados.

## **Tratamento da información e competencia dixital**

- Proporcionar destrezas asociadas ao uso dos números.
- Iniciarse no uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Utilizar Internet como recurso para a busca de información e para a obtención de figuras e representacións xeométricas.
- Utilizar a linguaxe gráfica e estatística para interpretar a información sobre a

realidade.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Recoñecer a utilidade dos números para expresar cantidades das magnitudes que manexamos todos os días.
- Facilitar unha mellor comprensión do contorno.
- Utilizar as distintas operacións matemáticas para enfrontarse a situacións cotiás nas que empregar as matemáticas fóra da aula.
- Transmitir informacións precisas sobre aspectos cuantificables do contorno.

### **Competencia social e cidadá**

- Valorar a utilidade dos números como recurso para analizar os elementos e relacións da sociedade na que vivimos.
- Desenvolver a colaboración cos demais e mostrar actitudes de axuda co fin de resolver situacións problemáticas nas que interveñan as distintas operacións matemáticas.
- Aceptar outros puntos de vista diferentes ao propio ao utilizar estratexias de resolución de problemas.

### **Competencia artística e cultural**

- Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.
- Recoñecer as relacións e formas xeométricas axuda na análise de producións artísticas.
- Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.

### **Competencia matemática**

- Recoñecer distintos usos dos números e utilizar códigos numéricos para identificar obxectos, situacións...
- Recoñecer a utilidade das operacións para resolver problemas.
- Recoñecer a utilidade do cálculo mental no manexo das moedas e billetes de curso legal.
- Recoñecer as fraccións, os seus termos, a súa representación e a súa nomenclatura.
- Aplicar a situacións cotiás, o cálculo do valor dunha parte dunha cantidade que se dividiu en partes iguais.
- Utilizar as unidades de medida para enfrontarse a situacións nas que empregar as matemáticas fóra da aula.
- Ser capaz de utilizar os conceptos relativos aos triángulos, cuadriláteros, circunferencia e círculo en distintos contextos: analizar, describir, clasificar, interpretar, as formas dos obxectos que nos rodean.
- Adquirir coñecementos e destrezas matemáticas.
- Mostrar interese por utilizar modos matemáticos de pensamento.

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA

### **Competencia en comunicación lingüística**

- Coñecer termos e conceptos propios da área.

- Exercitarse na escoita, na exposición e na argumentación.
- Utilizar a linguaxe, como ferramenta para manifestar o respecto aos compañeiros.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar como modo de aproximar as diferenzas sociais, culturais e económicas.
- Construír un pensamento propio.
- Fortalecer a autonomía para analizar, valorar e decidir.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Estimular as habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación.
- Ser quen de sintetizar as ideas propias e alleas, e de presentar de modo razoado o propio criterio.
- Obter un rendemento máximo e personalizado do coñecemento das diferentes normas que coñeces e que favorecen vivir honestamente nunha sociedade democrática.
- Ser capaz de saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e cos demais compañeiros do colexio.

### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Comunicar a información e os coñecementos adquiridos sobre a cidadanía e as leis, empregando os recursos expresivos e as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

- Desenvolver habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información obtida en internet

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Tomar conciencia de como o medio físico do lugar onde vivimos debe recoller no seu desenvolvemento e mantemento os nosos dereitos e obrigacións como cidadáns.
- Percibir o espazo físico como o medio que inflúe na convivencia e a súa relación coa organización social ao longo da historia da humanidade.

### **Competencia social e cidadá**

- Propiciar a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal.
- Favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida.
- Impulsar os vínculos persoais baseados en sentimentos.
- Afrontar as situacións de conflito, ao propoñer a utilización sistemática do diálogo.
- Saber que os conflitos de intereses forman parte da convivencia, para intentar resolvelos con actitude construtiva.
- Coñecer os fundamentos e modos de organización das sociedades democráticas.
- Interiorizar valores de cooperación, solidariedade, compromiso e participación.
- Consolidar as habilidades sociais.

### **Competencia artística e cultural**

- Valorar a información que se nos ofrece a través dunha obra literaria.

- Saber apreciar a información que se ofrece a través dun tratamento de debuxos e imaxes adecuado
- Valorar a información que se nos ofrece a través dunha obra literaria
- Coñecer e tomar conciencia da importancia dos monumentos e sinais de identidade culturais do noso municipio, así como a necesidade da súa conservación como transmisores de cultura.

### **Competencia Matemática**

- Aprender a utilizar e a interpretar unha información que se poida representar por números e trasladar estes valores a unha gráfica.
- Elaborar ou complementar unha información a partir dos datos numéricos que se poidan obter sobre ela, por exemplo, sobre o número de municipios existentes en España.
- Ser consciente de como as nosas opinións tamén poden ser recollidas numericamente, por exemplo, interpretando os resultados dunha votación.

## **EDUCACIÓN FÍSICA**

**Contribución ás Competencias Básicas expresadas polo Decreto 130/2007 do 28 de xuño de maneira xeral para a área de educación física.**

### **Competencia en comunicación lingüística.**

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

### **Competencia matemática.**

Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas

recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.

A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.

A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)

Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.

Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...

Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.

### **Tratamento da información e competencia dixital.**

Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.

Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización da internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

### **Competencia social e cidadá.**

Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, fanse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.

A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...

Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

### **Competencia cultural e artística.**

Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas.

Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.

### **Competencia para aprender a aprender.**

Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase



ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.

O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.

Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

### **Autonomía e iniciativa persoal.**

Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.

Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.

Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía.

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inquiredanzas, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

## **LINGUA INGLESA**

## **Competencia en Comunicación Lingüística**

- A comunicación en linguas estranxeiras esixe posuir capacidades tales como a mediación e comprensión intercultural e o seu desenvolvemento é clave para aprender a resolver conflitos para aprender a convivir.
- A través desta competencia o alumnado adquire e desenvolve as habilidades de escoitar, falar e conversar.
- Por exemplo: Todas as actividades das unidades.

## **Competencia matemática**

A competencia matemática permite razoar, formular hipóteses, deducir, inducir e aprender a interpretar correctamente os enunciados dos problemas matemáticos. Así pois, traballamos a numeración en inglés (a data do día, as páxinas dos libros, sistemas métricos, os números ordinais e cardinais, etc).

## **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

- É a habilidade co mundo físico, tanto nos aspectos naturais coma nos xerados pola acción humana, de xeito que facilite a comprensión de sucesos, a “predición” de consecuencias e as actividades dirixidas á mellora e perseveración das condicións de vida propia, dos demais homes e mulleres e do resto dos seres vivos.
- Atopamos cancións, contos, textos, audicións relacionados con bos hábitos alimenticios e de saúde co medio e co consumo responsable.

## **Competencia dixital e tratamento da información**

A lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia na medida en que o alumnado aprende a comprender un texto oral ou escrito, a discriminar o contido máis relevante, a resumir, rebater, discutir, compartir esa información.

(Todas as actividades correspondentes á unidade do CD ROM do curso)

## **Competencia social e cidadá**

A través desta competencia o alumnado será capaz de traballar en parellas ou en grupo, intercambiar información persoal, participar, debatir, expresar opinións ou ideas e escoitar as dos demais, construír diálogos, valorar e respectar as achegas dos compañeiros.

### **Competencia cultural e artística**

Segundo esta competencia, os alumnos/as poderán aprender, aceptar e compartir costumbres e tradicións do país anglosaxón.

### **Competencia aprender a aprender**

A lingua estranxeira ofrece máis posibilidades e recursos diferentes para comprender, interpretar, expresar opinión ou sentimentos e emocións e formular hipóteses de funcionamento da lingua.

### **Autonomía e iniciativa persoal**

Esta competencia refírese á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal coma no social e laboral.

Por exemplo: Realizar todas as actividades con interese e ser consecuente da importancia que as accións propias teñen sobre os demais. Ser participativo e respectuoso en todas as actividades cooperativas.

O coñecemento dunha lingua estranxeira permite o desenvolvemento de iniciativas sobre a planificación, organización e xestión de traballo, propiciando deste xeito a autonomía e iniciativa persoal, respecto polas opinións dos demais e fomento do traballo cooperativo.

## **MÚSICA**

**Competencia cultural e artística:**

- Recoñecer algunhas das obras musicais e compositores máis importantes da música clásica e moderna.
- Valorar as diversas manifestacións da cultura musical galega.
- Desenvolver a capacidade de expresión e percepción de emocións a través de obras musicais.

**Competencia matemática:**

- Asociar as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra e corchea) e dos silencios (redonda, branca, negra e corchea) co número de tempos ós que equivalen.
- Coñecer os tres tipos de compases (binarios, ternarios e cuaternarios) e traballar correctamente con eles.

**Competencia social e cidadá:**

- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.
- Desfrutar das diferentes producións artísticas colectivamente, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e sabendo expresar críticas e opinións, utilizándoas como recurso para a mellora.

**Tratamento da información e competencia dixital:**

- Coñecer algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son.
- Empregar as novas tecnoloxías para a elaboración de producións musicais propias.

**Competencia en comunicación lingüística:**

- Empregar adecuadamente os termos musicais aprendidos.
- Recoñecer cantigas galegas de tradición oral, cantadas en función do traballo que se estaba desempeñando ou da festa que se estaba celebrando.

**Autonomía e iniciativa persoal:**

-Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

-Desenvolver a creatividade en todos os ámbitos da área de E. Musical.

### **Competencia para aprender a aprender:**

-Desenvolver o xuízo crítico, co fin de que cada alumno/a forme o seu gusto musical propio.

## **RELIXIÓN**

### **Competencia en comunicación lingüística**

- Escoitar, comprender, expor e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

- Coidar o medio ambiente.
- Consumir de maneira racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

### **Competencia matemática**

- Interpretar e expresar informacións.
- Descifrar códigos numéricos elementais.

### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.

### **Competencia social e cidadá**

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.

- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

### **Competencia cultural e artística**

- Descubrir os elementos relixiosos da súa contorna.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuoalo.
- Perseverar e esforzarse, aceptando os erros e aprendendo deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

### **Autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional.**

- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, o diálogo, o agradecemento, a cooperación e o traballo en equipo.

### 3. UNIDADES DE CONTIDOS

#### ***A) Coñecemento do medio natural, social e cultural.***

##### ***Bloque 1. Os seres humanos e a saúde.***

- Identificación dos diferentes aparellos e sistemas do corpo humano recoñecendo as súas funcións principais.
- Recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e das diferenzas entre sexos, identificando, a grandes trazos, en que consiste a fecundación e os procesos que se dan durante o embarazo, parto e nacemento dun ser humano, e apreciando na sexualidade humana a función afectiva e reprodutora.
- Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia na relación co medio e co resto dos seres humanos.
- Valoración positiva dos hábitos de hixiene e dos estilos de vida saudable.
- Actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que favorecen ou dificultan un desenvolvemento saudable e un comportamento responsable.
- Valoración do impacto que producen sobre a saúde as accións dos seres humanos no medio (son e contaminación acústica, contaminación do aire...).
- Identificación dos riscos do consumo de alcohol, tabaco, drogas... Busca de información, expresión razoada da propia opinión contrastándoa coas opinión das compañeiras e dos compañeiros, recollida da información e conclusións en folletos, murais, carteis, páxina web...
- Aceptación e práctica das normas sociais referidas á saúde, hixiene, alimentación, protección e seguridade persoal. Coñecemento de actuacións relacionadas cos primeiros auxilios para saber axudarse e axudar as demais persoas.

- Recoñecemento e análise da relación existente entre os cambios que comporta o crecemento e as relacións coas outras persoas: amizades, familia...
- Identificación das características persoais e dos trazos de identidade propios. Coñecemento de si mesma e de si mesmo para facilitar o equilibrio emocional valorándose como diferente e respectando a diversidade.
- Desenvolvemento da autoestima, da autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e da iniciativa na toma de decisións.

### ***Bloque 2. As plantas e os animais.***

Elaboración cooperativa de traballos sobre os seres vivos do contorno próximo e sobre as súas condicións de vida, indicando as concepcións previas e formulando hipóteses, buscando información en fontes variadas -persoas expertas, a internet, enciclopedias, observación directa, monografías...-, seleccionando, tratando e esquematizando esa información, reflexionando sobre o proceso, confrontando coas compañeiras e compañeiros a información e mantendo unha actitude crítica ante as fontes.

Observación do desenvolvemento das principais funcións vitais de plantas e animais do medio próximo.

Identificación da estrutura e dos órganos grazas aos cales poden realizar esas funcións.

Utilización guiada de claves e de guías de animais e de plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia.

Observación e rexistro dalgún proceso asociado á vida dos seres vivos, logo de planificación do proceso, elección de instrumentos adecuados, tratamento dos datos obtidos e contraste de observacións. Comunicación oral e escrita de resultados empregando soportes textuais variados.

Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación de animais e de plantas.

Identificación da célula como unidade fundamental dos seres vivos.

Uso guiado de medios tecnolóxicos e do microscopio para a observación dalgunha delas.



Utilización de lupas binoculares e doutros aparellos de laboratorio para observar animais e plantas ou algunha das súas partes, respectando as normas de uso e de seguridade dos instrumentos e dos materiais de traballo.

Preparación conxunta de itinerarios e saídas para a observación de seres vivos do contorno, utilización básica de diarios de campo, elaboración guiada de documentos que recollan o observado empregando linguaxes variadas (despois de poñer en común as observacións realizadas). Valoración da orde e da estética na presentación de documentos e traballos.

Diferenciación entre as plantas e animais e outras formas de vida presentes no contorno (bacterias, virus, algas e fungos).

Valoración da biodiversidade, interese pola súa conservación.

### ***Bloque 3. A vida en sociedade.***

Participación activa na escola como unha aprendizaxe para a vida en democracia. Recoñecemento da diversidade de opinións e da necesidade do seu intercambio e da difusión de informacións por variadas canles.

Análise do funcionamento de organizacións próximas. Comparación coa organización de Galicia e do Estado español. Valoración da participación cidadá nos ámbitos local, autonómico e estatal.

Elaboración dun organigrama simple onde se reflecta o funcionamento dunha das entidades públicas estudadas.

Aproximación ao coñecemento das institucións españolas e europeas a partir da análise das institucións máis próximas.

Observación, identificación e descrición dalgunhas características culturais, demográficas e económicas da sociedade galega e da española. Recoñecemento e valoración da diversidade cultural e lingüística de España.

Identificación das raíces propias e dos trazos da cultura (lingua, institucións, festas, xogos, tradicións).

Participación en festas, xogos e costumes populares propios de Galicia e interese pola súa conservación como sinais de identidade social.

Uso de diferentes fontes de información para coñecer algunhas características elementais dos países europeos e para aproximarse ao coñecemento da Unión Europea, intercambiando información coas compañeiras e cos compañeiros para elaborar esquemas (mapas mentais, mapas conceptuais...).

Recoñecemento da importancia da emigración no mundo actual.

Respecto polas diferenzas e rexeitamento dos estereotipos, dos prexuízos e de calquera tipo de discriminación (por razón de sexo, etnia, cultura, crenza, orixe...), desenvolvendo sentimentos de empatía e respecto cara ás outras persoas.

Reflexión sobre as desigualdades no acceso aos bens de consumo no contorno próximo e no mundo.

Resolución de problemas relacionados co contorno, usando estratexias de formulación de hipóteses, comprobación destas mediante a busca, a selección e o tratamento da información, exposición de conclusións provisionais, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o proceso seguido, mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.

Identificación das responsabilidades das distintas institucións de goberno na resolución de problemas sociais, ambientais, económicos, etc.

Identificación e utilización de fontes orais, dixitais, audiovisuais e escritas de xeito progresivamente máis autónomo para informarse sobre aspectos problemáticos do contorno próximo e do mundo (desigualdade de acceso aos bens de consumo, pobreza, traballo infantil...), analizando criticamente as informacións, reflexionando e debatendo sobre as desigualdades e sobre a necesidade do compromiso social e o papel dos dereitos e deberes da cidadanía na construción dun mundo máis xusto.

Actitude crítica ante a influencia da publicidade sobre o consumo.

Recoñecemento do papel das comunicacións, do transporte e doutros servizos nas actividades persoais, económicas e sociais.

Uso das formas de comportamento adecuado (respecto, interese, lectura de avisos, contribución á limpeza...) segundo os espazos (rúa, lugares de lecer, museos, parques...).

#### ***Bloque 4. O medio físico: espazo e materiais.***

Identificación e diferenciación de diferentes representacións (planos, fotografías aéreas, maquetas, mapas, globo...) sobre un espazo.

Utilización guiada de planos e de mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios, aspectos do mundo físico e político, interpretando o cromatismo, as lendas e os signos convencionais máis habituais.

Preparación conxunta de visitas e realización de itinerarios para recoñecer elementos da paisaxe e do relevo.

Identificación, localización en diferentes representacións cartográficas e descrición dos principais e máis relevantes elementos xeográficos do contorno, de Galicia, de España e do mundo.

Recoñecemento da influencia de factores como a actividade humana, os fenómenos meteorolóxicos, a erosión, terremotos e erupcións volcánicas sobre a paisaxe.

Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes do territorio galego e español e interese por coñecer paisaxes doutros lugares.

Utilización das TIC e doutras fontes para recoller información sobre outros lugares, comunicar con outras comunidades ou poboacións da mesma comunidade, para comparar diferentes ambientes, paisaxes, modos de vida, costumes... e esquematizar a información con diversas estratexias.

Lectura e interpretación do tempo atmosférico en distintas representacións. Diferenciación entre tempo meteorolóxico e clima. Influencia do clima na paisaxe e na actividade humana. Recoñecemento das principais características do clima galego.

Valoración de actuacións que contribúen á conservación do medio e á sustentabilidade.

Exploración do territorio na busca de actuacións humanas axeitadas ou rexeitables.

Identificación da Terra como un planeta do sistema solar. Manexo de programas de simulación no ordenador que o mostren.

Realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando cooperativamente o

proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, predicindo resultados, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido e a aprendizaxe realizada).

Respecto polas normas de uso, de seguridade e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.

Comparación e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación, condutividade térmica...).

Busca de información sobre rochas e minerais presentes en Galicia. Identificación e clasificación de rochas e minerais polas características observables.

Uso de técnicas sinxelas para a separación de compoñentes en mesturas: filtración, destilación, disolución e evaporación.

Reflexión sobre as actuacións necesarias para o aproveitamento da auga e o seu uso responsable. Análise dos procesos de depuración e potabilización da auga para o seu uso.

Experimentación da flotabilidade dos materiais e obxectos nos líquidos.

Utilización de diferentes procedementos experimentais para a medida e comparación de masas e volumes de materiais diversos.

Planificación conxunta e realización de experiencias sinxelas e variadas para estudar propiedades dos materiais habituais no contorno e de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade, a electricidade, o magnetismo, comunicando o proceso levado a cabo e as conclusións por linguaxes e medios diversos.

Observación directa e experimentación dalgúns efectos e cambios que provoca a calor nos materiais: cambios de estado, dilatación e cambio de temperatura.

Experimentación coa transmisión do son nos diferentes medios. Sensibilidade ante a contaminación acústica.

Predición de cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía.

Recoñecemento das formas de enerxía máis usadas na sociedade actual e a súa clasificación en enerxías renovables e non renovables. Identificación e experimentación de transformacións simples de enerxía.

Valoración da importancia de conservar os recursos enerxéticos e non malgastalos. Identificación dalgunhas estratexias de aforro enerxético no contorno propio. O desenvolvemento enerxético sustentable e equitativo.

Observación e experimentación de reaccións químicas da vida cotiá e doméstica (combustión, oxidación e fermentación).

Identificación de produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo (queimaduras, intoxicacións...). Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns.

Identificación dos diferentes tipos de residuos que producimos na sociedade actual. Recoñecemento dos sistemas de redución, reutilización e reciclaxe.

### ***Bloque 5. O paso do tempo.***

Uso da periodización convencional (idades) e das convencións de datación (antes da nosa era, despois da nosa era).

Uso representacións para situar diversos momentos evolutivos e históricos, e para percibir a duración, a simultaneidade e a relación entre acontecementos.

Elaboración de ficheiro de vocabulario colectivo específico relacionado cos cambios ao longo do tempo.

Identificación e análise dalgúns acontecementos e de mulleres e homes relevantes da historia de Galicia.

Caracterización dalgunhas sociedades de épocas históricas: prehistórica, clásica, medieval, dos descubrimentos, do desenvolvemento industrial e do mundo no século XX, a partir da análise dos diferentes modos de vida.

Identificación dalgúns acontecementos e personaxes (mulleres e homes) relevantes da historia de España.

Valoración e respecto polo patrimonio histórico e cultural como fonte de información do pasado e como signo de identidade.

Recoñecemento das contribucións da muller ao longo da historia. Identificación do papel dos homes e das mulleres como suxeitos da historia.

Utilización de distintas fontes históricas (orais, documentais, patrimoniais), xeográficas, artísticas e outras fontes (prensa, a internet, enciclopedias, biografías, atlas...) para a busca de información de contido histórico, uso de estratexias para a súa organización sistemática e para a súa representación (cronogramas, liña do tempo...), contraste da información coas compañeiras e cos compañeiros, elaboración de informes orais, dixitais ou escritos, bandas de deseño e outros traballos para a comunicación do investigado.

Planificación conxunta de visitas a museos ou lugares con vestixios do pasado (castros, mámoas, petróglifos....) como parte do proceso de utilización de fontes históricas para a elaboración de traballos sobre algún aspecto histórico.

Realización de arquivos con fotografías, fichas, documentos, imaxes, música, notas de prensa... sobre temas de actualidade. Análise dunha mesma información en diferentes medios.

### ***Bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías.***

Distinción de modos de produción artesanal e industrial e observación das ferramentas, aparellos, útiles e máquinas implicadas.

Investigación sobre a evolución dun obxecto, aparello (teléfono, radio, televisión, ordenador, neveira...) ao longo da historia.

Recoñecemento das aplicacións dos obxectos e das máquinas, e da súa utilidade para facilitar a realización de determinadas actividades humanas.

Planificación e construción cooperativa de estruturas sinxelas a partir de pezas moduladas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema.

Elaboración de textos instrutivos e explicativos sobre o manexo seguro dalgún aparello ou obxecto de uso cotián.

Interpretación de gráficos e instrucións para a montaxe de obxectos ou aparellos sinxelos.

Construción de circuítos eléctricos simples. Identificación dos seus compoñentes e funcións.

Comparación de formas de vida e de traballo de diferentes épocas históricas ou sociedades.

Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e do traballo.

Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos domésticos e non-domésticos superando os estereotipos sexistas.

Detección de avarías habituais no funcionamento de aparellos cotiáns e domésticos. Identificación dos comportamentos máis adecuados para evitar accidentes (escapes de gas, incendios, inundacións...).

Control de riscos no manexo de aparellos e de máquinas. Elaboración de protocolos de uso.

Utilización de recursos sinxelos proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicar conclusións sobre os traballos realizados, para elaborar informes, para buscar información e para colaborar. Uso progresivamente autónomo de tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, etc.). Busca guiada de información na rede e xestión de ficheiros.

Uso responsable das TIC. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción.

## ***B) Área de Plástica.***

### ***Bloque 1. Observación plástica.***

Observación e discriminación de materiais, de cores, de formas, de volumes, de texturas, de contornos, de perspectiva, da bidimensionalidade e da tridimensionalidade, de luz, e de movemento nos obxectos, nas imaxes e nas obras artísticas.

Elaboración conxunta de protocolos, de forma oral e escrita, para a observación de aspectos, de calidades e de características notorias e sutís de elementos naturais e artificiais.

Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais.

Descubrimento e identificación de elementos artísticos, obras de arte ou certos aspectos relativos a elas (previamente traballadas na clase) na vida cotiá e nos medios de comunicación, reflexionando sobre o seu uso.

Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen e suxiren para a súa recreación e creación de obras novas.

Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural de Galicia e doutras colectividades.

Busca de información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración e recreación de traballos diversos (exposicións, cartafolios individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).

Diálogo ante unha obra de arte expresando o que gusta e non gusta, como se sente cadaquén, o que pensan ou o que lles recorda, identificando o significado que poidan ter certos elementos da obra (a cor, a liña, a técnica empregada, os materiais, a luz, a perspectiva...) coas sensacións producidas.

Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa, para cada cultura e para cada época.

Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa expresión plástica.

Iniciación á análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.

Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías da información e da comunicación e xuízo crítico das imaxes que do home e da muller se ofrecen neles.



Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación e posibles resultados alternativos.

Coñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración destes como enriquecedores da nosa.

Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.

Interese por coñecer producións artísticas do patrimonio cultural galego e por obter información sobre as persoas que as produciron.

## ***Bloque 2. Expresión e creación plástica.***

Aplicación de cores complementarias e/ou opostas e mais de tonalidades de forma intencionada, como medio de expresión e de representación.

Experimentación de formas abertas e pechadas e de liñas segundo a súa forma, dirección e situación espacial, e aplicación dos resultados á propia produción artística.

Exploración dos cambios que experimentan os volumes, as persoas e os espazos pola incidencia da luz (sombras chinesas, teatro negro...).

Exploración de materiais diversos coa finalidade de atopar o máis adecuado para unha produción artística cunha finalidade determinada (expresión de ideas, de accións, de situacións).

Elaboración de producións plásticas empregando técnicas mixtas, texturas diferentes, materiais variados, instrumentos diversos e en soportes diversificados.

Construción e caracterización de personaxes, recreación de espazos imaxinados, creación de estruturas, de maquetas, de decorados e de exposicións relacionados coa propia experiencia e no desenvolvemento de actividades do centro. Uso durante o proceso, entre outras, de nocións métricas e de perspectiva.

Realización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un informe, para recoller unha saída de campo, para a realización dunha fotonovela, para ilustrar unha noticia ocorrida no centro.

Emprego de tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño e animación, e para a difusión dos traballos elaborados.

Composición de pezas recreando as obras artísticas analizadas (ou aspectos delas), logo de busca de información sobre a obra, a época de elaboración, a autora ou o autor.

Preparación de documentos propios da comunicación artística como carteis, guías ou programas de man para difundir e informar sobre unha exposición, unha representación, un festival.

Constancia e exixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición, asumindo responsabilidades no traballo cooperativo, establecendo momentos de revisión, respectando as achegas das outras persoas e resolvendo as discrepancias con argumentos.

Incorporación progresiva e utilización durante o proceso de produción dalgunha terminoloxía propia da linguaxe plástica.

Seguimento cada vez máis autónomo dun proceso para chegar á materialización plástica dunha idea.

Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e de instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.

Apreciación da orixinalidade como fundamento da conduta creativa e respecto ás obras doutras persoas.

## ***C) Área de lingua galega e literatura.***

### ***Bloque 1. escoitar e falar.***

Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo información de opinión.

Interpretación elemental en textos orais da retransca, da ironía e de dobres sentidos.

Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).

Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.

Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.

Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais).

Actitude de escoita adecuada ante situación comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).

Escoita, memorización e produción de textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas).

Valoración e aprecio do texto literario oral galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de desfrute persoal.

Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a información e a experiencias doutras persoas.

Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía información relevantes para aprender.

Actitude de cooperación e de respecto en situación de aprendizaxe compartida.

Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

## ***Bloque 2. Ler e escribir.***

Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.

Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.

Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).

Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía).

Integración de coñecementos e de información procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.

Esquemmatización da información relevante dun texto.

Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas...) e revisión como partes do proceso escritor.

Composición de textos propios de situación cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, SMS) de acordo coas características propias destes xéneros.

Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situación reais ou simuladas.

Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).

Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de desfrute persoal, de resolución de problemas.

Lectura:

Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria.

Persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).

Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.

Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...)

Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e fonte de aprecio da cultura e como recurso de desfrute persoal.

Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

Uso progresivamente autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e de corrección ortográfica.

Uso da biblioteca do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.

Creación da biblioteca persoal.

Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios diversos.

### ***Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.***

Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.

Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, xeitos de proceder, para reflexionar sobre as diferentes variables que inciden na comunicación.

Recoñecemento de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas para a comprensión e composición.

Identificación dos mecanismos que favorecen e controlan a comprensión lectora.

Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.

Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.

Valoración das variedades lingüísticas da lingua galega.

Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.

Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.

Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos en lingua galega e recoñecer as interferencias.

Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición e conxunción; grupo de palabras: núcleo e complementos; adxectivo; tempo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; suxeito e predicado; complementos do nome e complementos do verbo.

Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación tanto na escritura como na expresión oral.

Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...) en relación coa composición de textos.

Identificación, en oracións, de suxeito e de predicado, e do papel semántico do suxeito (axente, paciente, causa).

Transformación de oracións de activa en pasiva e viceversa para mellorar a comprensión de determinados textos.

Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración.

## ***D) Área de lingua castelá e literatura.***

### ***Bloque 1. escoitar e falar.***

Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, papeis diversos no intercambio, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).

Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo información de opinión.

Interpretación elemental en textos orais da retransca, da ironía e dos dobres sentidos.

Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase, entrevistas ou debates).

Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.

Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade. Incorporación das intervencións das demais persoas, formulación de preguntas coherentes e percepción das reaccións.

Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas, posturas corporais).

Actitude de escoita adecuada ante situación comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).

Escoita, memorización e produción de textos procedentes da literatura popular oral (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas).

Valoración e aprecio do texto literario oral como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.



Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a información e a experiencia doutras persoas.

Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía información relevantes para aprender.

Actitude de cooperación e de respecto en situación de aprendizaxe compartida.

Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

## ***Bloque 2. Ler e escribir***

Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.

Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando o máis destacado.

Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).

Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía).

Integración de coñecementos e de información procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.

Esquemmatización da información relevante dun texto.

Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas...) e de revisión como partes do proceso escritor.

Composición de textos propios de situación cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, SMS) de acordo coas características propias destes xéneros.

Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario breve sobre libros ou música, en situación reais ou simuladas.

Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).

Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.

Lectura:

Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria.

Persoal, silenciosa e en voz alta de obras adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).

Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.

Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura).

Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

Uso progresivamente autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e de corrección ortográfica.

Uso da biblioteca do centro, amosando coñecemento da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades literarias e na elaboración de propostas.

Creación da biblioteca persoal.

Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita.

Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios diversos.

### **Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua.**

Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.

Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, xeitos de proceder, para reflexionar sobre as diferentes variables que inciden na comunicación.

Recoñecemento de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas para a comprensión e composición.

Identificación dos mecanismos que favorecen e controlan a comprensión lectora.

Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.

Uso de procedementos de derivación, comparación e contraste para xulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.

Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.

Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias das linguas existentes na comunidade autónoma.

Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición e conxunción; grupo de palabras: núcleo e complementos; adxectivo; tempo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; suxeito e predicado; complementos do nome e complementos do verbo.

Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación, tanto na escritura como na expresión oral.

Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...) en relación coa composición de textos.

Identificación, en oracións, de suxeito e predicado, así como do papel semántico do suxeito (axente paciente, causa).

Transformación de oracións de activa en pasiva e viceversa para mellorar a comprensión de determinados textos.

Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración.

## ***E) Área de matemáticas.***

### ***Bloque 1. Espazos e formas.***

Interpretación, análise e representación elemental (bosquexos, planos e maquetas) do espazo próximo. Introducción ao concepto de escalas.

Comprensión e emisión de informacións relativas ao contorno físico, aos obxectos e á arte utilizando o vocabulario básico relativo a formas, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría), posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos, distancias, ángulos e xiros) e outras nocións xeométricas (perímetro e superficie).

Experimentación con ampliacións e con reducións de figuras como introdución á noción de semellanza, así como coa realización de simetrías por dobramento e con espellos.

Interese e perseveranza na busca de solución ante situacións de incerteza relacionadas coa organización e utilización do espazo. Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadro, transportador, compás...) e programas informáticos para a construción e exploración de formas e de elementos xeométricos.

Obtención experimental (mediante varios procedementos como a descomposición ou o debuxo en cuadrícula), para a resolución de problemas en situación funcionais, de perímetros e áreas de figuras xeométricas. Contraste de estratexias e conclusións.

Manipulación de figuras planas (polígonos, circunferencia e círculo) e de corpos xeométricos (cubo, prisma, pirámide, cono, cilindro e esfera) para formalas a partir doutras por composición e descomposición, atopar relacións entre os seus elementos, establecer pautas para a súa construción e atopar regularidades e simetrías.

Comparación, descrición e clasificación de figuras e de corpos xeométricos atendendo a diferentes criterios e elementos.

Sensibilidade para apreciar a xeometría no mundo real.

Interese pola precisión na descrición e na representación de formas xeométricas e pola presentación clara e ordenada dos traballos xeométricos.

Confianza nas propias posibilidades para utilizar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais para resolver problemas en situación reais.

## ***Bloque 2. Cantidades.***

Uso de diferentes fontes e recursos (libros, ordenador, persoas expertas...) para atopar información sobre as relacións entre as necesidades sociais, os descubrimentos matemáticos e as mulleres e os homes que os produciron.

Busca e recollida de información sobre os sistemas de numeración en culturas anteriores e sobre a súa influencia na actualidade.

Recoñecemento do papel da matemática na vida cotiá, tanto en contextos escolares e en diferentes áreas como noutros ámbitos próximos.

Identificación de aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar empregando diferentes tipos e sistemas (romano, arábigo) de números.

Resolución de problemas co uso de diferentes tipos de números, interpretando o seu valor e as súas funcións (contar, medir, ordenar, expresar particións, codificar informacións, distinguir elementos...).

Lectura, escritura, seriación, ordenación, descomposición, comparación (e expresión dos resultados da comparación, exactos ou por tanteo, segundo a situación) e representación na recta numérica de distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións, decimais ata as centésimas) en contextos reais.

Manipulación de números diversos explorando as regularidades, atopando equivalencias e correspondencias entre eles.

Recoñecemento das propiedades dos números: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Clasificación de números en primos e compostos buscando divisores. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores.

Valoración da utilización dunha linguaxe numérica e cuantitativa cada vez máis precisa e rigorosa.

Resolución de problemas da vida cotiá en que se observen as fases de decodificación, modelización, verificación e explicitación, que implican: planificación, anticipación, hipotetización e contraste de opinións, verbalización, xuízo crítico, consciencia-control- revisión do proceso, emprego de máis dun procedemento de resolución, presentación de datos con orde e claridade, utilización da calculadora en función da complexidade dos cálculos e formulación de razoamentos que argumenten a validez dunha solución (identificando, se é o caso, os erros).

Valoración das achegas estratéxicas das outras persoas e perseveranza na busca de solucións e de datos precisos.

Colaboración activa e responsable no traballo en equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudados.

Realización de cálculos numéricos sinxelos (suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números), en situacións de resolución de problemas, usando diferentes procedementos (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora, ordenador...), segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade, decidindo sobre a razoabilidade dun resultado obtido ou estimado.

Cálculo en situacións cotiás e familiares en que se recollan a xerarquía das operacións e os usos da paréntese, o automatismo dos algoritmos das operacións básicas, as propiedades das operacións, as estratexias persoais, o emprego dos instrumentos de cálculo e mais a presentación dos cálculos e dos resultados de xeito ordenado e claro.

Aplicación de porcentaxes en situacións cotiás (compra, particións, orzamentos...) facendo correspondencias sinxelas entre elas, as fraccións e os decimais.

Introdución ao concepto de potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos.

Selección, en contextos de resolución de problemas da vida cotiá, dos instrumentos e das unidades de medida usuais máis adecuados, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.

Resolución de problemas de medida en que se recollan os seguintes aspectos: planificación e control de proceso; selección e uso correcto dos instrumentos máis pertinentes en cada caso; uso de estratexias persoais; estimación de magnitudes facendo previsións razoables; conversión, se cómpre, dunhas unidades noutras da mesma magnitude; expresión dos resultados nas unidades adecuadas usando a simboloxía; explicación dos razoamentos e dos procesos levados a cabo.

Desenvolvemento de estratexias persoais para medir perímetros e superficies de figuras e de obxectos de maneira exacta e aproximada. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.

Identificación dalgunhas medidas tradicionais usadas na bisbarra e de ámbito local.

Medición do tempo (analóxica ou dixitalmente), busca de maior precisión co emprego dos minutos e dos segundos. Cálculo das equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos, en situación cotiás.

Medición de aberturas e de xiros co uso de ángulos, así como utilización de instrumentos convencionais para medir graos.

Utilización da medición e das medidas para resolver problemas, comprender e transmitir informacións, validando o resultado de medida en contraste coas propias hipóteses e co obtido por compañeiras e compañeiros.

Interese por utilizar con coidado e precisión diferentes instrumentos de medida e ferramentas tecnolóxicas e mais por empregar unidades adecuadas.

Valoración das vantaxes de dispor dun sistema convencional de medida e comprensión de que a medida é unha aproximación e que a unidade escollida afecta a precisión.

### ***Bloque 3. Tratamento da información e azar.***

Resolución e formulación de problemas en que interveñan a lectura, a interpretación e a análise crítica de representacións gráficas de datos do contorno.

Recollida, selección, análise, organización e rexistro de datos utilizando técnicas elementais de enquisa, de observación e de medición.

Representación gráfica da información mediante táboas de datos, diagramas de barras, diagramas lineais, diagramas de sectores...

Interpretación e extracción da información que fornecen a media aritmética, a moda e o rango, e aplicación destas a situacións familiares e concretas.

Disposición á elaboración e á presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara.

Valoración da importancia de analizar críticamente as informacións que se presentan a través de gráficos estatísticos e da tendencia a explorar todos os elementos das gráficas evitando interpretacións parciais e precipitadas.

Obtención e emprego de información para a realización de gráficos.

Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.

Recoñecemento da presenza do azar na vida cotiá. Distinción entre situacións aleatorias e as que non o son.



Estimación e predición de resultados posibles en situacións aleatorias (xogos ou cotiás) e uso de terminoloxía básica para describir situacións e experiencias de azar (posibles, imposibles, probables, seguros...). Comparación de resultados posibles cos obtidos en experiencias aleatorias cotiás.

Valoración da necesidade de reflexión, razoamento e perseveranza para superar as dificultades implícitas na resolución de problemas.

Confianza nas propias posibilidades e interese por empregar as ferramentas tecnolóxicas na comprensión dos contidos

## ***F) Educación para a Cidadanía***

### **Bloque 1. Identidade persoal**

Identificación das características persoais e dos trazos de identidade (as propias capacidades e necesidades).

Desenvolvemento da autonomía persoal e da autoestima (seguridade en si mesmo e en si mesma, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades, sentimento de importancia, valoración da historia persoal e das contribucións alleas á súa construción).

Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. Causas e consecuencias das accións propias (accións que poden facer sentirse ben ou mal a outras persoas). Responsabilidade polos propios actos. Agradecer, desculparse, presentar unha queixa, aprender a dicir non, aprender a recuperarse e responder ao fracaso. A intelixencia emocional.

Identificación, recoñecemento, verbalización, manexo e control dos sentimentos propios (que me ocorre, por que me ocorre, que podo facer cando me sinto así).

Valoración da liberdade e da responsabilidade na toma de decisións con criterios de eficacia e de xustiza. Responsabilidade na planificación do futuro inmediato.

Recoñecemento das diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise de medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de

oportunidades. A contribución das mulleres ao longo da historia e situación actual do mundo. A vida das mulleres galegas no pasado e no presente e as súas achegas á sociedade. Redes de apoio de mulleres. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. Características de veciñanza.

Aplicación de condutas responsables no uso das TIC (autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético) e análise da realidade que presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade de elección crítica e responsable.

Sensibilización, visibilización e rexeitamento do sexismo, do racismo, da homofobia... dentro da perspectiva da defensa dos dereitos humanos e do respecto á identidade persoal.

## **Bloque 2. Identidade social.**

Identificación coas colectividades en que se desenvolve a vida do alumnado: escolar, familiar, local, comarcal e autonómica. Recoñecemento das vantaxes que supón pertencer a estes colectivos e das achegas que se poden facer individualmente a cada un deles.

Importancia do recoñecemento dos dereitos e deberes do alumnado no centro escolar.

Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todas as nenas e de todos os nenos do mundo, así como os dereitos das persoas recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución. Coñecemento de organizacións que loitan por que eses dereitos se respecten e do traballo que desenvolven.

Valoración da convivencia pacífica en sociedade e recoñecemento dos valores en que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura da paz. Identificación, recoñecemento e análise de actuacións que posibilitan e que dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.

Aplicación de habilidades, de estratexias e de procedementos que contribúen a xerar relacións de entendemento e de convivencia pacífica. Habilidades de comunicación e de relación tanto interpersoais como intrapersoais. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a relación e a comunicación.

Desenvolvemento da vontade, da flexibilidade e da dispoñibilidade para resolver conflitos. Aplicación do diálogo e da mediación como forma de resolución pacífica dos conflitos.

Valoración da colaboración e das diferentes posibilidades de traballo cooperativo. Identificación do proceso de toma de decisións de grupo. Identificación e uso dos mecanismos de participación no funcionamento da aula e da escola.

Aplicación dos valores cívicos e do exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais e nas relacións interxeracionais.

Valoración da igualdade dentro das diferenzas. A diversidade física, social, cultural e relixiosa.

Recoñecemento, valoración, tolerancia e respecto polos costumes e modos de vida distintos ao propio.

Recoñecemento de costumes, de tradicións e de estilos de vida propios e os das compañeiras e compañeiros. Valoración das celebracións e manifestacións culturais como signos de identidade e de cohesión social.

Identificación das situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.

Desenvolvemento de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.

### **Bloque 3. Compromiso social.**

Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.

Práctica de normas cívicas, como por exemplo as de circulación viaria, e asunción de roles por medio do xogo e da simulación.

Recoñecemento dos principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.

Reflexión sobre as características que debe posuír unha sociedade democrática.

Análise de mensaxes, de declaracións, de imaxes, etc. procedentes de medios de comunicación, de páxinas web, de publicidade... diferenciando información veraz e contrastada de simples opinións persoais.

Identificación, aprecio, respecto, responsabilidade, coidado e mellora dos bens comúns e dos servizos públicos. Normas de uso e accións que contribúen ao seu axeitado funcionamento.

Valoración dos impostos como un medio para corresponsabilizarse socialmente.

Identificación e rexeitamento das causas que provocan situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.

Identificación de servizos e de persoas que interveñen en casos de situacións de emerxencia (accidentes, lumes, inundacións, terremotos, guerras...) e daquelas persoas e organizacións que contribúen desinteresadamente a mellorar situacións de desvantaxe social, de pobreza, de marxinação, de fame, de explotación da infancia, de enfermidade... Busca de formas de apoio a elas e de contribución ao seu funcionamento.

Reflexión sobre a repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de consumo responsable, de coidado do medio, de prevención de riscos viarios e de promoción de formas de vida saudable. Reflexión sobre as posibilidades de cambio nas rutinas individuais para mellorar a calidade de vida.

## ***G) Área de Educación Física***

### Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción.

Interiorización da imaxe e do esquema corporal, representación e uso dos elementos orgánico-funcionais no movemento.

Control corporal en situacións motrices complexas: utilización da capacidade de tensión e de relaxación.

Adquisición dunha axeitada mecánica respiratoria, valorando a súa importancia.

Adaptación da postura ás necesidades expresivas e motrices de xeito eficiente, fluído e harmónico.

Execución de movementos de certa dificultade cos segmentos corporais dominantes e non dominantes.

Realización de equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións complexas e descoñecidas.

Estruturación e organización espacio-temporal en accións e en situacións motrices complexas.

Valoración e aceptación da propia realidade corporal, reflexionando criticamente acerca das mensaxes proporcionadas polos medios de comunicación.

Seguridade, confianza e autonomía persoal.

### Bloque 2. Habilidades motrices.

Adaptación das habilidades motrices básicas e específicas a diferentes situacións.

Uso das habilidades motrices básicas aplicadas a actividades deportivas e rítmicas complexas con eficiencia e creatividade.

Aplicación de habilidades específicas en iniciación deportiva de maneira óptima.

Acondicionamento físico xeral orientado á mellora da execución das habilidades motrices.

Práctica de coordinacións globais e específicas en situacións complexas.

Valoración do traballo ben executado desde o punto de vista motor.

Disposición favorable para participar en actividades físicas diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

### Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas.

Concienciación e uso axeitado das posibilidades expresivas e comunicativas da linguaxe corporal.

Elaboración de composicións grupais representando situacións variadas e atendendo a diferentes estímulos.

Expresión e comunicación de sentimentos e de emocións individuais e grupais a través do corpo, do xesto e do movemento.

Representacións e improvisacións artísticas por medio da linguaxe corporal e coa axuda de obxectos e materiais.

Composición de movementos variados a partir da combinación de estímulos rítmicos e musicais.

Execución de bailes e de danzas e elaboración de coreografías.

Participación desinhibida en situacións de comunicación corporal e de respecto ante as

execucións alleas.

Valoración da expresión e da comunicación corporal como importantes para a educación integral.

#### Bloque 4. Actividade física e saúde.

Autonomía na hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais axeitados na vida cotiá e na actividade física.

Busca de información e análise crítica sobre aspectos alimentarios (proteínas, carbohidratos, lípidos...) para unha vida saudable.

Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física na saúde, identificación e rexeitamento das prácticas pouco saudables.

Incremento da condición física co obxectivo de mellorar a saúde.

Prevenición de lesións na actividade física: quecemento, dosificación do esforzo, recuperación/relaxación, primeiros auxilios...

Utilización correcta e respectuosa do contorno, adoptando medidas de seguridade e de prevención de accidentes na actividade física.

Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

#### Bloque 5. Xogos e deportes.

Recoñecemento do xogo e do deporte como fenómenos sociais e culturais: tipos de xogos e de actividades deportivas.

Aceptación e respecto cara ás normas, cara aos regulamentos, cara ás estratexias e cara ás persoas que participan no xogo, así como cara ao papel que corresponda desempeñar.

Realización de xogos e de actividades deportivas de diversas modalidades e de dificultade crecente.

Recompilación de información sobre xogos e deportes populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e práctica destes.

Utilización axeitada e valoración das estratexias básicas do xogo: cooperación, oposición e cooperación/oposición.

Valoración do esforzo persoal e do colectivo nos diferentes tipos de xogos e actividades deportivas á marxe de preferencias e de prexuízos.

Aprecio do xogo e do deporte como medio de desfrute, de relación, de saúde e de ocupación do tempo de lecer.

## **H) Área de Lingua Inglesa**

### **Bloque 1. escoitar e falar.**

Comprensión de mensaxes orais (instrucións, peticións e explicacións) de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro ou fóra da aula, emitidas polas persoas presentes ou a través de gravacións nos diferentes soportes.

Exploración das posibilidades expresivas de textos orais a través da imitación, da recitación, da dramatización e da representación.

Utilización das informacións extraídas de textos orais para fins concretos.

Participación en situacións reais de comunicación ou simuladas empregando expresións cada vez máis complexas baseadas en modelos e en estruturas lingüísticas coñecidas (para falar da familia e doutras persoas, do tempo atmosférico, da roupa, dos libros, dos xogos, das películas...), con adecuación ao contexto, con progresiva autonomía e con reforzo de linguaxe non verbal.

Emprego da lingua estranxeira como instrumento para unha aprendizaxe integrada, coa finalidade de acadar novos coñecementos non puramente lingüísticos (taller de solidariedade, obradoiro de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun novo deporte, dunha nova técnica artística...).

Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.

### **Bloque 2. Ler e escribir.**

Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas, así como consolidación das asociacións grafía-son das mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.

Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas de personaxes de interese, bitácoras, instrucións dun novo xogo, mensaxes de correo, narración dun suceso...) en soporte papel e dixital, adaptadas á competencia lingüística

do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa ou proxecto ou para gozar da lectura.

Uso progresivamente autónomo de estratexias de lectura (utilización dos elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e de expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais.

Interese pola lectura autónoma de textos en lingua estranxeira para obter información e para gozar con eles.

Lectura e escritura de textos propios de situacións comunicativas habituais de relación social e dos medios de comunicación, así como de textos para aprender e para informarse.

Produción de textos escritos sobre temas de interese elaborados de forma cooperativa, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización e revisión), utilizando as tecnoloxías da información para a súa produción, e asegurando que o resultado se acade a través da negociación entre o grupo. Interese por compartir os textos producidos (exposición na aula ou no centro).

Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético.

Composición de textos de creación propia asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e en estruturas, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización -organización en parágrafos-, e revisión), con diversas intencións comunicativas (contar experiencias, sentimentos, preferencias, regular normas, informar de acontecementos, invitar a actuar con responsabilidade ecolóxica...).

Interese por empregar as TIC para producir textos e presentacións coa finalidade de transmitirles a outros rapaces e a outras rapazas aspectos relacionados coa nosa identidade cultural (adaptando ou creando poemas, lendas, cancións e describindo lugares do contorno, personaxes da nosa cultura, xogos e festas populares...).

### **Bloque 3. Reflexión sobre a lingua e consciencia intercultural.**



Uso de estratexias como a repetición; a imitación; a memorización; a asociación de palabras e de expresións con xestos, imaxes ou sons; a observación de modelos; a lectura de textos; a utilización de soportes multimedia e de dicionarios para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.

Interese por revisar e autocorrixir os textos, comparando os procedementos lingüísticos máis frecuentes utilizados coa mesma finalidade nas distintas linguas.

Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas, opinións e formas de vida diferentes á propia.

## ***H) Música***

### **BLOQUE 1: ESCOITA.**

- Identificación da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de tecnoloxías que se poden empregar para a expresión musical.
- Discriminación e análise das calidades do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- Utilización de obxectos e de instrumentos para explorar os parámetros do son.
- Identificación de agresións acústicas e da súa influencia na calidade de vida das persoas.
- Identificación visual e auditiva dos instrumentos da orquestra e da música popular galega, atendendo á clasificación por familias instrumentais.
- Valoración dos instrumentos populares galegos como integrantes do noso patrimonio cultural.
- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- Identificación auditiva das obras máis importantes da Historia da Música e dos seus compositores.
- Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas.
- Interese por coñecer o traballo dos artistas e persoas que se adican á composición e á interpretación musical.
- Utilización dos medios de comunicación e da internet para a busca de información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais de interese.

- escoita da música interpretada na aula e suxestión de posibilidades de mellora persoal e colectiva.
- Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos e de gustos, relacionados coa música.
- Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e na asistencia a diferentes representacións musicais.

## **BLOQUE 2: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN MUSICAL.**

- Identificación da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de tecnoloxías que se poden empregar para a expresión musical.
- Discriminación e análise das calidades do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- Utilización de obxectos e de instrumentos para explorar os parámetros do son.
- Identificación de agresións acústicas e da súa influencia na calidade de vida das persoas.
- Identificación visual e auditiva dos instrumentos da orquestra e da música popular galega, atendendo á clasificación por familias instrumentais.
- Valoración dos instrumentos populares galegos como integrantes do noso patrimonio cultural.
- Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
- Identificación auditiva das obras máis importantes da Historia da Música e dos seus compositores.
- Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas.
- Interese por coñecer o traballo dos artistas e persoas que se adican á composición e á interpretación musical.
- Utilización dos medios de comunicación e da internet para a busca de información sobre instrumentos, compositores, intérpretes e eventos musicais de interese.
- escoita da música interpretada na aula e suxestión de posibilidades de mellora persoal e colectiva.
- Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos e de gustos, relacionados coa música.
- Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e na asistencia a diferentes representacións musicais.

## **J) Relixión.**

- A estrutura da relixión. O concepto de Deus e de home. Orixe e destino do home. As mediacións.
- Manifestacións da estrutura do fenómeno relixioso na Antigüidade (Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma).
- As respostas ás grandes preguntas do ser humano no xudaísmo, no cristianismo e no islam. O sentido e alcance da fe e as boas obras.
- O ser humano, o sentido da súa vida e a súa salvación no hinduísmo e no budismo.
- A dignidade do ser humano creado por Deus Pai. Os dereitos humanos.
- Relatos do Novo Testamento nos que as testemuñas acreditan que Xesucristo é Fillo de Deus e verdadeiro home.
- Xesucristo, Salvador e Redentor do pecado e da morte.
- Xesucristo, plenitude do home.
- A presenza da Virxe María no Evanxeo e nos Feitos dos Apóstolos.
- O home novo e a lei do Espírito. O amor de Deus e o amor ao próximo.
- O ser humano é responsable dos seus actos. O valor da conciencia, da verdade, da liberdade e da vontade.
- Os sacramentos para o crecemento e propagación do Pobo de Deus: Orde sacerdotal e Matrimonio.
- Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A chegada e presenza do Espírito Santo. A expansión da Igrexa.

- A Igrexa, novo Pobo de Deus. Manifestacións da estrutura xerárquica da Igrexa. O Papa, os bispos, os sacerdotes, a vida consagrada. A Igrexa Universal e a Igrexa diocesana.
- A Igrexa no mundo actual. Significado e sentido das notas da Igrexa. Mapa das grandes relixións no mundo de hoxe.
- Respecto polas conviccións relixiosas como condición mínima para a convivencia.
- Compromiso e solidariedade co mundo de hoxe: manifestacións na Igrexa e noutras relixións.
- As festas do pobo de Deus. O seu valor comunitario e rememorativo. O encontro con Deus a través das festas.
- Manifestacións da presenza de Deus na cultura cristiá. Valoración das expresións artísticas das relixións presentes no contorno.
- Deus prepara unha terra nova onde habitará a xustiza. A Unción dos enfermos. As cousas postremas do ser humano.

## **Contidos**

- A orixe e o destino da vida. Grandes preguntas.
- A orixe das relixións: as relixións prehistóricas.
- As relixións na Antigüidade: as primeiras relixións históricas. Crenzas, deuses, espazos sagrados e ritos sagrados das antigas Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma. Politeísmo e monoteísmo.
- Deuses, templos e festas.
- A linguaxe poética e a linguaxe científica.
- A cultura xudía.
- Abraham, Moisés, Samuel e Xeremías.
- O país de Xesús: xeografía, política e relixión.
- O Templo de Xerusalén.
- O Muro das Lamentacións.

- Mapa do país de Xesús.
- Vivir como estranxeiro noutros países.
- O respecto polas relixións.
- Hinduísmo, budismo e islam: orixe, divindades, crenzas, libros sagrados, lugares de culto e lugares de peregrinación.
- As mediacións.
- A pegada do islam na nosa cultura.
- A linguaxe corporal na oración.
- Formas de dar testemuño de fe.
- A herdanza dos cristiáns e das cristiás: a fe en Xesús.
- Fe, esperanza e caridade, virtudes dos cristiáns.
- Presenza de Xesús na arte.
- Xesús é o Salvador do mundo.
- Xesús atópase con Simeón.
- Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus.
- Outras relixións: como lle chaman a Xesús os xudeus e os musulmáns.
- A pintura *Adoración dos Reis* de Giotto
- A estrela de Nadal.
- O labor da Igrexa no mundo.
- Xesús un modelo a seguir.
- As peregrinacións na Igrexa.
- A misión da Igrexa: anunciar o Evanxeo, celebrar os sacramentos e vivir segundo as ensinanzas de Xesús.
- A misión dos discípulos.
- Mapa das primeiras comunidades cristiás.
- As necesidades do próximo.
- A Igrexa responde os retos do mundo actual.
- A Igrexa católica: unha, santa, católica e apostólica.
- A Igrexa local e universal: as dioceses, as parroquias.
- Sacramentos.

- Obra de arte *No nome de Deus* de Giovanni Canova.
- María, fonte de inspiración.
- Modelos que nos axudan a ser mellores persoas.
- Modelos próximos a nós.
- María, a nai de Xesús, a primeira cristiá.
- María nos Evanxeos.
- O calendario litúrxico.
- O anhelo de felicidade.
- O compromiso dos creentes ante a dor, a enfermidade, a inxustiza, a pobreza e a soidade.
- A alegría dos discípulos de Xesús.
- O días sagrados das diferentes relixións
- A festa semanal dos xudeus e dos musulmáns.
- As parábolas.
- A fidelidade aos principios.
- Xesús é fiel a Deus, a si mesmo e aos demais.
- Xesús é modelo de fidelidade a Deus.
- O proxecto de vida dos cristiáns e das cristiás: conciencia, liberdade e paz.
- As dificultades e a esperanza.
- Xesús é a esperanza dos cristiáns e cristiás.
- O contaxio da esperanza e a transformación da vida.
- Sacramento da Unción dos Enfermos.
- As persoas coherentes e auténticas.
- Buscamos a verdade.
- Xesús e Poncio Pilato.
- O pretorio.
- O afán de verdade: vidas coherentes e auténticas.
- A responsabilidade e a toma de decisións.
- O compromiso.

## **4. PROGRAMACIÓNS DE AULA:**

### **4.1. ACTIVIDADES E TAREFAS (PAT)**

#### **ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL**

##### **A) Obxectivos Didácticos**

###### **Bloque As Plantas E Os Animais.**

Coñecer as características xerais e algunhas formas de reprodución sexual e asexual.

Identificar e describir as fases xerais da reprodución sexual dos animais.

Coñecer os dous tipos de fecundación e os dous tipos de desenvolvemento embrionario que existen entre os animais.

Identificar e nomear os tipos de flores, as súas partes e as funcións que realizan.

Identificar e describir as fases xerais da reprodución sexual das plantas espermatófitas

Definir ecosistema, identificar os elementos que o forman e clasificalos segundo o medio físico no que se presentan.

Adquirir o concepto de adaptación e identificar distintos tipos de adaptacións, tanto corporais como de comportamentos.

Identificar relacións alimentarias nos ecosistemas e clasificar os seres vivos segundo a súa posición na cadea dos alimentos.

Definir e identificar relacións entre seres vivos da mesma especie e de distintas

### **Bloque Os Seres Humanos E A Saúde**

Nomear e identificar os órganos do aparato reprodutor masculino e feminino, así como as súas funcións.

Nomear as fases en que se realiza a reprodución humana.

Describir os cambios que se producen durante o embarazo e identificar en láminas os diferentes momentos do desenvolvemento embrionario humano.

Coñecer e describir os sucesos que rodean e constitúen o parto humano

Coñecer as características de cada unha das etapas da vida e os cambios e feitos máis importantes.

Coñecer enfermidades frecuentes de carácter infeccioso e identificar xenericamente as causas que as provocan, así como os mecanismos de transmisión.

Coñecer enfermidades frecuentes de carácter non infeccioso e identificar xenericamente posibles causas que as provocan.

Adquirir unha idea de prevención de enfermidades e valorar a importancia das revisións médicas periódicas.



Desenvolver a curiosidade por coñecer o papel do ser humano nos ecosistemas

Coñecer e valorar o impacto das sociedades primitivas e sociedades agrícolas e gandeiras no ámbito natural.

Identificar as causas que alteran os ecosistemas.

Coñecer e valorar os efectos ambientais das actividades humanas actuais.

Coñecer e valorar as accións de protección da vida no planeta

### **Bloque O Medio Físico: Espazos E Materiais**

Adquirir a idea de materia e describir as propiedades xerais da materia.

Coñecer as unidades, os instrumentos e os procedementos para medir a masa e o volume dun corpo.

Nomear e identificar algunhas propiedades específicas da materia.

Definir substancia pura, mestura e disolución, coñecer algunhas mesturas e disolucións sinxelas e identificar os seus compoñentes.

Coñecer e describir procedementos para separar os compoñentes de mesturas.

Identificar cambios físicos na materia e as causas que os producen.

Adquirir unha idea básica de reacción química e identificar cambios químicos no contorno.

Definir a luz como unha forma de enerxía e coñecer as características da propagación da luz.

Identificar e describir fenómenos de reflexión e de refracción.

Describir os comportamentos da luz ante os corpos e clasificar materiais e obxectos segundo o seu comportamento ante a luz.

Definir magnetismo e identificar os polos dun imán.

Definir electricidade e adquirir a idea de xerador eléctrico.

Nomear os elementos e o funcionamento dun circuíto eléctrico.

Coñecer as características das rochas que permiten diferenciar unhas doutras e identificar algunhas rochas frecuentes.

Descibir de xeito sinxelo os procesos de erosión das rochas e transporte e sedimentación de materiais.

Coñecer que é a hidrosfera e valorar a súa importancia para os seres vivos

Identificar as capas da atmosfera e describir as súas características.

Definir fenómeno meteorolóxico.

Definir os principais trazos da Terra: o relevo, os seus climas e a súa hidrografía.

Nomear e situar no mapa os principais accidentes do relevo, os ríos e os lagos de África, Asia, América, Oceanía e Antártida; e coñecer os trazos climáticos

Coñecer os tipos de climas de Europa, os seus principais ríos e os seus lagos máis importantes situándoos no mapa.

Nomear e situar no mapa os principais accidentes do relevo de España e de Galicia.

Coñecer os tipos de climas de España e de Galicia

### **Bloque A Vida En Sociedade**

Coñecer os principais trazos da poboación de Europa.

Definir os principais trazos da poboación da Unión Europea e os países que a forman.

Comprender o valor da democracia na UE e coñecer o nivel de vida e as vantaxes que iso supón para a súa poboación.

Coñecer os principais organismos da estrutura de poder da UE.

Coñecer a pertenza de España e de Galicia á UE.

Coñecer as principais actividades do sector primario, secundario e terciario en España, os seus produtos e a súa importancia en relación á poboación ocupada.

Coñecer as funcións e as principais actividades do sector primario, secundario e terciario en Galicia, os seus produtos e a súa importancia en relación á poboación ocupada.

### **Bloque O Paso Do Tempo**

Situar no tempo e coñecer os acontecementos máis importantes da Idade Moderna.

Describir os movementos artísticos e culturais da Idade Moderna.

Coñecer os principais feitos do reinado dos Reis Católicos.

Nomear os principais sucesos dos reinados de Carlos I e Felipe II.

Coñecer a crise do século XVII en España e o significado do chamado Século de Ouro e valora algúns dos seus artistas.

Describir o significado político da Ilustración.

Coñecer os principais acontecementos da Idade Moderna en Galicia.

Situar no tempo e coñecer os acontecementos máis importantes da Idade Moderna.

Describir a Revolución Francesa, a Revolución Industrial e os cambios que ocasionaron como os acontecementos máis importantes do século XIX.

Nomear as causas e as consecuencias da Guerra da Independencia e as ideoloxías que se enfrontaron en España ao longo do século XIX.

Coñecer algúns dos cambios na forma de vida en España e en Galicia ao longo do século XIX, e o Modernismo como a corrente de finais do século.

Describir as dúas guerras mundiais e cando se produciron

Coñecer os principais sucesos políticos de España e de Galicia desde 1900 ata a actualidade.

## **B) Contidos Temporalizados**

### ***1º Trimestre***

Características xerais da reprodución asexual e sexual.

Reprodución sexual dos animais: sexos e aparatos reprodutores.

Fases da reprodución sexual dos animais: produción de gametos, fecundación e os seus tipos, e o desenvolvemento do cigoto.

Reprodución sexual das plantas espermatófitas: as flores e os tipos de flores,

polinización, fecundación, e formación e xerminación de sementes.

Características xerais da reprodución humana.

Aparatos reprodutores masculino e feminino: funcións e órganos.

A fecundación. Embarazo e as súas fases. O parto.

As etapas da vida dun ser humano, as súas características e cambios máis importantes en cada unha delas.

Enfermidade e saúde.

As enfermidades infecciosas, non infecciosas e os seus mecanismos de transmisión.

Idea de prevención. As revisións médicas periódicas

Os ecosistemas e os seus elementos. Tipos de ecosistemas.

Adaptacións dos seres vivos e tipos de adaptacións.

Relacións alimentarias nos ecosistemas. Seres produtores, consumidores e descompoñedores.

Outras relacións nos ecosistemas: agrupacións e sociedades (entre seres da mesma especie) e parasitismo, comensalismo e mutualismo (entre seres de distinta especie).

Os recursos naturais.

Actuacións humanas que alteran os ecosistemas: sobreexplotación, ocupación de espazos naturais e distintos tipos de contaminación.

Efectos das actuacións humanas sobre os ecosistemas: a perda de biodiversidade, a redución dos espazos naturais e o cambio climático.

Accións para protexer a vida no planeta.

## **2º Trimestre**

Idea de materia. Propiedades xerais da materia: masa e volume.

Propiedades específicas da materia. Densidade.

7. Os cristiáns ante os grupos marxinados da nosa sociedade.
8. Os Dereitos Humanos.

### *Procedementos*

9. Análise e reflexión de casos.
10. Interpretación do poema da Creación.
11. Análise de actitudes para extraer mensaxes.
12. Reflexión da mensaxe de Xesús a través das súas actitudes.
13. Análise comparativa da sociedade en tempos de Xesús e da sociedade actual.
14. Reflexión sobre os Dereitos Humanos.

### *Valores*

15. Admiración polo exemplo de Xesús.
16. Respecto pola actitude cristiá ante a dignidade do ser humano e interese por asumila como propia.
17. Respecto polos Dereitos Humanos.

### *Ensinanzas transversais*

18. **Educación moral e cívica:** Interese por medrar como persoa e ser responsable.

## Actividades de aprendizaxe

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Ler unha historia na que a protagonista opta por manter unha actitude de respecto cara a un compañeiro.
- Contestar as preguntas de análise da historia e escribir unha conclusión.
- Ler unha explicación sobre o crecemento persoal e a responsabilidade.



- Anotar os obxectivos persoais e os plans para levalos a cabo.
- Escribir entre todos os obxectivos do curso.
- Ler un caso e analízalo.
- Ler o relato bíblico da Creación e unha explicación sobre as persoas como imaxe de Deus.
- Explicar as súas semellanzas respecto aos seus pais.
- Escribir exemplos de cando as persoas son imaxe de Deus.
- Ler textos bíblicos nos que Xesús se relaciona con nenos, mulleres, samaritanos e enfermos.
- Observar imaxes e ler unha explicación sobre a actitude dos cristiáns ante grupos marxinados do mundo actual.
- Completar unha táboa sobre a marxinación na época de Xesús e na nosa sociedade.
- Describir o trato que ten con diferentes grupos de persoas.
- Ler e comentar os primeiros artigos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Pescudar coa axuda do dicionario o significado da palabra *fraternidade*. Describir o comportamento fraternal entre as persoas.
- Buscar en Internet o documento da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e lelo. Reflexionar sobre un artigo elixido.
- Ler frases que resumen os contidos da unidade, copialas no caderno e aprendelas.

### **Actividades complementarias**

- Previr casos de acoso escolar e desenvolver a reflexión.
- Aprender a ser responsable.
- Desenvolver a capacidade de abrirse á transcendencia e potenciar a capacidade artística.
- Aprender a ser altruísta.

### **Atención á diversidade**

#### *Actividades de ampliación*

- Ler diversos principios da Declaración Universal dos Dereitos do Neno e responder preguntas ao respecto.

### **Actividades de avaliación**

- Dada unha lista de actitudes, subliñar aquelas que reflictan que as persoas son imaxe de Deus.
- Anotar os grupos marxinados da nosa sociedade e as actitudes cristiás que demostran respecto pola dignidade humana.
- Redactar o titular dunha noticia relacionada co tema da unidade.
- Explicar como se sentiría no caso de pertencer a un grupo marxinal.
- Completar e construír frases sobre a actitude cristiá fronte á dignidade do ser humano.
- Relacionar situacións da vida cotiá coa actitude cristiá correspondente.

### **Promoción da lectura**

- Lectura eficaz dun cómic.
- Lectura eficaz de textos bíblicos.

### **Promoción das TIC**

- **Internet:** Consultar o texto da Declaración dos Derechos Humanos do Neno.  
<http://www.slideshare.net/reboreda/os-dereitos-das-nenas-e-dos-nenos-presentation>

## **UNIDADE 2: *As relixións***

### **Competencias básicas**

#### *Comunicación lingüística*

19. Comprender textos de diferentes relixións.
20. Comprender a linguaxe simbólica dos relatos.
21. Comprender e comentar a linguaxe doutrinal.
22. Enriquecer o propio vocabulario sobre as relixións.

### *Social e cívica*

23. Construír unha personalidade propia baseada no respecto e na non-discriminación.

24. Recoñecer a raíz do comportamento.

### *Cultural e artística*

25. Valorar o feito relixioso na súa expresión lingüística, costumes, ritos, festas e modos de vida.

### *Aprender a aprender*

26. Analizar feitos e expresar opinións persoais.

27. Aprender a organizar a información en cadros sinópticos.

28. Traballar en equipo para buscar información sobre as relixións no mundo.

### *Autonomía e iniciativa persoal*

29. Descubrir a súa identidade e formarse desde dentro.

30. Abrirse ao fundamento e ao sentido último da vida.

31. Ter referencia dunha visión do ser humano e do seu sentido último.

## **Obxectivos didácticos**

32. Abrirse á transcendencia.

33. Recoñecer as diferentes actitudes das persoas ante Deus.

34. Recoñecer as principais relixións do mundo e identificar algúns dos elementos comúns.

- Apreciar o respecto da Igrexa católica polas demais relixións.
- Descubrir as diferenzas entre o cristianismo e as outras relixións maioritarias do mundo.

## **Contidos**

### *Conceptos*

35. A actitude ante Deus.

36. Hinduísmo, budismo, xudaísmo, cristianismo e islam.

37. A estrutura da relixión. As mediacións.

38. A relación da Igrexa católica con outras relixións.

39. As diferentes relixións cristiás.

40. O sentido da vida e a salvación no hinduísmo, no budismo e no cristianismo.

#### *Procedementos*

41. Interpretación dunha lenda para extraer a súa mensaxe.

42. Análise e reflexión sobre interrogantes da vida.

43. Interpretación do mapa das principais relixións.

44. Comentario de textos da Igrexa.

45. Busca de información en diferentes fontes.

46. Análise comparativa dos elementos comúns de todas as relixións.

#### *Valores*

47. Respetto polos crentes de relixións diferentes á propia.

48. Interese por coñecer Igrexas cristiás.

49. Participación responsable en traballos de grupo.

#### *Ensinanzas transversais*

50. **Educación moral e cívica:** Respetto cara ás persoas que manteñen unha actitude ante Deus distinta á propia.

51. **Educación para a paz:** Respetto polo feito relixioso.

#### **Actividades de aprendizaxe**

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- ✓ Ler unha lenda hindú sobre o tema de descubrir a Deus, contestar preguntas de comprensión e comentalas.
- ✓ Ler exemplos das diferentes actitudes que teñen as persoas ante Deus.
- ✓ Formular preguntas para interrogarse sobre a súa propia vida ou a existencia de Deus.
- ✓ Explicar unha situación vivida que lle fixo pensar acerca da existencia de Deus.
- ✓ Ler un cadro comparativo sobre os elementos das relixións.
- ✓ Observar o mapa das relixións e escribir o nome das zonas onde as principais relixións son maioritarias.
- ✓ Nomear a relixión máis estendida no mundo e a relixión que predomina en cada continente.
- ✓ Explicar por que o cristianismo está presente en todo o mundo.
- ✓ Ler un texto da Igrexa católica sobre as demais relixións. Responder preguntas de comprensión do texto da Igrexa.

- ✓ Comparar debuxos e ler unha explicación sobre as diferentes Igrexas cristiás.
- ✓ Elixir unha Igrexa cristiá e pescudar as respostas dun guión de preguntas.
- ✓ Ler unha viñeta na que os personaxes de diferentes relixións falan sobre a salvación.
- ✓ Buscar información acerca do hinduísmo, do budismo e do cristianismo, e resumir a información obtida nun cadro comparativo.
- ✓ Ver unha película sobre o tema da unidade e organizar un debate.

### **Actividades complementarias**

- Participar en diálogos e expoñer a información obtida.
- Respectar os crentes e utilizar a entrevista como fonte de información.
- Desenvolver o interese pola información e potenciar a responsabilidade do traballo en equipo.

### **Atención á diversidade**

#### *Actividades de reforzo das competencias básicas*

- Localizar nunha sopa de letras elementos de diversas relixións a partir das súas definicións.
- Completar un texto sobre o budismo.

### **Actividades de avaliación**

#### *Libro do alumno*

- Dados cinco textos de diferentes relixións, identificar a que relixión pertence cada un e sinalar as palabras máis importantes.

#### *Ficha de avaliación fotocopiabile*

- Relacionar as definicións coa actitude ante Deus correspondente.
- Completar unha táboa coas características das relixións.
- Explicar o significado dunha afirmación da Igrexa sobre a convivencia con outras relixións.

### **Promoción da lectura**

- Lectura eficaz de textos do Maxisterio da Igrexa.

- Lectura eficaz de textos sagrados de diversas relixións.

### UNIDADE 3: **O pobo de Israel**

#### **Competencias básicas**

##### *Comunicación lingüística*

- Comprender a linguaxe bíblica de relatos da Historia da Salvación.
- Comprender a linguaxe histórica.

##### *Social e cívica*

- Construír unha personalidade propia baseada na non-discriminación.

##### *Cultural e artística*

- Aprender o significado dalgúns nomes de orixe israelita.
- Comentar o significado da letra dunha canción de contido relixioso.

##### *Aprender a aprender*

- Resumir textos.
- Completar cadros sinópticos.
- Aprender a argumentar.

##### *Autonomía e iniciativa persoal*

- Formarse desde dentro.

#### **Obxectivos didácticos**

- Localizar Canaán, a Terra Prometida, no ámbito do Mediterráneo.
- Coñecer os feitos e personaxes significativos da historia de Israel e a súa relación con Deus.
- Identificar algúns patriarcas, xuíces e reis do pobo de Israel e coñecer trazos destacados da súa intervención na historia de Israel.
- Valorar a importancia da relixión para o pobo de Israel.
- Respetar o pasado histórico persoal e colectivo.

## Contidos

### *Conceptos*

- Canaán, a Terra Prometida por Deus.
- Patriarcas do pobo de Israel: Abraham, Isaac e Xacobe.
- Localización de Canaán no mapa.
- A saída de Exipto.
- A Táboas da Lei e a Arca da Alianza.
- A travesía polo deserto. Moisés na rocha de Horeb.
- A chegada a Canaán e a organización do territorio.
- As doce tribos de Israel.
- Os xuíces.
- A historia de Israel en tempos dos reis Xaúl, David e Salomón.
- A elección de Xaúl.

### *Procedementos*

- Localización de Canaán no mapa.
- Comprensión de textos sobre a historia de Israel.
- Lectura comprensiva de textos bíblicos.
- Ordenación cronolóxica de feitos históricos.
- Interpretación de mapas históricos de Israel.

### *Valores*

- Interese por coñecer relatos dos patriarcas e a súa relación con Deus.
- Respecto pola historia de Israel e pola intervención de Deus nela.
- Interese por coñecer relatos da historia de Israel.
- Respecto pola importancia que ten a relixión no pobo de Israel.

### *Ensinanzas transversais*

- **Educación para a igualdade entre os sexos:** Importancia das mulleres da *Biblia*.

## Actividades de aprendizaxe

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Observar un mapa de Oriente Medio, sinalar Canaán e ler unha explicación sobre a súa situación xeográfica.

- Ler unha explicación sobre a historia de Israel e os seus patriarcas, Abraham, Isaac e Xacobe.
- Dunha lista de frases sobre a historia dos patriarcas, dicir cales son verdadeiras e cales falsas, e corrixir as falsas.
- Ler o texto bíblico de Esaú e Xacobe, e explicar como Esaú perdeu o seu dereito de primoxénito.
- Ler un resumo histórico desde que o pobo de Israel sae de Exipto ata que chega á Terra Prometida.
- Ler o texto bíblico onde Moisés golpea a rocha de Horeb e intervén Deus.
- Contestar preguntas de comprensión do resumo.
- Ler a explicación de como o pobo se instalou en Canaán e observar o mapa das doce tribos.
- Ler o texto bíblico de Sansón e resumilo.
- Copiar o mapa das doce tribos cos símbolos tribais correspondentes.
- Ler os feitos máis destacados da historia de Israel na época de Xaúl, David e Salomón.
- Ler o texto bíblico da elección de Xaúl.
- Ler a letra dunha canción sobre o rei David e descubrir de quen se trata.
- Ordenar cronoloxicamente as imaxes da historia de Israel e explicar o seu contido.
- Completar unha táboa cos feitos máis importantes da historia do pobo de Israel.

### **Actividades complementarias**

- Traballar o valor da estima polo pasado familiar e colectivo.
- Resumir información da historia de Israel.
- Manexar a *Biblia*.
- Divertirse cun xogo didáctico; desenvolver a capacidade artística e repasar contidos.

### **Atención á diversidade**

*Actividades de reforzo das competencias básicas*



- Ler un texto sobre o enfrontamento de David e Goliat, e responder preguntas de comprensión sobre este.

### **Actividades de avaliación**

- Ler frases que resumen os contidos traballados na unidade, copialas no caderno e aprendelas.
- Relacionar os feitos cos personaxes da historia do pobo de Israel.
- Contestar preguntas sobre feitos e personaxes da historia do pobo de Israel.

### **Promoción da lectura**

- Lectura eficaz de textos bíblicos.

## **UNIDADE 4: O pobo de Israel (II)**

### **Competencias básicas**

#### *Comunicación lingüística*

- Comprender a linguaxe bíblica de relatos da Historia da Salvación.
- Comprender a linguaxe histórica.

#### *Social e cívica*

- Construír unha personalidade propia baseada na denuncia das inxustizas, da violencia e do desequilibrio da riqueza mundial.
- Aprender a valorar a actitude valente de mulleres da historia de Israel.

#### *Aprender a aprender*

- Reflexionar sobre a situación do mundo actual.
- Analizar situacións de división nos grupos sociais aos que pertence.
- Resumir e organizar información.
- Traballar en equipo.

#### *Autonomía e iniciativa persoal*

- Construír un xuízo moral propio baseado en principios evanxélicos.

## Obxectivos didácticos

- Coñecer feitos e personaxes significativos da historia de Israel desde a división do reino ata a dominación romana.
- Identificar e valorar a importancia dos profetas e da relixión na historia de Israel.
- Ordenar cronoloxicamente feitos e personaxes da historia do pobo de Israel.

## Contidos

### *Conceptos*

52. A división de Israel: Israel e Xudá.

53. O desterro.

54. A dominación persa, grega e romana.

### *Procedementos*

55. Localización dos dous reinos no mapa.

56. Identificación da figura dos profetas e a súa misión na historia.

57. Análise dos feitos máis importantes da historia de Israel nas dominacións persa, grega e romana.

58. Ordenación cronolóxica de feitos e personaxes importantes do pobo de Israel.

59. Representación da historia de Israel nun eixe cronolóxico.

60. Análise crítica da situación actual de Palestina.

### *Valores*

- Respecto pola importancia que ten a relixión no pobo de Israel.
- Interese por coñecer a historia do pobo de Israel.
- Valoración crítica das consecuencias das divisións.
- Participación responsable en debates.

### *Ensinanzas transversais*

- **Educación para a igualdade entre os sexos:** Importancia das mulleres da *Biblia*.

## Actividades de aprendizaxe

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Ler unha explicación e observar un mapa sobre a división de Israel en dous reinos.

- Anotar as causas e as consecuencias da división do reino de Israel.
- Imaxinar unha división nun ámbito próximo á súa vida, analízalo e chegar a unha conclusión.
- Ler un texto para coñecer a misión dos profetas.
- Ordenar cronoloxicamente feitos da historia do pobo de Israel.
- Ler unha explicación sobre a dominación dos grandes imperios e relacionala coas imaxes que a acompañan.
- Ler un resumo do relato de Xudit.
- Situar feitos da historia de Israel no seu período de dominación correspondente.
- Sinalar a resposta correcta a unhas preguntas sobre a Alianza.
- Resumir un feito da Historia da Salvación e ilustralo.
- Debuxar un eixe cronolóxico da historia de Israel.
- Resumir un feito importante de cada unha das épocas e debuxalo.
- Explicarlles a súa contribución ao eixe aos compañeiros e compañeiras.
- Buscar noticias actuais de Israel.
- Escribir titulares de prensa das anteriores noticias e completar o eixe cronolóxico.

### **Actividades complementarias**

- Desenvolver o gusto por investigar e aprender a traballar en equipo.
- Repasar o aprendido e aprender a divertirse con xogos didácticos.

### **Atención á diversidade**

#### *Actividades de ampliación*

- Situar nun mapa de Israel o territorio correspondente a cada unha das doce tribos.
- Pintar de cor distinta o territorio das tribos de Israel e o das tribos de Xudá.
- Responder preguntas sobre o desterro e os profetas.

### **Actividades de avaliación**

- Explicar diferentes escenas da historia de Israel.
- Completar un texto resumo da historia do pobo de Israel.

- Responder as preguntas relacionadas coa historia do pobo de Israel.
- Elixir a palabra correcta para completar frases sobre a historia de Israel.

### **Promoción da lectura**

- Lectura eficaz de textos bíblicos.

## **VALORACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DA UNIDADE 1 Á 4**

### *Comunicación lingüística*

- Explicar oralmente características das principais relixións do mundo utilizando o vocabulario aprendido.
- Responder cuestións de comprensión e comentario dun texto do xefe indio Seattle sobre a relación das persoas coa Terra e con Deus.
- Buscar o significado de nomes bíblicos.

### *Social e cívica*

- Analizar un caso de discriminación social e propoñer unha solución baseada na paz e na denuncia das inxustizas.

### *Coñecemento e interacción co mundo físico*

- Mostrarse respectuoso co medio natural.

### *Aprender a aprender*

- Argumentar por que hai persoas que pertencen a unha relixión.
- Completar un esquema sobre o islam.
- Expresar a súa opinión sobre un texto do xefe indio Seattle que trata da relación das persoas coa Terra e con Deus.
- Situar nun mapa e ordenar cronoloxicamente feitos da historia do pobo de Israel.

## **UNIDADE 5: *Fiestas cristianas***

### *Competencias básicas*

#### *Comunicación lingüística*

- Comprender a linguaxe argumental e doutrinal.
- Enriquecer o propio vocabulario con termos sobre as festas cristiás.

- Comprender a linguaxe simbólica na arte.

#### *Social e cívica*

- Desenvolver valores de respecto, caridade e solidariedade.

#### *Cultural e artística*

61. Valorar o feito relixioso na súa expresión vivencial de ritos, festas, costumes e modos de vida cristiáns.
62. Coñecer e valorar a expresión artística do feito relixioso.

#### *Aprender a aprender*

63. Investigar a orixe e o significado dun vocabulario dado.
64. Establecer relacións entre contidos conceptuais.
65. Traballar en equipo para buscar información e comentar o resultado dunha enquisa.
66. Sintetizar a opinión.
67. Reflexionar sobre o significado do Nadal.

#### *Autonomía e iniciativa persoal*

68. Aprender a planificar o tempo persoal e a definir proxectos de vida.

#### *Obxectivos didácticos*

- Recoñecer o domingo como festa cristiá e o sentido que ten para os cristiáns.
- Sentirse convidado a vivir os valores cristiáns do domingo.
- Identificar as principais festas e os tempos do ano litúrxico.
- Coñecer o sentido e o significado das festas cristiás.
- Valorar e respectar a importancia dos tempos de preparación e as festas cristiás.
- Descubrir as cores da liturxia.
- Analizar e reflexionar acerca da mensaxe do Nadal.

#### *Contidos*

##### *Conceptos*

- O domingo, Día do Señor.
- O ano litúrxico.
- Advento e Coresma.

- Sentido e significado dos tempos de preparación e as festas.
- A cor da casula.
- Festas do tempo de Nadal.
- As festas da Inmaculada Concepción, o Nadal, Semana Santa e Pascua.

#### *Procedementos*

- Planificación das actividades propias do domingo.
- Comentario do *Gloria*.
- Identificación das festas e os tempos do ano litúrxico.
- Relación da cor da casula co tempo litúrxico.
- Elaboración dun cartel sobre as festas cristiás.
- Identificación do tema dunha pintura co contido da festa cristiá correspondente.
- Busca de información sobre as festas.
- Interpretación do resultado dunha enquisa sobre o Nadal.

#### *Valores*

- Respetto polo carácter sagrado do domingo.
- Interese por vivir o domingo desde os valores cristiáns.
- Interese e respecto por coñecer as festas cristiás.
- Participación responsable nos traballos de equipo.
- Interese pola simboloxía da liturxia.

#### *Ensinanzas transversais*

- **Educación do consumidor:** Aprecio por vivir con valores non-consumistas.
- **Educación para a paz:** Interese por vivir a mensaxe do Nadal.

#### **Actividades de aprendizaxe**

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Ler unha explicación sobre as actividades que levan a cabo os cristiáns os domingos. Completar unha frase que o resume.
- Anotar as actividades que realiza un día laborable e as que leva a cabo en domingo. Planificar un domingo a partir dalgunhas propostas.
- Copiar o *Gloria*, responder preguntas de comprensión e comentalo.

- Investigar a orixe da palabra *domingo*.
- Observar un calendario litúrxico, ler o nome das festas e dos tempos, e relacionalo coas imaxes correspondentes.
- Ler unha explicación sobre o significado do Advento e da Coresma e observar elementos simbólicos destas festas. Dada unha lista de frases, escribir se se refiren ao Advento ou á Coresma.
- Buscar o significado da palabra *absterse* e nomear actividades alternativas á vida consumista.
- Ler o significado de *fiesta* e observar fotografías que o representan. Elaborar un cartel informativo sobre estas festas.
- Observar reproducións de obras de arte e completar unha táboa na que se relacionan co sentido das festas.
- Elixir unha festa e investigar en que data se celebra e por que motivo, e completar unha ficha.
- Observar o debuxo da casula en diferentes festas e tempos. Completar frases que resumen a información sobre a relación da festa coa cor da casula.
- Buscar o día en que se celebran algunhas festas no presente ano.
- Debuxar a casula do sacerdote no tempo litúrxico correspondente ao momento. Descubrir as festas en que o sacerdote se viste coa casula azul.
- Analizar o resultado dunha enquisa sobre o Nadal e reflexionar sobre iso.
- Trazar un plan para vivir a mensaxe da Nadal.

### **Actividades complementarias**

- Utilizar novas tecnoloxías para obter información.
- Representar información nun mural e traballar en equipo.
- Tomar decisións e aprender a vivir valores cristiáns e humanos

### **Atención á diversidade**

#### *Actividades de reforzo das competencias básicas*

- Completar un texto sobre as festas cristiás.
- Debuxar o calendario do ano litúrxico e situar nel os principais tempos.

## Actividades de avaliación

### *Libro do alumno*

- Ordenar cronoloxicamente as festas e os tempos litúrxicos.
- Relacionar festas, datas e acontecementos que se celebran.
- Explicar o sentido do Nadal.

### *Ficha de avaliación fotocopiabile*

- Explicar que se celebra nas principais festas relixiosas.
- Rodear as palabras correctas para completar frases.

## Promoción da lectura

- Lectura eficaz de textos expositivos.

## Promoción das TIC

- **Internet:** Buscar información sobre a relación do domingo co Sol.  
<http://etimologia.dechile.net/?dias-de-la-semana>

## UNIDADE 6: Xesús, Deus e home

### Competencias básicas

#### *Comunicación lingüística*

- Comprender a linguaxe bíblico-simbólica.
- Ampliar o vocabulario relacionado co país de Xesús.

#### *Social e cívica*

- Ilusionarse por proxectos de vida altruísta e desinteresada.
- Construír unha personalidade propia baseada no respecto, na solidariedade e na denuncia das inxustizas.

#### *Cultural e artística*

- Valorar o feito relixioso na súa expresión artística e modo de vida.

#### *Aprender a aprender*

- Traballar en equipo para realizar unha enquisa e un xogo de mesa.
- Sintetizar a opinión.



- Elaborar conclusións.

#### *Autonomía e iniciativa persoal*

- Formarse desde dentro.
- Construír un xuízo moral baseado en valores evanxélicos.

#### **Obxectivos didácticos**

- Coñecer a vida política, social e relixiosa de Palestina en tempos de Xesús.
- Descubrir a vida do Templo na época de Xesús e ampliar o vocabulario de carácter relixioso.
- Identificar a humanidade e a divindade Xesucristo.
- Recoñecer a Xesús como un home exemplar.
- Elaborar unha enquisa para obter unha conclusión.

#### **Contidos**

##### *Conceptos*

- O país de Xesucristo: xeografía, política, sociedade e relixión.
- Xesucristo, verdadeiro Deus e home.
- O Templo de Xerusalén.

##### *Procedementos*

- Identificación dos trazos que definen o país de Xesucristo.
- Comparación da sociedade da época de Xesucristo coa actual.
- Lectura e comentario de textos bíblicos sobre Xesucristo.
- Elaboración dunha enquisa sobre temas relixiosos.
- Descrición do Templo de Xerusalén.

##### *Valores*

- Respecto pola figura de Xesucristo como Deus e home.
- Interese por coñecer o país onde viviu Xesucristo.
- Participación nos traballos de equipo.

## **Actividades de aprendizaxe**

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Observar un mapa de Palestina e ler unha explicación sobre a xeografía, a política, a sociedade e a relixión.
- Debuxar o mapa de Palestina e explicar como era en tempos de Xesucristo.
- Comparar a sociedade da época de Xesucristo e a actual.
- Ler textos bíblicos sobre a humanidade de Xesús e comentar o seu contido.
- Escribir frases sobre Xesucristo, verdadeiro home.
- Ler textos bíblicos sobre a divindade de Xesucristo.
- Explicar por que se recoñece en Xesucristo o Fillo de Deus.
- Buscar a cita da resurrección de Lázaro e sinalar en que demostra Xesús ser home e Deus.
- Elaborar unha enquisa sobre o que a poboación sabe sobre Xesucristo e sacar unha conclusión.
- Elaborar un xogo de cartas sobre o xogo do Templo de Xerusalén.
- Realizar un dicionario.

## **Actividades complementarias**

- Fomentar a sociabilidade do grupo clase.
- Traballar o vocabulario sobre a política, a sociedade e a relixión na época de Xesús e divertirse cun xogo.
- Manexar a *Biblia* e confeccionar un mural.

## **Atención á diversidade**

### *Actividades de ampliación*

- Investigar sobre Cixordania e responder preguntas dadas.

### *Actividades de avaliación*

#### *Libro do alumno*

- Resolver un encrucillado.
- Elaborar un esquema da sociedade en tempos de Xesucristo.

### *Ficha de avaliación fotocopiabile*

- Corrixir as frases erróneas.
- Completar un texto coas palabras axeitadas.
- Explicar o significado dunha frase sobre a divindade e a humanidade de Xesús.

### **Promoción da lectura**

- Lectura eficaz de textos bíblicos.

## **UNIDADE 7: Xesús, o Salvador**

### **Competencias básicas**

#### *Comunicación lingüística*

- Comprender a mensaxe dun conto con carácter simbólico.
- Analizar a linguaxe simbólica das parábolas.
- Comprender a linguaxe testemuñal.

#### *Social e cívica*

- Ilusionarse por proxectos de vida altruísta e desinteresada.
- Construír unha personalidade propia baseada na doazón dun mesmo e na entrega aos demais.
- Valorar o testemuño de homes e mulleres entregados aos demais.

#### *Cultural e artística*

- Valorar o feito relixioso nos seus valores e modo de vida cristián.

#### *Aprender a aprender*

- Buscar información e resumila.
- Traballar en equipo para buscar información e expoñela de forma gráfica.

#### *Autonomía e iniciativa persoal*

- Reflexionar sobre a situación e os conflitos sociais do seu contorno inmediato.
- Aprender a propoñer solucións aos conflitos.

### *Obxectivos didácticos*

- Valorar as actitudes humanas de entrega e amor aos demais.
- Recoñecer a salvación de Deus a través de Xesucristo.
- Descubrir, a partir das parábolas, a mensaxe de Xesucristo.
- Valorar e admirar as actitudes dos cristiáns que anuncian a salvación.

### **Contidos**

#### *Conceptos*

- A entrega aos demais.
- Xesús, o Salvador.
- A salvación de Xesucristo é o Amor.
- A parábola do sementador.
- A actitude cristiá de anunciar a salvación.
- Testemuños de Xesús: Nicolás Castellanos.

#### *Procedementos*

- Análise e comentario de relatos sobre a entrega para extraer valores cristiáns.
- Identificación da salvación de Xesucristo na vida cotiá.
- Interpretación de parábolas.
- Busca de información.

#### *Valores*

- Interese por reflexionar sobre a mensaxe de Xesucristo e a salvación.
- Admiración e gratitude cara ás persoas que se dan aos demais.
- Admiración e respecto polos cristiáns que anuncian a Xesucristo o Salvador.

#### *Ensinanzas transversais*

- **Educación moral e cívica:** Participación responsable en traballos de equipo.

### **Actividades de aprendizaxe**

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Ler un conto no que a protagonista arrisca a súa vida polas súas compañeiras.
- Contestar as preguntas relacionadas coa historia lida.

- Explicar algunha experiencia persoal sobre a axuda aos demais e dicir como se sentiu.
- Resumir a vida de personaxes que deron a súa vida polos demais.
- Ler unha explicación sobre a salvación de Xesucristo e as súas palabras sobre o amor.
- Relacionar as palabras de Xesucristo con determinados valores.
- Construír e completar frases sobre a salvación de Xesucristo.
- Debuxar unha cruz e escribir situacións e actitudes que Xesucristo salva.
- Ler a parábola do sementador.
- Completar o cadro relacionando os elementos da parábola co seu significado.
- Inventar un exemplo para explicar a mensaxe da parábola e dramatizalo.
- Ler unha explicación e observar imaxes sobre como os cristiáns se comprometen a levar a salvación.
- Reflexionar sobre a convivencia na clase e anotar as actitudes que necesitan un cambio e as posibles solucións ao problema.
- Ler unha ficha sobre Nicolás Castellanos como testemuña de Xesucristo.
- Dada unha lista de personaxes que son ou foron testemuñas de Xesucristo, buscar información e completar unha ficha como a do modelo.
- Debuxar un planisferio e pegar as fichas onde este personaxes anunciaron a salvación.

### **Actividades complementarias**

- Traballar a expresión corporal e reflexionar sobre a axuda aos demais.
- Representar plasticamente ideas e aprender a traballar en equipo.
- Preparar e realizar unha entrevista.

### **Atención á diversidade**

#### *Actividades de ampliación*

- Ler o texto da parábola do sementador, e responder preguntas de comprensión.

### **Actividades de avaliación**

#### *Libro do alumno*

- Resolver un encrucillado silábico.
- Completar frases que dixo Xesucristo.
- Explicar que significa que Xesucristo é o salvador.

*Ficha de avaliación fotocopiabile*

- Completar un texto coas palabras correspondentes.

**Promoción da lectura**

- Lectura eficaz de textos bíblicos.
- Lectura eficaz de textos narrativos.

**VALORACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DA UNIDADE 5 Á 7**

*Comunicación lingüística*

- Sinalar a idea principal dun texto bíblico.
- Relatar oralmente algunha parábola de Xesús e explicar o seu significado simbólico.

*Social e cívica*

- Explicar con exemplos as actitudes baseadas no amor cristián.
- Completar un texto sobre o himno ao amor cristián.
- Analizar un caso de conflito social actual e sinalar a solución baseada en valores evanxélicos.

*Cultural e artística*

- Relacionar varias pinturas relixiosas coas citas bíblicas correspondentes e sinalar os símbolos que aparecen.
- Comentar a mensaxe dun canto propio da Semana Santa.
- Aprender a aprender
- Expoñer unha breve explicación sobre a importancia do Templo para os xudeus, axudándose do mural.
- Localizar citas bíblicas.
- Completar un esquema sobre o contido dunha cita.

*Autonomía e iniciativa persoal*

- Reflexionar sobre a propia actitude durante a preparación e a dramatización da obra de teatro de fin do trimestre.

## **UNIDADE 8: Homes e mulleres novos**

### *Competencias básicas*

#### *Comunicación lingüística*

- Comentar textos bíblicos e extraer a súa mensaxe.
- Comprender a linguaxe doutrinal.

#### *Social e cívica*

- Desenvolver o valor da paciencia, a bondade, a alegría, a caridade e a paz.
- Admirar e valorar o testemuño de homes e mulleres bos.
- Aprender a mostrar iniciativa polo ben e a verdade.

#### *Cultural e artística*

- Valorar o feito relixioso na súa expresión musical e comentar a letra dunha canción.
- Comprender valores do feito relixioso na súa expresión teolóxica e vivencial.

#### *Aprender a aprender*

- Traballar en equipo para elaborar un mural.
- Traballar en equipo para elaborar un anuncio publicitario e un mural sobre o amor.
- Participar nunha representación teatral

#### *Autonomía e iniciativa persoal*

- Formarse desde dentro e liberarse de atrancos que impiden vivir libremente e feliz.
- Reflexionar sobre a propia actitude e desexar melloralala.

### **Obxectivos didácticos**

69. Identificar as actitudes que se poden cambiar para mellorar como persoa.

- 70. Coñecer a Xesús como modelo de persoa nova segundo o Espírito Santo.
- 71. Descubrir a acción do Espírito Santo nas persoas.
- 72. Valorar a importancia da Pascua para os cristiáns.

## Contidos

### *Conceptos*

- O cambio de actitude para mellorar como persoa.
- Xesús, modelo de persoa.
- Pentecoste: o Espírito Santo descende sobre os apóstolos.
- 2000 anos despois, o Espírito Santo segue actuando.
- A Pascua, orixe e fonte da vida nova.
- O amor cristián, expresión da vida nova.

### *Procedementos*

- Descrición de situacións cotiás para extraer delas a mensaxe cristiá.
- Análise e comentario de textos bíblicos.
- Elaboración dun mural.

### *Valores*

- Recoñecemento da acción do Espírito Santo nos homes e mulleres de hoxe.
- Análise crítica das propias actitudes.

### *Ensinanzas transversais*

- **Educación para a paz:** Valoración do amor cristián como pauta de conduta.

## Actividades de aprendizaxe

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Enumerar actitudes propias do home vello e as que caracterizan o home novo. Simbolizar nun debuxo os trazos do home novo.
- Buscar no dicionario o significado da palabra *ídolo* e nomear algúns ídolos da nosa sociedade.
- Buscar citas dos Evanxeos e identificar nelas as actitudes de Xesús que o caracterizan como home novo. Completar unha táboa co resumo das citas e cun



debuxo representativo de cada unha. Expoñerlles aos compañeiros o traballo realizado.

- Completar un texto no caderno.
- Identificar os froitos do Espírito Santo a partir dun debuxo e dun texto.
- Relacionar testemuños de persoas actuais cos froitos do Espírito Santo. Xustificar a resposta.
- Inventar unha mensaxe publicitaria sobre a vida nova que propoñen os cristiáns.
- Ler en grupo un texto do Novo Testamento e descubrir nel os trazos do amor cristián. Completar un cadro comparativo co que é e o que non é o amor cristián.
- Realizar un debuxo alegórico sobre o amor. Escribir no seu interior como se define o amor cristián.
- Buscar fotografías que representen actitudes de amor cristián e pegalas ao redor do debuxo.

73. Inventar unha música *rapeira* e cantar con ela o *Himno ao amor cristián* (1 Cor 13, 1-8).

### **Actividades complementarias**

- Escenificar actitudes positivas.
- Analizar as características do novo estilo de vida que propón Xesús.
- Empregar símbolos para representar o Espírito Santo.
- Relacionar as actitudes do home novo cos dons do Espírito Santo.
- Reflexionar sobre os traballos en equipo.

### **Atención á diversidade**

#### *Actividades de ampliación*

- Ler un texto sobre os elementos que simbolizan o Espírito Santo.
- Buscar información e explicar que simbolizan diversos elementos.

### **Actividades de avaliación**

**A)** Analizar escenas cotiás e sinalar cales delas amosan persoas que viven segundo o amor cristián. Xustificar a resposta.

**B)** Buscar nunha sopa de letras as seis características do amor cristián.

*Ficha de avaliación fotocopiabile*

**C)** Responder preguntas sobre as características do home novo e a acción do Espírito Santo.

**D)** Ler un texto bíblico e responder unha serie de preguntas.

**E)** Enumerar as actitudes de Xesucristo que o identifican como home novo.

**F)** Poñer exemplos concretos de testemuños dos froitos do Espírito Santo sobre as persoas.

### **Promoción da lectura**

- Lectura eficaz de textos poéticos.
- Lectura eficaz de textos bíblicos.
- Lectura eficaz de textos narrativos.

## **UNIDADE 9: A Igrexa galega**

### *Competencias básicas*

#### *Comunicación lingüística*

- Comprender a linguaxe testemuñal e a linguaxe argumental da misión da Igrexa.
- Utilizar as novas tecnoloxías para a busca de información.

#### *Social e cívica*

- Ilusionarse por proxectos de vida altruísta e desinteresada
- Construír unha personalidade propia baseada na caridade, na solidariedade, na doazón dun mesmo e na entrega aos pobres.
- Desenvolver o valor da fraternidade universal e a iniciativa persoal polo ben e pola verdade.

#### *Cultural e artística*

- Asumir valores do feito relixioso teolóxica e vivencialmente.

#### *Aprender a aprender*

- Traballar en equipo para elaborar un cartel e para buscar información sobre a Igrexa.

- Aprender a ver programas de radio e televisión con fins educativos.

Autonomía e iniciativa persoal

- Construír un xuízo moral sobre valores evanxélicos.

### **Obxectivos didácticos**

- Descubrir diferentes formas de anunciar o Evanxeo.
- Reflexionar sobre o labor da Igrexa no mundo.
- Coñecer a organización da Igrexa en Galicia.
- Coñecer as accións que levan a cabo algunhas organizacións de voluntariado que existen na Igrexa.
- Recoñecer os voluntarios e voluntarias cristiáns como testemuñas de Xesucristo.
- Coñecer a organización da Igrexa.
- Valorar e admirar o traballo dos voluntarios cristiáns.
- Coñecer o calendario das principais celebracións cristiás de Galicia.

### **Contidos**

#### *Conceptos*

- As dioceses galegas.
- As parroquias.
- Movimentos e asociacións cristiáns en Galicia.
- A acción social da Igrexa: Cáritas.
- Recursos para a evanxelización: os medios de comunicación.
- Calendario das principais festas cristiás en Galicia.
- Costumes e tradicións das celebracións cristiás galegas.

#### *Procedementos*

- Elaboración dun mapa de Galicia coa división en dioceses.
- Análise do significado dunhas palabras referidas á organización da Igrexa.
- Elaboración dunha táboa cos principais contidos do apartado.
- Busca de información sobre movementos e asociacións cristiáns da propia localidade.

## *Valores*

- Interese por coñecer as accións da propia parroquia.
- Recoñecemento da importancia do labor que desenvolve Cáritas.
- Interese por coñecer as tradicións das festas cristiás en Galicia e que conmemoran.

## **Actividades de aprendizaxe**

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Ler o texto e observar un mapa para coñecer a organización da Igrexa en Galicia.
- Debuxar un mapa de Galicia coa división en dioceses.
- Buscar no dicionario o significado duna serie de palabras.
- Explicar a importancia da acción da propia parroquia.
- Investigar e responder unhas preguntas sobre a propia diocese e as actividades da parroquia.
- Ler o texto para coñecer os movementos e asociacións, así como os medios de comunicación cristiás, en Galicia.
- Ler a descrición das accións que leva a cabo Cáritas, subliñar as ideas máis importantes e comentalas na clase.
- Completar unha táboa cos principios contidos do apartado.
- Investigar sobre os movementos ou asociacións da propia localidade e as súas accións principais.
- Ler o texto para coñecer as principais celebracións cristiás de Galicia.
- Ampliar a información coas festas das localidades próximas.

## **Actividades complementarias**

- Expresar plasticamente diferentes accións que leva a cabo a Igrexa no mundo.
- Descubrir as características que debe reunir un voluntario cristián.
- Utilizar diferentes recursos para tomar conciencia da acción das organizacións humanitarias de inspiración cristiá.
- Utilizar medios de comunicación para transmitir información.

## **Atención á diversidade**

### *Actividades de ampliación*

- Explicar que significan las siglas ONG.
- Dicir que obxectivos persegue unha ONG.
- Elixir unha ONG dunha serie dada e investigar sobre ela en Internet.
- Completar unha ficha cos seus datos máis relevantes.

### **Actividades de avaliación**

- Completar un de esquema cos contidos da unidade.
- Completar frases sobre a misión da Igrexa no mundo de hoxe.
- Definir o labor dos voluntarios cristiáns.
- Enumerar as accións que promove Cáritas e explicar en que consisten.
- Identificar a provincia eclesiástica, a diocese e o bispo da propia localidade.

### **Promoción da lectura**

- Lectura eficaz de textos expositivos.

### **Promoción das TIC**

- **Internet:** Investigar sobre as actividades que leva a cabo Cáritas.  
<http://www.caritas.es>
- **Internet:** Comparar a organización territorial eclesiástica coa civil.  
<http://www.conferenciaepiscopal.es/diocesis>

### **Extratexias didácticas**

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

- Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.
- Progresiva e coidada incorporación de contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas, que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación de aprendizaxes, e conectan coas competencias básicas identificadas.
- Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas: de aplicación, de razoamento, de traballo de competencias básicas e de intelixencias múltiples, en proxectos, en

grupos cooperativos, en actividades interactivas, de reforzo, de ampliación...  
secuenciadas por niveis de dificultade que facilitan o traballo das competencias  
básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.

- Recursos dixitais de diferente índole, utilizando tanto o encerado dixital como o  
ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de  
aprendizaxe, actividades interactivas e unha coidada selección de ligazóns a  
Internet.

O obxectivo é axudar aos alumnos a desenvolver a súa interioridade mediante tres  
procesos: observo, reflexiono e actúo. De maneira que da análise e da reflexión se  
chegue ao compromiso así mesmo o longo da unidade vamos a ter presente as  
actividades para traballar e avaliar as *CB e intelixencias múltiples*. Trátase de  
actividades contextualizadas, referidas a situacións reais e cotiás para o alumno, nas  
que debe poñer en marcha e aplicar o que sabe, e nas que se teñen en conta as  
distintas capacidades e estilos de aprendizaxe (coa lectura, o razoamento, o  
movemento, a dramatización, a representación plástica...). á actuación

## **UNIDADE 10: Arte**

### **Competencias básicas**

#### *Comunicación lingüística*

- Enriquecer o vocabulario con termos sobre arte relixiosa.
- Descubrir a linguaxe simbólica de obras de arte.

#### *Cultural e artística*

- Valorar o feito relixioso na súa expresión artística: pintura, escultura e arquitectura.

#### *Aprender a aprender*

- Completar fichas de observación sistemática de obras de arte.

### **Obxectivos didácticos**

- Aprender a observar e a describir obras de arte cristiá: pintura, escultura e arquitectura.
- Identificar elementos de escultura e arquitectura.

- Identificar o tema das obras de arte cristiá.
- Traballar a simboloxía na arte cristiá.
- Valorar e admirar as diferentes manifestacións artísticas relixiosas.

## **Contidos**

### *Conceptos*

- Frescos.
- Óleos sobre táboa.
- Pía bautismal. Partes da pía.
- Igrexa románica. Elementos característicos.
- Catedral gótica. Elementos característicos.

### *Procedementos*

- Observación sistemática de pinturas.
- Interpretación de simboloxía relixiosa.
- Observación sistemática de esculturas.
- Observación sistemática de arquitectura.

### *Valores*

- Admiración e respecto polas esculturas de contido relixioso.
- Admiración e respecto pola pintura de contido relixioso.
- Admiración e respecto polas obras arquitectónicas relixiosas.

### *Ensinanzas transversais*

- **Educación moral e cívica:** Respetto polas obras de arte como patrimonio colectivo.

## **Actividades de aprendizaxe**

Deseguido detallamos as actividades que se van propoñendo ao longo da unidade:

- Observar un fresco sobre a Anunciación e ler unha explicación sobre a simboloxía das cores, das posturas das figuras e dos elementos que aparecen.
- Observar un óleo sobre táboa de Urbano Lugrís, e ler unha explicación sobre a simboloxía de cores, figuras e elementos que aparecen.

- Completar a ficha de observación correspondente a cada pintura.
- Observar un retablo da catedral de Santiago de Compostela e completar unha ficha de observación.
- Observar unha pía bautismal, ler unha explicación sobre as partes que a forman e completar a ficha de observación.
- Observar o interior e o exterior dunha igrexa románica e ler a explicación dos seus elementos arquitectónicos.
- Observar o interior e o exterior dunha catedral gótica e ler a explicación dos seus elementos arquitectónicos.
- Completar as fichas comparativas de ambos os estilos arquitectónicos.

### **Actividades complementarias**

- Observar e describir obras de arte, traballar en equipo.
- Desenvolver a capacidade artística e a simboloxía relixiosa.
- Iniciarse no coñecemento do vocabulario específico da arte.
- Identificar e recoñecer os diferentes termos da pintura, da escultura e da arquitectura.

### **Atención á diversidade**

#### *Actividades de reforzo das competencias básicas*

- Escribir os nomes das partes dunha pía bautismal e decorar a copa.

### **Actividades de avaliación**

- Unir cunha frecha cada concepto artístico co termo correspondente.
- Recortar e xuntar a reprodución dunha pintura relixiosa e contestar preguntas sobre o seu contido artístico e relixioso.

### **Promoción da lectura**

Lectura eficaz de textos expositivos.

## **VALORACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DA UNIDADE 8 Á 10**

### *Comunicación lingüística*



- Localizar de entre varios titulares de prensa aqueles que se refiren á misión da Igrexa.

#### *Social e cívica*

- Falar de si mesmo e do seu proxecto persoal.
- Organizar unha feira solidaria como proxecto de fin de curso.

#### *Cultural e artística*

- Relacionar pinturas con citas bíblicas.
- Confeccionar un cartel que reflecta algúns exemplos da achega cristiá á nosa cultura.

#### *Coñecemento e interacción co mundo físico*

- Explicar que elementos da natureza adquiren significado simbólico e sacramental.

#### *Aprender a aprender*

- Preparar e realizar unha entrevista para conseguir un testemuño de vida cristiá.
- Completar un mapa conceptual sobre a Igrexa.
- Resumir información sobre os Sacramentos.

#### *Autonomía e iniciativa persoal*

- Contestar preguntas sobre o sentido da vida.
- Comentar un caso de conflito social na aula e dar ideas baseadas en valores evanxélicos para resolvelo.

## **5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA REPARTIDA POR ÁREAS**

**Áreas de Coñecemento do Medio, Plástica, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas e Educación para a Cidadanía.**

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir da secuencia:

- Motivación inicial e evocación de coñecementos previos.
- Progresiva e coidada incorporación de contidos mediante exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas, que permiten a transferencia, a xeneralización e a ampliación de aprendizaxes, e conectan coas competencias básicas identificadas.
- Aplicación das aprendizaxes en actividades diversas: de aplicación, de razoamento, de traballo de competencias básicas e de intelixencias múltiples, en proxectos, en grupos cooperativos, en actividades interactivas, de reforzo, de ampliación... secuenciadas por niveis de dificultade que facilitan o traballo das competencias básicas e os diferentes estilos cognitivos dos alumnos.
- Recursos dixitais de diferente índole, utilizando tanto o encerado dixital como o ordenador. Estes recursos inclúen actividades integradas na secuencia de aprendizaxe, actividades interactivas e unha coidada selección de ligazóns a Internet.

O obxectivo é axudar aos alumnos a desenvolver a súa interioridade mediante tres procesos: observo, reflexiono e actúo. De maneira que da análise e da reflexión se chegue ao compromiso así mesmo o longo da unidade vamos a ter presente as actividades para traballar e avaliar as *CB e intelixencias múltiples*. Trátase de actividades contextualizadas, referidas a situacións reais e cotiás para o alumno, nas que debe poñer en marcha e aplicar o que sabe, e nas que se teñen en conta as distintas capacidades e estilos de aprendizaxe (coa lectura, o razoamento, o movemento, a dramatización, a representación plástica...). á actuación

## **Área de Educación Física**

Farase uso dunha metodoloxía individualizada, inclusiva, activa e participativa para que se responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe, e se respecte as dificultades que cada alumno/a poida atopar.

Pretendemos que os nenos e nenas exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento, xunto a unha valoración das mesmas, prestando especial atención aos coñecementos previos que teñen os/as alumnos/as, e as súas diferencias específicas e distintos ritmos, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. Todo isto sen esquecer a diversidade do grupo-clase, atendendo as súas necesidades en todo momento.

Non hai que conseguir unha resposta motriz única e válida para tódolos/as alumnos/as, senón mellorar a súa competencia motriz con respecto ao punto de partida.

O/A neno/a a través do xogo de ocupación do espacio e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organizar o movemento. Máis adiante combina aspectos de espacio e tempo en estruturas máis complexas.

Trataremos de desenrolar nos/as alumnos/as capacidades motrices e habilidades e destrezas básicas para futuras prácticas da actividade física.

Establécense situacións nas que se deben dar unas respostas motrices, coma a realización de diferentes tipos de xogos, cunha dificultade gradual.

As situacións de ensino- aprendizaxe contemplan contidos propios da expresión corporal, que nestas idades danse moi relacionadas cos contidos e habilidades perceptivas e esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensino- aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación.

Dentro da área de Educación Física temos contidos referentes á saúde corporal e incluímos procedementos e actitudes considerados beneficiosos para o coidado que require o corpo. Tamén se terán en conta os contidos transversais no momento axeitado durante tódalas sesións.

Desenrolaremos xogos de todo tipo: de cooperación, cooperación/ oposición, de destreza e adaptación, de habilidades deportivas, tradicionais e autóctonos, de simulación, no campo.

Para levar a cabo todo este traballo, farase uso de agrupacións: individual, por parellas, pequeno grupo, grupo clase; usaranse estratexias globais e analíticas, técnicas de indagación e instrucción directa co seu correspondente estilo de ensinanza (mando directo, asignación de tarefas, ensinanza recíproca, descubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración do medio).

## Área de Lingua Inglesa

En xeral, pódese dicir que o enfoque **comunicativo** debe prevalecer no tratamento da Lingua Estranxeira, e polo tanto os elementos curriculares deben estar definidos nas bases dos procesos comunicativos aos que están dirixidos, adaptándoos no caso da Educación Primaria, ás características e necesidades dos alumnos/as.

Con isto en mente, e integrando todos estes aspectos, o currículo está estruturado arredor das actividades lingüísticas descritas no Marco Europeo: **comprensión e produción** (expresión e interacción) **de textos orais e escritos**.

A linguaxe demanda unha metodoloxía enfocada aos alumnos/as, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que teñen que asumir no proceso de aprendizaxe; consecuentemente, a metodoloxía ideal consistirá nun conxunto de prácticas de ensino, aprendizaxe e valoración que axuden ao estudante a adquirir, dun lado, as diferentes competencias envolvidas no proceso comunicativo, e, doutro lado, desenvolver a habilidade de unir as competencias e poñelas en práctica, para producir e procesar textos orais e escritos adaptados a contexto relevantes.

Para adquirir competencia lingüística na lingua estranxeira é esencial desenvolver as **habilidades de lectura e escritura**.

Hai que poñer especial énfase en explotar os **recursos dixitais**, entendidos como ferramentas esenciais para iniciar aos alumnos/as na adquisición gradual de mecanismos de aprendizaxe autónoma, sempre adaptada á súa idade e particularidades.

Así pois, os alumnos/as:

- ⇒ desenvolven a competencia intercultural aprendendo cousas da cultura británica e a doutros países de fala inglesa.
- ⇒ desenvolven estratexias persoais efectivas de aprendizaxe para ser estudantes responsables, autónomos e automotivados.
- ⇒ desenvolven destrezas do pensamento como predicir, secuenciar, clasificar, categorizar, explicar e xustificar, nunha variedade de contextos interesantes.

- ⇒ usan CLIL para descubrir cousas do mundo, desenvolver destrezas cognitivas e conceptuais, e levan a cabo investigacións independentes e buscas *online* e *offline*.
- ⇒ pronuncian o inglés de forma natural e intelixible.
- ⇒ están moi motivados e gozan do reto de aprender inglés.
- ⇒ comunícanse e expresan a súa opinión persoal con seguridade.
- ⇒ desenvolven as sete Competencias clave sistematicamente.
- ⇒ utilizan as novas tecnoloxías e recursos multimedia para estudar, investigar, consolidar e ampliar a súa aprendizaxe.
- ⇒ entenden e utilizan a gramática correcta e apropiadamente.
- ⇒ desenvolven as destrezas de *listening*, *speaking*, *reading* e *writing* de forma integral e equilibrada.
- ⇒ aprenden a través de distintos tipos de contos e textos de lectura, e de actividades tan amenas como concursos, obras de teatro, xogos e vídeos de nenos británicos e doutros países de fala inglesa.
- ⇒ planifican, preparan, escriben e presentan un divertido traballo en cada unidade.
- ⇒ desenvolven destrezas sociais e cidadás como a colaboración, o traballo en equipo, a tolerancia, o respecto, o entendemento mutuo e un sentido de responsabilidade social e ambiental.

## Área de Música

Todas as estratexias metodolóxicas empregadas pretenden que o alumno/a aprenda explorando e descubrindo. Para iso, é necesario partir do nivel de desenvolvemento do alumnado, é dicir, prestar especial atención aos coñecementos previos, para construír a partir de ahí outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento. Isto tradúcese nunha atención individualizada que responda aos diferentes ritmos de aprendizaxe, pero sen esquecermos de traballar colectivamente. Polo tanto, o docente perde protagonismo como única fonte de saber e pasa a ter un papel de colaboración e axuda no descubrimento e na aprendizaxe dos coñecementos que levan a

termo os alumnos/as. A perda de protagonismo do docente refléctese nunha maior atención á diversidade e nunha maior colaboración e compañeirismo entre o alumnado.

Outro aspecto remarcable é que o uso de recursos tecnolóxicos estimulan a autoaprendizaxe de maneira divertida. Ademais a inmediatez na resposta das ferramentas informáticas potencia a autocorrección daquelo que se está facendo mal, favorecendo a experimentación e posterior aprendizaxe.

En xeral, como se pode percibir, empregárase o xogo como base da aprendizaxe, integrando en todo momento aos alumnos/as nas actividades dunha forma activa e participativa, e propiciando a improvisación e a creatividade como medios para desenvolver a autoestima e a seguridade.

## **Área de Relixión**

En canto a metodoloxía teremos presente en todo momento os principios metodolóxicos básicos, como os aprendizaxes significativos e funcionais partindo dos intereses do alumno e tendo coñecemento previo dos coñecementos do alumno. O proceso de ensinanza-aprendizaxe iníciase sempre con unha serie de actividades orais a partir dunha imaxe dunha historia, ou dun feito que aconteceu no propio centro. Se deixará plena liberdade o rapaz para o comentario, explicación.... Preténdese que o rapaz participe activamente, partir da propia experiencia ou dende os coñecementos previos. A través dos traballos en grupo deixaremos que os rapaces unha vez se lles aporte o material necesario investiguen, buscando fontes de información para a realización do traballo.

O que se pretende é partir do interese do alumno, que a aprendizaxe lle resulte significativo. Os agrupamentos serán flexibles dependendo do tipo de actividade a realizar e a aula na que nos atopemos. O desenvolvemento das unidades terán un enfoque integrador, alternándose actividades de diversa natureza (observación, expresión, valoración, creación, investigación) a través da actuación do profesor (motivación,

explicacións, exemplificacións, preguntas, propostas de tarefas, etc.,) e coa participación activa dos alumnos e alumnas. As actividades realizaranse nun contexto lúdico.

Prestarase unha atención individualizada para comprobar os avances e as dificultades así como os ritmos de aprendizaxe para aportar a axuda pedagóxica necesaria. Esta atención individual servirá tamén para suscitar actividades de reforzo e ampliación. Utilizamos o método de ensino colectivo, nos momentos en que o profesor fai a presentación das distintas actividades e á hora de sintetizar a unidade.

O espazo habitual da actividade docente é a aula, podendo utilizarse outros espazos do colexio como a biblioteca, a aula de usos múltiples, a aula de medios audiovisuais e ata o patio do colexio.

Ao longo do proceso estimularase aos alumnos a través do emprego do reforzo positivo, valorando os éxitos de cada neno/pícara.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUIDOS OS LIBROS DE TEXTO**

### **Materiais utilizados polos Mestres/as-titores/as:**

- Libro do alumno
- Cadernos de ortografía
- Fichas de elaboración propia
- Libros de lectura persoais dos alumnos
- Libros da biblioteca
- Dicionarios
- Revistas, xornais, páxinas web, blogs
- CD e DVD
- Ordenador de aula
- Programas educativos interactivos
- Programas informáticos como o Comic Life
- Pizarra dixital
- Fichas, murais, carteis,...

- Material recollido na natureza ( follas, flores, rochas,...)
- Material funxible (papel vexetal, ceras,...)
- Revistas xornais, páxinas web blogs,....
- Fotografías, vídeos
- Programa de ordenador e de pizarra dixital
- Monedas e billetes
- Instrumentos de medida de peso e de volumen
- Instrumentos de medidas de ángulos
- Calculadora
- Gráficos e táboas de datos
- Cinta métrica e metro
- Mapa de estradas
- Regra, escuadra, cartabón, compás e semicírculo
- Cartolinas, tesoiras e rotuladores
- Xogos da aula

## **Materiais utilizados dende a Área de Educación Física**

Os recursos espaciais son os elementos que conforman o propio centro coas súas instalacións e o seu entorno.

Instalacións do centro: varias pistas descubertas que conforman o patio de recreo e unha aula de Educación Física.

Instalacións municipais do entorno: un polideportivo cuberto.

Recursos materiais: educaremos no uso correcto do material disponible, fomentando o seu coidado e correcta distribución e recollida, responsabilizando aos alumnos e alumnas para estas tarefas na medida do posible.

Material fixo: canastas, porterías, espaldeiras.

Material convencional: conos, aros, picas, balóns e pelotas de diferentes tipos, cordas, ladrillos de psicomotricidade, indiakas, discos voadores, bancos suecos, colchonetas, etc.

## **Materiais utilizados dende a Área de Lingua Inglesa**





### **Book**

Libro de 80 páxinas a toda cor, cunha unidade de apertura, sete unidades didácticas, seis festividades (Día de Acción de Grazas en Canadá, Advento e Nadal en Nova Zelandia, *Pancake Day* en Gales e Reino Unido, Carnaval en Xamaica, Día de San Patricio en Irlanda e Día dos Inocentes en Inglaterra) e seis cancións opcionais escritas especificamente para o método, ligadas aos temas das unidades. Cada unidade ten oito leccións cuns claros obxectivos de aprendizaxe e un traballo ao final. Todas inclúen práctica de vocabulario, desenvolvemento das destrezas de lectura, un conto a dobre páxina con preguntas de comprensión, valores, opinión persoal e frases cotiás, dúas páxinas de práctica de gramática contextualizada, actividades de pronunciación e de *speaking*, unha dobre páxina sobre aspectos da cultura británica e a doutro país de fala inglesa, un concurso de preguntas e un diálogo funcional baseado en situacións cotiás, unha páxina de CLIL cun texto e actividades de *speaking* sobre un tema doutra materia relacionado coa unidade, e finalmente, a páxina co traballo, que contén un texto de modelo, un diagrama de planificación e ideas para a presentación oral.



### **Activity Book A (Reforzo)**

Libro de 128 páxinas que traballa en paralelo co *Pupil's Book* para mellorar a lectoescritura, consolidar os vínculos casa-colexio, desenvolver as destrezas de lectura e escritura, e practicar o vocabulario e as estruturas gramaticais presentadas no ***Pupil's Book***. A súa organización reflexa a do ***Pupil's Book*** e inclúe unha lección de repaso e avaliación sobre cada unidade. Ao final do *Activity Book* hai seis *worksheets* de cancións e un suplemento de 48 páxinas a toda cor que contén a lista de verbos, actividades graduadas de gramática e vocabulario e seccións extra de reading, speaking e destrezas de estudio.



### **Progress Journal**

Caderniño de 32 páxinas enfocado en "aprender a aprender" e en fomentar a autonomía dos alumnos. Estes empezan enchendo o seu ***Language Passport*** e ao final de cada unidade fan actividades divididas en sete seccións: ***My learning review***, onde repasan o aprendido, incluíndo o conto e CLIL; ***My vocabulary check***, para repasar o vocabulario clave; ***My grammar check***, onde mostran que entenden e saben usar a

gramática da unidade; ***My learning***, na que identifican as actividades que os axudan a aprender; ***My study skills***, onde reflexionan sobre as súas estratexias de aprendizaxe; ***My progress***, onde se autoavalían e analizan os seus progresos, e ***My learning plan***, onde formulan un plan de acción que os axude a recordar o que aprenderon. Segundo avanza o curso, o *Progress Journal* motívaos ao permitirlles ver os seus progresos e constitúe unha referencia útil para os pais así como un vínculo tanxible casa-colexio.

⇒ ***Pupil's online materials - vocabulario, gramática, cancións e contos con actividades***

Deseñado para apoiar a autonomía e o pracer no estudo do inglés, trátase dun recurso que os alumnos poden utilizar individualmente na casa ou en clase e que reforza o vínculo casa-colexio. Aquí atoparán todo o vocabulario activo, a gramática, os contos e cancións opcionais que aparecen no *Pupil's Book*, xunto con animadas e variadas actividades que lles proporcionan unha práctica extra e consolidan o vocabulario.

⇒ ***Skills Trainer***

Caderniño de 40 páxinas a toda cor, pensado especificamente para desenvolver as habilidades receptivas e produtivas dos alumnos, achegando máis contidos e práctica. O *Skills Trainer* é un compoñente modular independente que o profesor pode usar en calquera momento do curso. Contén seis módulos independentes, cada un organizado ao redor dun tema, que permiten total flexibilidade para atender as necesidades e intereses dos alumnos. Cobre unha ampla variedade de tipos de textos e de situacións realistas. Cada módulo está organizado en despregables cunha páxina para cada unha destas destrezas: vocabulario, *reading*, *listening*, *writing*, *speaking* e o traballo. As páxinas do traballo animan as tarefas de grupo, apoian as habilidades integradas, e proporcionan aos alumnos un resultado de aprendizaxe final tanxible. Este compoñente está acompañado dun Caderniño de 48 páxinas con notas didácticas completas e un CD de audio. O Caderniño tamén contén rúbricas de avaliación cos estándares de aprendizaxe para cada destreza do módulo, para que os profesores poidan avaliar o nivel de logro dos alumnos.

⇒ ***Teacher's Book***

O *Teacher's Book* está encadernado en espiral e contén fotos das páxinas do *Pupil's Book* e do *Activity Book* para poder usalo durante a clase. Contén a Programación, a Introducción ao curso, unha Vista Rápida e un Plan detallado de cada lección cos obxectivos de aprendizaxe, a linguaxe activa, os materiais necesarios, actividades de repaso e as respostas. As transcrisións atópanse ao final da guía.

⇒ **Class CDs**

Catro CDs de clase con todas as gravacións incluídas no *Pupil's Book* e no *Activity Book*, é dicir, vocabulario clave, contos, textos de lectura, actividades de fonética, actividades de *listening*, textos e táboas de gramática, concursos culturais, diálogos do *'Everyday chit-chat'*, modelos de traballos, cancións (incluída a versión karaoke) e audio das festividades.

⇒ **Flashcards**

Un xogo de 86 *flashcards* (tarxetas de imaxes) a toda cor con imaxes do vocabulario clave que supoñen un recurso ideal para presentar e practicar o vocabulario.

⇒ **Word cards**

Un xogo de 86 *word cards* (tarxetas de palabras) que se corresponden coas *flashcards*. Úsanse para presentar a forma escrita das palabras e dar variedade ás actividades de recoñecemento e práctica.

⇒ **Enhanced Digital Course**

Contén presentación de vocabulario, actividades de referencia e de práctica, un contacontos con varias opcións para contar e practicar o conto, táboas interactivas de gramática e vídeos para as seccións de cultura e para os diálogos de *Everyday chit-chat*.

⇒ **Tests and Photocopiable Resource Pack**

Contén os fotocopiáveis para o Multi-ROM cos tests de diagnóstico das competencias clave e a avaliación dos profesores para cada unidade.

⇒ **Rubrics Generator**

Esta manexable ferramenta axúdanos a avaliar os resultados da aprendizaxe e a crear rúbricas de avaliación. As rúbricas de avaliación pódense gravar e imprimir para asegurarnos de que temos criterios claros sobre os obxectivos e os resultados de aprendizaxe.

⇒ ***Classroom Language Companion***

O *Classroom Language Companion* está deseñado para axudarnos a ter en clase un inglés cotián e funcional. Este libro de peto é unha compilación de diálogos, expresións e frases esenciais, organizada por temas para facilitar a consulta. É perfecto para animar os alumnos a desenvolver as destrezas comunicativas e para expoñelos á linguaxe da vida real. É ideal para grupos pequenos, desdobres ou para traballar en colaboración cun profesor axudante.

⇒ **Fotocopias**

Fichas de repaso, de ampliación, de reforzo...

⇒ **Material funxible**

Lápices, ceras, tesoiras, cartulinas...

## **Materiais utilizados dende a Área de Música**

En canto aos recursos, citar a aula de música e todo o equipamento co que conta: instrumentos de percusión determinada e indeterminada, un piano, unha guitarra eléctrica, unha guitarra acústica, un baixo eléctrico, dous amplificadores, unha minicadena, un reproductor de vinilos, un ordenador e unha gran variedade de libros, vinilos e Cd's.

Partindo disto, é necesario que en todo momento se trate de educar no uso correcto dos materiais, fomentando o seu coidado e correcta distribución e recollida, e responsabilizando aos alumnos/as para estas tarefas na medida do posible. Terase moi

en conta á hora da avaliación. Por iso, dende os primeiros días de clase intentaranse afianzar as rutinas necesarias para unha correcta utilización dos materiais da aula.

Por outra banda, o material que se lle esixirá ao alumnado será:

-Unha libreta de pentagramas.

-Unha frauta doce co seu respectivo limpador.

Non se empregará libro de texto neste curso, xa que todos os materiais serán elaborados pola mestra.

## **Materiais utilizados dende a Área de Relixión**

- Diferentes textos
- Biblia
- Contos infantiles.
- Murais
- Prensa.
- Diferentes libros de consulta, de xeografía , arte etc...
- Aula de informática (ordenadores, pizarra dixital...)
- Ordenador de aula (programas informáticos)
- Películas
- DVD
- Material funxible, lápices de cores, ceras, témperas, cartulinas, tixoiras

## **7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## VALORACIÓN INICIAL E VÍAS DE ACTUACIÓN

Co obxecto de nos axustar o máximo posible á realidade dos nosos alumnos, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

### ❖ **Que valorar:**

Rendemento do alumno no ciclo anterior.

Personalidade.

Afeccións e intereses.

Situación económica e cultural da familia, etc.

### ❖ **Como obter a información:**

Informes de titores anteriores.

Cuestionario previo aos alumnos.

Entrevista individual.

Cuestionario aos pais.

Entrevista cos pais.

etc.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos.

Consideramos **adaptacións curriculares** cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender as diferenzas individuais dos nosos alumnos. O equipo ou o profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia que hai que seguir coma as características do alumno ou da alumna que podan axudar ou entorpecer a estratexia: en que agrupamentos traballa mellor, que tempo permanece concentrado, a que reforzos é receptivo, que autoconceito ten etc.

Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que imos encontrar:

### ❖ **Adaptacións curriculares non-significativas.**

## ❖ **Adaptacións curriculares significativas.**

### **ADAPTACIÓN CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS**

Aconséllase o seu uso cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes. As características fundamentais deste tipo de medidas son as seguintes:

- Non precisan dunha organización moi diferente da habitual.
- Non lles afectan aos compoñentes prescritivos do currículo.

Aínda que en cada unha das áreas se aplicarán de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais dos alumnos, quixemos establecer unha serie de pautas ou directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado e que sirvan para unificar as actuacións de cada profesor.

## ❖ **Programación de contidos e actividades.**

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe coma aos diverxentes intereses e motivacións dos alumnos.

### - **Contidos.**

Dentro do conxunto de contidos que lle asignaremos para a súa aprendizaxe por parte dos alumnos a cada área e curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, en primeiro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser aprendidos por todos para alcanzar os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e das necesidades de cada alumno.

### - **Actividades.**

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas; para iso, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa asequibilidade media que caracteriza a información esencial. Por outro

lado, deseñaremos outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

#### ❖ **Metodoloxías diversas.**

O mellor método de ensinanza para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. É dicir, os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

#### ❖ **Material didáctico complementario.**

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

- Consolidar contidos nos que a súa adquisición por parte dos alumnos supón unha maior dificultade.
- Ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área.
- Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.



### ❖ **Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.**

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite o seguinte:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propoñer actividades de reforzo ou ampliación segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Este tipo de adaptacións require unha reflexión sobre dous aspectos:

- As aprendizaxes básicas e imprescindibles para seguir progresando.
- A incorporación dunha avaliación que detecte as necesidades de cada grupo.

## **ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS**

Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, na eliminación ou na inclusión de determinados contidos esenciais e na conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

### • **Destinatarios.**

Estas adaptacións lévanse a cabo para lles ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, contémplanse tanto aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, como os que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que impiden a adquisición de novos contidos e, á vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

### • **Finalidade.**

Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último deberá ser proporcionarlle a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando que esa resposta se aparte o menos posible das que son comúns para todos os alumnos.

- **Avaliación e diagnóstico previo.**

O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e do diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o Departamento de Orientación.

- \* **Facer especial mención neste apartado que este curso teremos un alumno en 6º de Primaria con Autismo que terá A.C.I. en todas as áreas.**

- \* **Especialista de Música:** Como citarei no punto posterior de “Medidas de Atención á Diversidade”, no caso concreto deste centro hai un alumno con necesidade específica de apoio educativo en 6º curso de E.Primaria, concretamente na aula de 6º A. Dito alumno xa traballou con A.C.I. nesta materia durante o ciclo anterior, mais o curso pasado (2013-2014) non cursou Música porque se impartía o día que él acudía a outro centro educativo (este alumno ten unha escolarización combinada). Nembargantes, este curso necesita continuar con A.C.I. para poder acadar os obxectivos da materia.

## **CONDICIÓN PARA UNHA ATENCIÓN EFECTIVA**

A integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles mercé ás seguintes medidas articuladas no centro:

**a) A cualificación do profesorado e a importancia da acción tutorial.**

O profesorado do centro posúe a predisposición, a sensibilidade e a formación necesarias para asumir a tarefa de colaborar co Departamento de Orientación e seguir as súas directrices.

**b) A metodoloxía.**

O centro parte da constatación de que os alumnos con dificultades de aprendizaxe aprenden, basicamente, da mesma forma ca o resto. É dicir, os axustes metodolóxicos

van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a todos os alumnos.

Non obstante, convén poñer a énfase na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, na metodoloxía activa e na globalización. Dentro deste contexto metodolóxico fíxanse unha serie de medidas especialmente beneficiosas:

- O traballo nun pequeno grupo.
- As visitas e as saídas ao contorno.
- O uso do ordenador e de diversidade de materiais e recursos.

### **c) Espazos.**

Para favorecer o proceso de integración-normalización e para crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluídas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico.
- Posibilidade de modificar a aula e de crear máis dun espazo.
- Disposición adecuada do mobiliario e coidado das condicións ambientais (acústica, visibilidade...).
- Supresión de barreiras arquitectónicas.

### **d) Tempos.**

A xestión do tempo guíarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas etc.) e outras máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

O sistema educativo baséase no principio de normalización e inclusión, todas as persoas con Necesidades Educativas Especiais deben recibir a atención necesaria a través dos centros ordinarios, xa que só se levará a cabo a incorporación en centros especiais cando as súas necesidades non poidan ser atendidas en centros ordinarios. Isto axudará a favorecer a igualdade, socialización, xusticia e o mellor desenvolvemento do alumnado.

Esta programación dará resposta a tódolos alumnos-as, xa que sería importante destacar que a atención á diversidade deberíase ampliar, posto que hai alumnos que

poden ter outro tipo de necesidades como: problemas socioeconómicos, situación familiar desfavorable, dificultades de aprendizaxe, desmotivación, problemas de socialización e relación cos demais. Adaptarémonos aos seus ritmos de aprendizaxe, nivel físico, coñecementos previos, bagaxe motora, a través dun ensino individualizado, prestándolles especial atención a aqueles alumnos que o necesiten, aínda que nunca con excesivo proteccionismo, xa que o obxectivo é que se desenvolvan o máis autónomamente posible.

## **Dende a Área de Educación Física**

En 6º curso temos un alumno con: autismo. Este alumno ten unha Adaptación Curricular Significativa feita dende o curso pasado. Dita adaptación non foi superada polo alto grao de dependencia do neno e o pouco control motriz dos movementos expresados. Este ano aplicaranse os contidos que faltan para alcanzar o ciclo e observarase o grao de cumprimento. Irase valorando o alcance dos obxectivos propostos e anotando as consideracións para futuras modificacións, desta maneira axustarase así mellor ás necesidades e características do neno.

Tamén temos alumnos con diferentes ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, diferentes intereses,... que fan que as sesións de E.F. sexan moi variadas. Para solventar estas necesidades dos alumnos proponemos actividades variadas, nas que o propio aprendizaxe experimentación sexan a base para acadar os obxectivos propostos. Ademais o alumnado ten a posibilidade de repetir as tarefas, de aumentar o nivel inicial, de modificar algún dos elementos,... deixando así que as súas necesidades se vexan cubertas. Todos isto, xunto cunha metodoloxía lúdica e principalmente significativa deixará que o alumnado poida traballar en función das súas características.

## **Dende a Área de Lingua Inglesa**

Consideramos que non todos os alumnos/as aprenden da mesma forma ou ao mesmo ritmo, polo tanto, a aprendizaxe de inglés é tratada tendo en conta varias formas:

- ❖ Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e nenas doutras culturas a través de xogos, etc.

- ❖ Realización de actividades de distintos niveis, a través de respostas verbais ou non verbais.

- ❖ Valoración das distintas intelixencias múltiples e dos distintos estilos de aprendizaxe.

- ❖ Aceptación da nova lingua como fonte de pracer e de diversión.

- ❖ **Extra Activities:** Realización de actividades adicionais ao final de cada lección, que poden levarse a cabo con grupos que van máis rápido ou que teñen máis tempo.

- ❖ Realización de actividades adicionais de lectura, onde os nenos e nenas recoñezan o vocabulario, ou de escritura, onde o alumnado escriba palabras. En ámbalas dúas aparecerán palabras con debuxos.

- ❖ Manifestación dos estados de ánimo, das interaccións orais, sociais, básicas de saúdo, de despedida, de presentación, etc.

- ❖ **Fast Finishers:** Realización de actividades fotocopiáveis para os nenos e nenas que rematan antes en cada unidade e que serven para consolidar a aprendizaxe dunha forma amena.

- ❖ Capacidade de escribir palabras e frases sinxelas a partir dun modelo substituído.

- ❖ Utilización de estratexias moi sinxelas para aprender a aprender a través de recursos como a repetición sonora en voz alta ou de movemento, emprego de dicionarios, utilización de internet, etc.

- ❖ Curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura inglesa por medio de búsqueda de imaxes, xogos, fotografías.

❖ Identificación de palabras, enunciados de palabras e enunciados curtos contextualizados en situacións de comunicación significativas a través da imitación dos nenos e nenas e a repetición de sons, pronunciación, ritmo e entoación intelixibles.

## **Dende a Área de Música**

No caso concreto deste centro, hai un alumno con necesidade específica de apoio educativo neste nivel; polo que a maioría do alumnado soamente presenta diferentes ritmos de aprendizaxe e diferentes intereses. Para solventar estas necesidades e poder atender á diversidade existente nas dúas aulas de 6º curso de E.Primaria, levaremos a cabo as seguintes actividades xerais:

-Realizar actividades previas á introducción de cada unidade para que todos os alumnos/as recorden os coñecementos previos que teñen sobre o tema e non comecen dende cero.

-Realizar actividades de reforzo sobre os contidos aprendidos, para que aqueles alumnos/as que presenten dificultades poidan seguir o currículo.

-Realizar actividades de ampliación sobre os contidos aprendidos en cada unidade, para que aqueles alumnos/as que estén máis avanzados poidan ampliar os seus coñecementos sobre a materia.

Nembargantes, no caso puntual de cada alumno/a empregaranse as técnicas e actividades necesarias en función da necesidade específica de apoio educativo que presente. De feito, o alumno anteriormente citado ten unha A.C.I. dende o ciclo pasado para poder acadar os obxectivos desta materia.

## **Dende a Área de Relixión**

En todo momento estará presente o respecto a diversidade de acordo cos principios de non discriminación , normalización e inclusión educativa establecidos na legislación vixente ,en todo momento se respetarán as diferencias educativas do noso alumno/a , tanto no ritmo de aprendizaxe como no nivel de partida e de coñecemento, levando un seguimento e procurando en todo momento adaptar o alumno tanto o material, as explicación , a maneira de organizar os grupos para tratar de conseguir a súa motivación, e a súa plena inclusión acadando así os obxetivos que para eles foran establecidos sempre na procura dun ensino de calidade , igualdade y equidade educativa.

Planificaremos e desenvolveremos un programa coherente que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, que poidan xurdir a nivel de grupo ou de maneira individual.

Empregaremos actividades de reforzo e de ampliación de cada unidade didáctica, actividades diversas con diferentes soportes que axuden a desenvolver a comprensión lectora facilitando en todo momento a participación e a inclusión de todo alumno no grupo clase e nas actividades de aula.

## **8. AVALIACIÓN**

### **A) CRITERIOS DE AVALIACIÓN CON REFERENCIA ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

#### **Dende a Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural**

##### **1. Competencia social e cidadá**

- Reflexionar arredor da importancia das TIC na nosa sociedade.
- Valorar e respectar as opinións alleas nun debate.

- Relacionarse cos demais de xeito asertivo, cooperar e facer traballo en equipo.
- Respectar as normas de convivencia.
- Entender e respectar os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e culturais diferentes do propio.
- Reflexionar de xeito crítico sobre os feitos e os problemas sociais e históricos.
- Coñecer e valorar as institucións democráticas do Estado español.

## **2. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Levar a cabo pequenos experimentos a partir dos cales verificar propiedades ou fenómenos físicos.
- Relacionar fenómenos físicos co funcionamento de diferentes tipos de máquinas.
- Recoñecer as principais propiedades da luz, do son, da electricidade e do magnetismo.
- Relacionar os diferentes espazos físicos de España coas súas características demográficas e económicas.
- Comprender o impacto das actividades humanas no medio.
- Recoñecer a necesidade de protexer e conservar a nosa redonda natural.

## **3. Tratamento da información e competencia dixital**

- Extraer a información contida nunha imaxe.
- Usar os buscadores para localizar información na Internet seguindo un criterio específico.
- Valorar de modo crítico e reflexivo os diferentes usos que podemos facer das TIC.
- Analizar a información contida en diferentes tipos de gráficos, táboas e mapa conceptuais.
- Interpretar información xeográfica, demográfica, económica e histórica contida en mapas.

## **4. Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar o léxico científico específico para describir unha situación ou un proceso.
- Definir e clasificar algúns termos segundo estean relacionados co medio natural ou



social.

- Responder a preguntas sobre o contido dun texto.
- Comentar imaxes en grupo respectando as normas básicas do intercambio lingüístico.

### **5. Competencia para aprender a aprender**

- Mostrar unha actitude positiva e de esforzo persoal na resolución de actividades de crecente complexidade.
- Revisar o traballo realizado e avaliar tanto o que se aprendeu como o que falta por aprender.
- Aplicar diversas técnicas de estudo que faciliten a aprendizaxe.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua.

### **6. Competencia cultural e artística**

- Desenvolver a sensibilidade de gozar con diferentes expresións do patrimonio natural e cultural.
- Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento de sociedades do pasado.
- Describir obras de arte representativas do noso patrimonio artístico e histórico.
- Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

### **7. Autonomía e iniciativa persoal**

- Realizar pequenas investigacións ou procuras de información de xeito autónomo.
- Deducir as causas e as consecuencias dun proceso.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.

### **8. Competencia matemática**

- Traballar cos valores numéricos expresados nunha táboa de datos ou nunha gráfica.
- Empregar as unidades axeitadas para cuantificar algúns aspectos do medio natural ou social.
- Utilizar os números para ordenar un proceso e para situarnos no espazo e no tempo.

## **Dende a Área de Plástica**

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

- Describir imaxes.
- Adquirir o novo vocabulario realcionado co arte e aplicalo de xeito axeitado á situación comunicativa.

### **2. Competencia para aprender a aprender**

- Avaliar os resultados das propias producións.
- Relacionar as novas aprendizaxes cos coñecementos previos xa adquiridos.

### **3. Autonomía e iniciativa persoal**

- Expresar opinións contrastando as achegas dos demais.
- Reaccionar ante solucións concretas que se nos presentan.
- Reflexionar sobre necesidades que temos e sobre a forma de resolvelas.

### **4. Tratamento da información e a competencia dixital**

- Coñecer programas informáticos relacionados co debuxo.
- Interpretar imaxes relacionadas co debuxo artístico.

### **5. Competencia social e cidadá**

- Realizar actividades na clase valorando as achegas de todos.

### **6. Competencia matemáticas**

- Atopar as proporcións do debuxo dentro dun soporte de papel.

- Utilizar a xeometría para acadar certas figuras.

## **7. Competencia cultural e artística**

- Coñecer aos diferentes artistas a través do tempo.
- Recoñecer o valor do arte dentro da cultura xeral.

## **Dende a Área de Lingua Galega e Literatura**

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar con corrección a lingua , empregando o rexistro adecuado a cada situación.
- Relacionar a lingua con outros mecanismos de comunicación dos que dispón o ser humano.
- Realizar narracións e descricións correctas e adecuadas.
- Usar a lingua para expresar experiencias non relacionadas directamente coa realidade.
- Construír textos elaborados que presenten cohesión, coherencia e adecuación á súa finalidade.

### **2. Competencia para aprender a aprender**

- Agrupar as palabras por familias léxicas para recordar mellor o seu significado e as relacións que establecen entre elas.
- Utilizar correctamente palabras variables e invariables.
- Agrupar as palabras en función do campo semántico ao que pertencen.

- Identificar os accidentes do verbo, así como verbos incompletos ou defectivos.
- Coñecer a estrutura básica da oración, dividida en suxeito e predicado.
- Descubrir os elementos de comunicación que interveñen nun acto comunicativo normal.

### **3. Autonomía e iniciativa persoal**

- Pensar en situacións nas que nos atopamos que requirirían o uso de determinadas expresións.
- Saber interpretar os nosos sentimentos e expresalos de forma intelixible para os demais.
- Buscar argumentos a favor dunha tese que nos interese defender.
- Realizar intervencións convincentes en público, tendo en conta as características que deben presentar.
- Realizar dramatizacións ante os/as compañeiros/as, procurando que sexan expresivas e con sentido.

### **4. Tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar na Internet ou en enciclopedias información sobre unha determinada cuestión.
- Entender gráficos nos que se presenta un itinerario de viaxes.
- Indicar as referencias que aparecen nunha lectura, separándoas das que non o fan.
- Resolver unha adiviña aplicándolle os mecanismos de predición adecuados.
- Entender unha táboa na que se presenta de forma resumida información de carácter gramatical.
- Relacionar as imaxes co texto correspondente á hora de entender unha narración.
- Recorrer ao contexto para descubrir o significado de palabras polisémicas e homónimas.

### **5. Competencia social e cidadá**

- Recoñecer a importancia de establecer relacións cos demais no tempo de recreo.
- Elaborar en grupo un texto para defender unha determinada tese.
- Ser conscientes do valor da paz para o desenvolvemento harmónico de todas as persoas.
- Coñecer o impacto que ten a actividade humana sobre a natureza e de como pode repercutir na extinción de especies.

## **6. Competencia artística e cultural**

- Descubrir as múltiples interpretacións que admiten ás veces as ilustracións.
- Identificar nun poema as características básicas da linguaxe poética.
- Entender a disposición estética dos elementos comunicativos nun anuncio de publicidade.
- Identificar formas significativas de expresión musical, así como o seu carácter artístico e creativo.
- Coñecer as características do conto como forma narrativa de tipo popular e tradicional.

## **Dende a Área de Lingua Castelá e Literatura**

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

- Describir textos e imaxes e mellorar a comprensión e a eficacia lectora.
- Elaborar textos diversos oralmente e por escrito.
- Coñecer as diversas linguas que se falan en España.
- Adquirir o novo vocabulario e aplicalo de xeito axeitado á situación comunicativa.
- Mostrar interese por coñecer as características dos diversos xéneros literarios.
- Coñecer a función dalgunhas palabras e a relación que manteñen no interior da oración.

- Identificar a intencionalidade dunha situación comunicativa e os elementos da comunicación.
- Aplicar a normativa ortográfica nos textos escritos.
- Practicar os recursos expresivos da lingua mediante a declamación e a dramatización.

## **2.Competencia para aprender a aprender**

- Relacionar as novas aprendizaxes cos coñecementos previos xa adquiridos.
- Comprender mensaxes de tipoloxía diversa e interpretar as instrucións na realización de procesos.
- Exercitar a realización de resumos, esquemas e ditados como técnicas de aprendizaxe.
- Clasificar as palabras atendendo a diversos criterios e empregar de xeito eficaz o dicionario.
- Aplicar o razonamento lóxico-dedutivo.
- Coñecer as regularidades no proceso de formación e de transformación dalgunhas palabras.
- Coñecer e aplicar a técnica que permite realizar análises morfolóxicas e sintácticas.
- Avaliar o resultado das propias producións.

## **3.Autonomía e iniciativa persoal**

- Elaborar plans, emprender procesos de decisión e descubrir as consecuencias de determinadas accións.
- Manifestar gustos, emocións, sentimentos ou experiencias e manifestar opinións e xuízos persoais.
- Demostrar interese pola resolución de xogos e gozar cos pasatempos lingüísticos.
- Anticiparse a unha determinada situación formulando hipóteses razoadas.
- Exercitar a empatía en diversas situacións.

#### **4.Tratamento da información e competencia dixital**

- Interpretar de forma combinada textos e imaxes.
- Desenvolver destrezas para a procura, selección e tratamento da información.
- Recoñecer a importancia da orde na presentación de calquera tipo de texto.
- Aplicar diversos tipos de códigos na interpretación e na elaboración de mensaxes.
- Analizar a estrutura, interpretar e completar o contido de táboas, cadros e mapas.
- Utilizar as novas tecnoloxías no tratamento e a procura de información.

#### **5.Competencia social e cidadá**

- Coñecer e empregar as fórmulas de cortesía e de relación social que facilitan o intercambio comunicativo.
- Coñecer e respectar a diversidade social e lingüística de España.
- Mostrar unha actitude crítica e reflexiva ante o medioambiente, os medios de comunicación e o consumo.
- Desenvolver habilidades que faciliten a convivencia, a tolerancia e o respecto entre as persoas.
- Exercitar as habilidades sociais precisas para identificar e valorar os puntos de vista dos demais.
- Participar nas actividades colectivas valorando as achegas dos demais.

#### **6.Competencia artística e cultural**

- Recitar e dramatizar textos aplicando na entoación e na representación criterios de elegancia expresiva.
- Valorar as posibilidades estéticas que encerran determinadas composicións.
- Aplicar criterios de creatividade e imaxinación na elaboración de textos escritos e debuxos.
- Valorar as obras literarias e outras formas de manifestación cultural expresadas

lingüísticamente.

## **Dende a Área de Matemáticas**

### **1. Competencia matemática**

- Traballar con números naturais e enteiros.
- Calcular múltiplos, divisores, potencias e raíces.
- Representar, comparar, sumar, restar, multiplicar e dividir fraccións.
- Facer todo tipo de operacións con números decimais.
- Traballar con porcentaxes e aplicar a regra de tres.
- Escribir, sumar e restar tempos no sistema sesaxesimal.
- Recoñecer os cambios de unidades de peso, lonxitude e superficie. Relacionar a capacidade e o volume.
- Identificar os ángulos de figuras planas. Calcular áreas de polígonos regulares e do círculo.
- Interpretar gráficos estatísticos e probabilísticos.

### **2. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Utilizar procedementos matemáticos e sistemas de numeración, coma o sistema decimal, para relacionalas con magnitudes do mundo físico.
- Traballar con conceptos matemáticos noutras materias e ser coherente cos coñecementos globais.
- Identificar elementos de xeometría como as figuras planas para interpretar o contorno físico.

### **3. Tratamento da información e competencia dixital**

- Traballar coa información expresada en diferentes códigos: gráfico, numérico,



xeométrico, etc.

- Organizar a información en táboas, listas, columnas para facilitar a súa manipulación.
- Relacionar datos expresados en diferentes linguaxes ou unidades, como fotografías, figuras xeométricas...
- Traballar con información cuantitativa en forma de fracción, decimal ou outros termos matemáticos.

#### **4. Autonomía e iniciativa persoal**

- Comparar datos expresados en distintas formas, en función do contexto do problema que se resolva.
- Diseñar unha estratexia de resolución para interiorizar os mecanismos utilizados.
- Realizar problemas recoñecendo os datos e relacionándoos coa incógnita.
- Calcular superficies e perímetros utilizando estratexias creativas para visualizar os desenvolvementos axeitados.

#### **5. Competencia para aprender a aprender**

- Esforzarse para atopar as solucións ás actividades máis complexas.
- Perseverar na aplicación dos conceptos matemáticos aprendidos.
- Recapacitar sobre a orixe dos erros cometidos nas actividades propostas.
- Aplicar unha coherencia global dos coñecementos en todas as áreas.

#### **6. Competencia en comunicación lingüística**

- Ler e comprender os enunciados das actividades.
- Manipular e xogar con algúns termos matemáticos.
- Utilizar termos xeométricos para aplicar desenvolvementos de figuras planas.

#### **7. Competencia cultural e artística**

- Desenvolver estratexias creativas de cálculo mental para perseverar na aplicación dos mecanismos aprendidos.
- Debuxar gráficos circulares para interpretar porcentaxes.
- Realizar desenvolvementos xeométricos tendo en conta as propiedades dos polígonos e os círculos.
- Describir un gráfico estatístico visualizando os datos proporcionados e utilizando a creatividade persoal.

## **8. Competencia social e cidadá**

- Debater os propios puntos de vista fronte aos dos demais na resolución dos exercicios.
- Aprender a comprender os distintos puntos de vista dos demais.
- Traballar cos exercicios máis complexos en equipo, para debater sobre os métodos de resolución.
- Realizar traballos en grupo para aprender os métodos de resolución dos demais e así, ver outros puntos de vista.

## **Dende a Área de Educación para a Cidadanía**

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

- Saber usar as palabras axeitadas para comunicarse correctamente favorecendo unha boa convivencia.
- Utilizar un vocabulario axeitado para establecer unha comunicación a través do móvil.

### **2. Competencia para aprender a aprender**

- Avaliar os resultados das propias producións.
- Relacionar as novas aprendizaxes cos coñecementos previos xa adquiridos.

### **3. Autonomía e iniciativa persoal**

- Expresar opinións contrastando as achegas dos demais.
- Reaccionar ante solucións concretas que se nos presentan.
- Reflexionar sobre necesidades que temos e sobre a forma de resolvelas.

### **4. Tratamento da información e a competencia dixital**

- Saber utilizar a tecnoloxía da información e comunicación para traballar contidos específicos.
- Coñecer as vantaxes e limitacións das tecnoloxías para traballar de xeito eficaz e autónomo.
- Utilizar un vocabulario axeitado para establecer unha comunicación a través do móbil.
- Utilizar internet para obter información como una ferramenta útil.

### **5. Competencia social e cidadá**

- Saber comportarse nas saídas fóra da aula respectando as normas.
- Valorar as instalacións do centro participando no seu coidado con hábitos cívicos.
- Aprender a traballar en equipo, investigar e reflexionar sobre os dereitos e obrigas individuais e colectivas.
- Adquirir bos modais sociais para saber comportarse tanto nunha visita como na vida social.

### **6. Competencia cultural e artística**

- Respectar e coidar as diferentes mostras culturais e artísticas.

## **7. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

- Saber utilizar correctamente os medios de transporte.
- Saber comportarse nas saídas fóra da aula.
- Ser crítico, coñecer e tomar conciencia doutras realidades sociais.

## **8. Competencia Matemática**

- Saber facer reflexións utilizando estatísticas como base de datos.
- Numerar e clasificar datos de carácter social.
- Reflexionar sobre datas importantes como a data da Constitución.

## **Dende a Área de Educación Física**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA 6º CURSO POLO DECRETO 130/2007 DO 28 DE XUÑO.**

1- Axustar as accións do corpo aos cambios nas condicións da actividade, de maneira económica e eficaz, incidindo nos mecanismos de percepción, de decisión e de control motor.

2- Adaptar os desprazamentos, saltos e xiros a diferentes contornos que poidan presentar incerteza, sexan coñecidos ou descoñecidos.

3- Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada nos xogos ou actividades motrices e deportivas que o requiran, axustándose axeitadamente á situación no terreo de xogo, ás distancias e ás traxectorias.

4- Incrementar globalmente a condición física, axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.

5- Construír composicións grupais interaccionando coas demais persoas, utilizando os recursos expresivos do corpo e do movemento, dos materiais e dos obxectos e atendendo a estímulos musicais, plásticos ou verbais.

6- Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual da actividade física e a mellora da saúde e da calidade de vida e actuar de acordo con elas.

7- Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio equipo para resolver retos ou opoñerse ás do equipo contrario nun xogo ou actividade deportiva colectiva, establecendo relacións construtivas e equilibradas.

8- Identificar como valores fundamentais dos xogos e das actividades deportivas o esforzo persoal e as relacións co grupo, resolvendo de forma crítica as situacións conflitivas que poidan xurdir.

9- Coñecer, practicar e valorar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia, recompilando información sobre eles e interesándose pola súa conservación.

### **Competencia social e cidadá**

Valora a actividade física como medio de interacción social, integración e respecto.

Aprende a convivir, sobre todo no que respete á aceptación de regras e funcionamento colectivo, valorando a diversidade do entorno social.

Busca solucións aos problemas en xogos competitivos onde se poden xerar conflitos.

Sabe facer unha valoración positiva de gañar e perder fora do colexio.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

Adquiriu hábitos saudables atendendo ás capacidades físicas básicas.

Adquiriu hábitos saudables de hixiene corporal e alimenticia.

Comprende os riscos que conlevan o sedentarismo.

Sabe e reflexiona sobre os perigos do alcohol, drogar, non comer,...

### **Tratamento da información e competencia dixital**

Coñece páxinas web de interés informativo-educativo sobre a educación física.

Comprende uso racional dos demais medios de comunicación, entre eles o teléfono móbil, usándoo axeitadamente.

Fai búsquedas de información guiadas sobre temas puntuais da área.

### **Competencia en comunicación lingüística**

Intercambiou vocabulario específico da área.

Respeta os silencios durante as explicacións do mestre e dos propios compañeiros/as.

Respeta o turno de palabra dos compañeiros/as.

Fai reflexións sobre gañar e perder e o valor do significado dentro do xogo.

Exprésase de maneira fluida sobre aquilo que quere comunicar.

### **Competencia para aprender a aprender**

Fai e dicurre xogos lúdicos de maneira autónoma.

Fomentouse a capacidade e desenvolvemento do individuo, independentemente das súas capacidades innatas.

Ten a capacidades de xuntarse en grupo para desenvolver exercicios concretos nese momento.

Analiza xogadas mediante a observación da práctica e reproduce sen fallos significativos.

### **Competencia cultural e artística**

Participou en xogos de expresión rítmica, corporal, estética, ao son de diferentes sons.

Acepta difererntes culturas, aproveitando a inclusión de alumnos estranxeiros dentro do grupo....

### **Autonomía e iniciativa persoal**

É independente na actividade, na hixiene diaria, no coidado da saúde,...

Práctica diaria do aseo, onde cada alumno encargárase da súa roupa, controlar o tempo,...

Encargouse do material, tanto para repartilo como para recollelo,...

É voluntario/a para axudar aos compañeiros/as, así como tamén o pode axudar no futuro.

### **Competencia matemática**

Discrimina distancias a golpe de vista e calcula posicións acertadas no xogo.

Análiza a toma do pulso e fai o cálculo matemático do mesmo.

Interpreta datos, razoamentos lóxicos sobre orden, espazo, tempo,...

Establece cálculos.

## **Dende a Área de Lingua Inglesa**

### **Os Criterios de Avaliación para o 3º Ciclo son:**

- Valorar lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a rapaces e rapazas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega a través de diferentes canles de comunicación.
- Empregar a lingua estranxeira como instrumento para a construción de novas aprendizaxes que non sexan puramente lingüísticas (obradoiro de solidariedade, de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun xogo deportivo, dunha técnica artística...).
- Comprender o sentido global de mensaxes orais significativas e identificar informacións específicas destas emitidas en diferentes situacións de comunicación, procedentes de distintas fontes e en diversos formatos.
- Manter conversas cotiás sobre temas de interese coñecidos e traballados con anterioridade en situacións de comunicación funcionais, respectando as normas básicas

dos intercambios, como esperar a quenda, escoitar e mirar a quen fala e interesarse polas intervencións alleas.

- Localizar en mensaxes escritas en diversos formatos, e relacionadas cos interese dos rapaces e das rapazas, información explícita e realizar inferencias directas baseadas no contexto.

- Compoñer mensaxes escritas significativas atendendo ás persoas a quen van dirixidas, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital, e elaboradas de forma cooperativa.

- Usar formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira, incluíndo aspectos de ritmo, de acentuación, e de entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

- Empregar algunhas estratexias para aprender a aprender, como facer preguntas pertinentes para obter información, pedir aclaracións, utilizar dicionarios bilingües e monolingües, acompañar a comunicación con xestos, buscar, recompilar e organizar información en diferentes soportes, utilizar as TIC para contrastar e comprobar información e identificar algúns aspectos que axudan ao alumnado a aprender mellor.

- Amosar comprensión, tolerancia e respecto cara ás diferenzas de todo tipo, adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.

- Aplicar estratexias que favorezan a creatividade na produción de mensaxes próximas ao alumnado a partir dun contexto concreto e utilizando a educación artística, as tecnoloxías da comunicación e da información...

- Recoñecer, identificar e valorar algúns aspectos socioculturais do país ou países onde se fala a lingua estudada, identificando semellanzas e diferenzas coa nosa realidade. Demostrar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios.



- Amosar confianza e interese por transmitir diferentes aspectos da propia cultura a outros nenos e nenas empregando o idioma estranxeiro oralmente e por escrito e valorando positivamente o que desde a nosa cultura podemos ofrecer.

## **Con referencia ás Competencias Básicas:**

### **1. Competencia en comunicación lingüística**

- Manter conversas cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles, respectando as normas básicas do intercambio, como escoitar e mirar a quen fala.
- Usar formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira incluíndo aspectos de ritmo, acentuación e entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Elaborar textos escritos atendendo ao destinatario, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.

### **2. Competencia matemática**

- Identificar os números na súa forma ordinal, numérica e escrita.
- Utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático.

### **3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico**

- Percibir o espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana, e a habilidade para interactuar nel.

### **4. Tratamento da información e competencia dixital**

- Practicar e familiarizarse co funcionamento de varias competencias dixitais e informáticas a través do curso utilizando os recursos en Internet.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para contrastar e comprobar información.

### **5. Competencia social e cidadá**

- Realizar diálogos e intercambios comunicativos.

- Socializar e participar nas actividades da aula, construíndo e aceptando normas de convivencia: tanto en parella como en grupo.
- Expor os propios traballos e escoitar os alleos, pódose no lugar do outro.
- Captar o sentido global e identificar informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.

## **6. Competencia cultural e artística**

- Cantar unha canción, representar un conto.
- Inmersión na linguaxe, tradición e cultura no mundo de fala inglesa.
- Utilizar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos.
- Representar unha historieta.

## **7. Competencia para aprender a aprender**

- Facer preguntas pertinentes para obter información, pedir aclaracións, utilizar dicionarios bilingües e monolingües, acompañar a comunicación con xestos, buscar, recompilar e organizar información en diferentes soportes.
- Entender e utilizar boas prácticas de aprendizaxe na clase: elaborar un caderno / ficheiro co vocabulario aprendido.
- Utilizar o material de referencia.
- Xestionar as propias capacidades nas seccións de *Review*.

## **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Responsabilizarse das tarefas e actividades propostas na unidade.
- Utilizar o material de referencia proposto para a unidade.
- Dispor e manexar as habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en parellas e en equipo de forma cooperativa e flexible en todas as ocasións que requiran as actividades comunicativas da unidade: diálogos, etc.
- Organizar o traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

## **Dende a Área de Música**

Os *criterios de avaliación de 6º curso de E.Primaria establecidos para a área de E.Musical* son:

- Coñece, discrimina e analiza os parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- Diferencia claramente no pentagrama, as liñas dos espazos.
- Domina a escritura das Claves de Sol, Fa e Do, e a respectiva colocación das notas musicais no pentagrama.
- Asocia as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra, corchea e semicorchea) e dos silencios (redonda, branca, negra, corchea e semicorchea), co son que producen, e viceversa.
  
- Coñece os tres tipos de compases (binarios, ternarios e cuaternarios) e traballa correctamente con eles.
- Rexistra a música e os ritmos creados empregando as grafías convencionais.
- Usa axeitadamente os termos da linguaxe musical aprendidos durante o curso.
- Identifica visual e auditivamente as diferentes familias de instrumentos e cada instrumento en particular.
- Recoñece os compositores máis destacados da Historia da Música e identifica as súas obras máis importantes.
- Interpreta correctamente o repertorio de cancións, pezas instrumentais e danzas, relacionadas cos seus intereses e adaptadas á súa idade, que se traballaron durante o curso.
- Usa adecuadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións musicais sinxelas.
- Amosa interese, respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo nas actividades de interpretación e de creación.
- Desenvolve hábitos de coidado dos instrumentos musicais e dos materiais de traballo da aula.

Atendendo ás **Competencias Básicas, os “criterios de avaliación”** propostos para avalialas son os seguintes:

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA:**

- Recoñece as obras musicais e compositores máis importantes da Historia da Música traballados durante o curso.
- Valora as diversas manifestacións da cultura musical galega.
- Valora as posibilidades do son como elemento de comunicación.
- Desenvolve a capacidade de expresión e percepción de emocións a través de obras musicais.

### **COMPETENCIA MATEMÁTICA:**

- Asocia as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra, corchea e semicorchea) e dos silencios (redonda, branca, negra, corchea e semicorchea) co número de tempos aos que equivalen.
- Coñece os tres tipos de compases (binarios, ternarios e cuaternarios) e traballa correctamente con eles.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ:**

- Participa activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.
- Desfruta das diferentes producións artísticas colectivamente, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e sabendo expresar críticas e opinións, utilizándoas como recurso para a mellora.

### **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL:**

- Coñece algunhas das posibilidades das novas tecnoloxías en que interveña o son.
- Emprega as novas tecnoloxías para a elaboración de producións musicais propias.

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:**

- Emprega adecuadamente os termos musicais aprendidos.

- Recoñece cantigas galegas de tradición oral, cantadas en función do traballo que se estaba desempeñando ou da festa que se estaba celebrando.

### **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL:**

- Participa activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

- Desenvolve a creatividade en todos os ámbitos da área de E.Musical.

### **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER:**

- Desenvolve o xuízo crítico, co fin de que cada alumno/a forme o seu gusto musical propio.

## **Dende a Área de Relixión**

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TERCEIRO CICLO**

- Saber identificar algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Antigüidade.
- Relacionar as grandes relixións vixentes, descubriendo as súas principais semellanzas e diferenzas.
- Distinguir o sentido último da vida segundo as relixións monoteístas.
- Saber diferenciar as grandes relixión monoteístas .

- Comentar algúns textos do Novo Testamento onde se manifesta a humanidade e a divindade de Xesucristo.

- Describir diferentes manifestación relixiosas.

Respectar a diversidade, cultural e relixiosa...

- Coñecer as principais características dos sacramentos

- Sinalar en textos evanxélicos e a orixe da Igrexa .

- Describir a misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesucristo.

- Especificar o servizo eclesiástico que os apóstolos e os seus sucesores lle prestan ao pobo de *de Deus*.

- Situar e valorar a presenza da Virxe María nos momentos importantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.

- Razoar o valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo, e saber aplicar o Mandamento do Amor ás situacións cotiás.

- Identificar algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos necesitados.

- Sinalar e respectar os valores das distintas relixións e a súa contribución á cultura.

- Interpretar o significado da arte relixiosa.

- Distinguir as festas civís das festas cristiás.

### **Competencia en comunicación lingüística**

- escoita, comprende, expón e dialoga.
- Utiliza a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- expresa emocións, vivencias e opinións.
- Utiliza a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

- Coida o medio ambiente.
- Consume de maneira racional e responsable.
- Percibe o espazo físico no que se desenvolve a vida.

### **Competencia matemática**

- Interpreta e expresa informacións.
- Descifra códigos numéricos elementais.

### **Tratamento da información e competencia dixital**

- Analiza a imaxe e as mensaxes que transmite.

### **Competencia social e cidadá**

- Participa, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialoga para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunícase en distintos contextos.
- Crea un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprende a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

### **Competencia cultural e artística**

- Descubre os elementos relixiosos da súa contorna.
- Exprésase mediante elementos plásticos a través da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Desenvolve habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñece as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utiliza as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
- Mante unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

### **Competencia para aprender a aprender**

- Dispón de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuoalo.
- Persevera e esforzase, aceptando os erros e aprendendo deles.
- Favorece a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestiona e controla de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.

- Logra experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

### **Autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional.**

- Desenvolve valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afronta os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixe con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolve habilidades sociais como respecto aos demais, o diálogo, o agradecemento, a cooperación e o traballo en equipo.

## **B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

**Dende as Áreas de Coñecemento do Medio, Plástica, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas e Educación para a Cidadanía**

A avaliación do alumno/a será continua e global.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, en cada unha das cales valorarase o grao de consecución dos obxectivos previstos aplicando a metodoloxía e os distintos instrumentos de avaliación.




## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizaranse dúas ***probas escritas*** cada trimestre tendo en conta os criterios de avaliación, onde o alumnado deberá demostrar o dominio dos contidos traballados.

Levarase a cabo unha ***observación sistemática*** onde se valorará o comportamento, participación, actitude, interese, colaboración...

Terase en conta tamén o ***traballo persoal e colectivo***, a través das tarefas diarias, dos cadernos das distintas áreas, dos traballos específicos que se entregarán na data previamente acordada...

	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>% DA NOTA</b>
Pro	probas escritas	70%
Pro	observación sistemática	10%
	Traballo persoal e colectivo	20%



No caso das áreas de ***Educación para a Cidadanía e Plástica*** avaliarase tendo en conta todos os instrumentos de avaliación agás as probas escritas, que non se realizarán.

Nestes casos a porcentaxe correspondente á observación sistemática será do 40% e ó traballo persoal e colectivo outro 60 %.

A ***avaliación final*** será a nota media das tres avaliacións ordinarias.

## **Dende a Área de Educación Física**

**ASISTENCIA:** é obrigatoria.

A partir da 3º falta sen xustificar documentalmente comeza a baixar a nota 0'25 puntos no global.

Se chega a 8 faltas (1 mes ) sen xustificar documentalmente, será insuficiente na nota da avaliación correspondente.

A falta de puntualidade nas entradas ao colexio serán tomadas en conta si son repetitivas.

**ASEO/ROUPA:** É necesario traer roupa e aseo para facer a práctica, pero a falta da mesma terá consecuencias se non está xustificado formalmente.

Menos de 4 faltas corresponde un 10% da nota.

Máis de 4 faltas por avaliación será insuficiente.

Poderase facer práctica sen aseo si se trae a vestimenta correcta nas dúas primeiras faltas.

A nota de educación física divídese da seguinte maneira:

**PRÁCTICA/COMPORTEAMENTO** corresponde a un 30 % da nota global. Baixará 0,20 puntos por cada falta nos seguintes apartados ata chegar a 3 puntos.

Implicación positiva na clase e esforzo por lograr os obxectivos propostos.

Facer a clase práctica con actitude positiva e esforzo.

Axuda na colocación e recollida de material cando lle toque ao equipo.

Facer o aseo de xeito adecuado sen alborotar no vestiario.

Comportamento adecuado nos traslados ás instalacións: non tirar aseo, alborotar a fila, empuxar, molestar aos demais compañeiros/as.

Cumprir coas normas da clase e respecto polo seu funcionamento: interromper nas explicacións, gracias a destempo,...

Respecto polos compañeiros/as e cara o mestre en todo momento.

Coidar as instalacións (ximnasio, pavillón e vestiarios) e o material utilizado.

Se non se pode facer a práctica debido a cuestións de saúde do momento, transitorias ou permanentes, faranse traballos relacionados que puntuarán igual que a práctica para non perder o fio.

**EXAME PRÁCTICO:** 30%, farase ao final de cada tema incidindo nos criterios de avaliación das unidades didácticas, previamente traballados os contidos.

Non poder facer o exame práctico despois de estar longo tempo sen facer clase por cuestións de saúde, conlevará a entregar un pequeno traballo relacionado que obterá a mesma puntuación que o exame.

**EXAME TEÓRICO:** 40%, proba que avaliará os coñecementos máis importantes sobre a unidade didáctica en cuestión.

## Dende a Área de Lingua Inglesa

Realizaranse tres avaliacións ao longo do curso para valorar o grao de consecución dos obxectivos. A avaliación será formativa e continua e farase un test por cada unha das sete unidades principais.

A valoración farase da seguinte maneira:

- **Observación sistemática (20%)**
  - Asistencia e puntualidade.
  - Comportamento e actitude.
  - Participación e interese.
  - Atención e concentración.

- Comprensión e razoamento.

- **Traballo persoal e de equipo (40%)**

- Caderno de clase.
- Esfuerzo na práctica oral ou escrita.
- Desenvolvemento dos exercicios na pizarra, na aula.
- Corrección, limpeza, orde, caligrafía, ortografía, gramática e vocabulario.
- Lectura autónoma.
- Participación, implicación e colaboración.

- **Probas específicas (orais e escritas 40%)**

- Avaliación inicial.
- Exames/tests das unidades didácticas traballadas.
- Autoavaliación.

## **Dende a Área de Música**

A avaliación do alumno/a será continua e integradora, polo que é requisito indispensable para superar a materia a **asistencia** regular ás clases e ás actividades programadas ao longo do curso, así como traer diariamente os **materiais** que se estipulen ao comezo do curso (catro faltas de material ao trimestre suporía un suspenso na materia, aínda que as probas teórico-prácticas estén aprobadas).

As **actividades teórico-prácticas realizadas no caderno de pentagramas e nas fichas entregadas con cada unidade didáctica** entenderanse como probas obxectivas coas que valorar tamén o grao de coñecementos que acadou o alumno/a.

Por outra banda, trimestralmente realizaranse dous **exames** das unidades didácticas traballadas, tendo en conta os criterios de avaliación anteriormente expostos:

-Exame teórico-práctico: Serán preguntas curtas nas que o alumno/a deberá demostrar coñecer os contidos teóricos que se requiran e a súa aplicación práctica.

-Proba práctica (instrumental): Consistirá na interpretación coa frauta das partituras traballadas durante o trimestre.

Ademais, o mestre poderá pedir a elaboración de **traballos** individuais ou en grupo, que serán presentados dentro do prazo establecido.

Como avaliación continua, terase tamén en conta no só a asistencia a clase, senón parámetros como o **comportamento, actitude, interese, participación...**

<b><u>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</u></b>	<b><u>% DA NOTA</u></b>
Actividades teórico-prácticas realizadas no caderno de pentagramas e nas fichas.	10%
Exame teórico-práctico.	45%
Proba práctica (instrumental).	35%
Actitude, interese, comportamento, tarefas diarias e material.	10%

A **avaliación final** será a nota media das tres avaliacións ordinarias. No caso de non alcanzar dita nota media o aprobado ou que o alumno/a tivese reiteradas faltas de asistencia ou material sen xustificar, a materia estará suspensa.

## **Dende a Área de Relixión**

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias básicas do alumno/a de Terceiro Ciclo de Educación Primaria, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Calificarase da seguinte maneira:

- 50% Comportamento, esforzo, atención e interés.
- 50% Coñecementos e procedementos.

A tenor do disposto na lexislación vixente teremos en conta a superación dos obxectivos como medida de calificación.

O traballo de clase e as respostas orais e escritas valoraranse nestes Items (máximo 10 puntos):

- De 1 a 5: Insuficiente
- De 5 a 6: Suficiente
- De 6 a 7: Bien
- De 7 a 9: Notable
- De 9 a 10: Sobresaliente.

## **C) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

## **Dende as Áreas de Coñecemento do Medio, Plástica, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas e Educación para a Cidadanía**

A avaliación é un elemento fundamental na práctica educativa, xa que permite recoller en cada momento, a información necesaria para poder realizar xuízos de valor que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de aprendizaxe.

A avaliación, será global, continua, formativa e integradora.

**Que avaliar?:** Ademais dos aspectos específicos de cada unidade, valoraremos aspectos de actitude no alumno, como a convivencia, o coidado do material, a orde e atención na clase, os cadernos, etc.

### **Cando?:**

a) Ao inicio do proceso, na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado. Así mesmo, ao principio de curso realizarase unha **avaliación inicial**, que permitirá facer as adaptacións necesarias.

b) Durante o proceso, para ir realizando as rectificacións e axustes necesarios na programación.

c) Ao final do proceso.

### **Cómo avaliar?:**

Empregaremos dous tipos de avaliación:

- a) Subxectiva, mediante técnicas de observación. Este tipo de avaliación servirá para avaliar aspectos como a actitude, comportamento..., e a expresión oral.
- b) Obxectiva, a través de instrumentos de avaliación cuantitativos (probas, exames...)

## **Promoción a Educación Secundaria Obrigatoria**

Os alumnos que acaden un grao de desenvolvemento das competencias básicas satisfactorio promocionarán á Educación Secundaria Obrigatoria.

Tamén promocionarán aqueles outros aos que o feito de non ter acadadas todas as aprendizaxes non lle supoña un impedimento para seguir os novos estudos.

O resto do alumnado permanecerá un ano máis no ciclo agás que xa teña repetido nalgún dos ciclos precedentes.

A decisión de promoción do ciclo adoptaraa o equipo docente do último curso do ciclo téndose especialmente en conta o criterio do titor ou titora.

### **Constancia de información ao alumnado**

O alumno e a súa familia deberán estar informados en cada momento sobre se a situación na que se atopa o educando é satisfactoria ou non. Pero esta información que lle damos ao alumno non debe ser simplemente descritiva senón que debe ser ademais orientadora, que lle sinale o camiño por onde debe continuar ou por onde debe reorientar a súa aprendizaxe.

Cómpre recordar que, nalgúns alumnos, unha valoración negativa pode provocar máis desinterese e desmotivación pola materia en cuestión.

### **Dende a Área de Educación Física**

O procedemento de avaliación cumpre unha función formativa, indicando ao mestre se todo marcha ben, ou se polo contrario debe aplicar mecanismos correctores para as insuficiencias dos/as alumnos/as, ou para a súa propia metodoloxía. Comeza no principio do proceso de aprendizaxe e remata no momento da avaliación final, na que se valoran os resultados conquistados polo/a alumno/a en relación coas capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

Pero para chegar a isto pasamos por unha avaliación **continua**, que se realizará ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe e tamén por unha avaliación **global**, que fixa a atención no conxunto das áreas e, en particular, nos diferentes tipos de contidos.

Comezamos por unha **avaliación inicial**, que proporciona datos sobre os coñecementos previos dos/as alumnos/as para decidir o nivel no que deben desenrolárense os novos contidos a ensinar e as relación que deben establecerse entre eles.

A **avaliación continua** do proceso de ensinanza-aprendizaxe durante o periodo escolar mostrará a evolución e os logros obtidos do alumnado, o progreso dos contidos, e polo tanto a adquisición paulatina dos obxectivos formulados nas unidades didácticas de traballo.



Durante o longo do curso, neste proceso de avaliación, farase tamén un traballo en actitudes e valores sociais. O/A alumno/a aprende tanto no que a valores coma actitudes se refire, non se lle ensina sistemática e conscientemente, será tarefa do/a mestre/a recrear na práctica, actuando como modelo, os sistemas de valores, actitudes e normas, que serán asumidos e interiorizados polo alumnado nun proceso reflexivo.

Tamén se establecerán medidas axeitadas de avaliación para aquel alumnado con necesidades específicas dentro da área de educación física. Medidas adecuadas á Aci correspondente e aos seus criterios de avaliación.

Na **avaliación final** do proceso de ensinanza-aprendizaxe valorarase o traballo feito polo alumno/a durante todo o curso en canto a: contidos obtidos e en proceso, actitudes/valores, comportamento, puntualidade, esforzo na adquisición práctica e teórica, presenza de material axeitado, tanto para a práctica coma para o aseo, así como unha actitude positiva cara o traballo.

O/A mestre/a autoavaliará a súa actividade na aula tendo en conta obxectivos, actividades, estratexias, metodoloxía, materiais, organización, etc.

Dado que os instrumentos de avaliación, deben ser variados, deben dar información concreta do que se pretende avaliar, deben utilizar distintos códigos, deben ser aplicables en situación máis ou menos estruturadas da actividade escolar e deben permitir avaliar a transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, sinalámonos seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

Diario de clase en ficha individual do alumno/a.

Probas de axilidade, de coordinación, de lanzamentos, carreiras.

Fichas de cumprimento sobre a práctica.

Traballos de búsqueda.

Exames prácticos: plantillas de observación, listas de control, escalar numéricas e escalas cualitativas.

## **Dende a Área de Lingua Inglesa**

Para a recollida de información da avaliación continua utilizaremos:

1. Observación directa e sistemática do alumnado
2. Seguimento dos traballos realizados (actividades diarias-complementarias, de reforzo, presentación das tarefas no caderno de traballo, proxectos realizados das unidades traballadas...)
3. Comprobación e interese pola participación nas actividades individuais ou colectivas, de expresión oral e escrita.
4. Entrevistas ou diálogos directos cos alumnos/as, a nivel do grupo-clase ou de forma particular e individual.
5. Rexistro dos datos (traballo diario, tests das unidades traballadas...)

## **Dende a Área de Música**

Os procedementos e instrumentos que se utilizarán na avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as son aqueles cos que se pretende obter información acerca do grao de consecución dos obxectivos propostos.

En primeiro lugar, temos que ter en conta que a avaliación debe ser flexible, partindo do ciclo educativo do alumnado e das súas propias características, posibilidades e intereses. Para iso empregamos a “avaliación inicial”, momento no que comeza o proceso de ensinanza – aprendizaxe e que nos indica o nivel de coñecementos cos que parten os nosos alumnos/as. Con esta información, xa podemos levar a cabo unha programación máis individualizada para cada alumno/a.

E para seguir recibindo información, temos a “avaliación continua”, que se realizará ao longo de todo o proceso de ensino – aprendizaxe e pretende valorar o grao de consecución dos obxectivos nese momento concreto do mesmo.

Para rematar coa “avaliación final ou sumativa”, na que se valorarán os resultados finais conseguidos polo alumnado en relación cos obxectivos e mínimos exixibles establecidos na Programación Didáctica da área.

Tendo en conta todo isto, os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación da aprendizaxe dos alumnos/as serán:

**-Técnicas de observación sistemática do alumno/a:** asistencia diaria, participación na clase, realización das tarefas indicadas, comportamento, destrezas e habilidades que amosa...

**-Probas obxectivas (teóricas e prácticas)** relativas aos contidos traballados na clase, para observar cal é o grao de coñecementos que acadou o alumno/a. No 6º curso de E.Primaria estas probas valoraranse coas actividades realizadas no caderno de pentagramas, nas fichas entregadas cos apuntamentos de cada unidade e con probas prácticas de interpretación musical (fauta, instrumentos de placas ou instrumentos de percusión).

**-Traballos** que, de darse o caso, terán que ser entregados dentro do prazo establecido; doutra maneira, non serán corrixidos.

-Valoración individual e colectiva das propias **produccións e elaboracións musicais**.

Para rematar, propoño introducir a propia **autovaloración** das producións musicais do alumnado como un instrumento máis. Esta valoración farase a través da audición, visionado e análise por parte do propio alumnado, axudado se é necesario polo mestre, das actividades levadas a cabo. Desta maneira, o alumno/a será máis consciente dos seus erros para así poder mellorar.

## **Dende a Área de Relixión**

Partindo da base que a avaliación serve como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información

necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe, considero que non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha banda, indicando que obxectivos conséguense e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Realizarei unha avaliación inicial, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

Avaliación formativa continua, que pretende coñecer si vanse logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e auto-corrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.

Avaliación sumativa, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; é dicir, avaliación do resultado

Realizaremos probas de avaliación orais ou escritas correspondente as diferentes unidades, observación directa no alumno en diferentes momentos e ambientes , intercambio de información con outros mestres que interveñen co alumno/a facendo un seguimento da avaliación en follas de rexistro que nos permitan determinar o grao de consecución dos obxectivos marcados, así como para valorar a programación e a propia práctica docente. A avaliación da miña intervención como mestra debe ser continua , polo tanto debo tomar datos do proceso para facer os cambios necesarios no momento oportuno para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado.

Os procedementos de avaliación son procesos de traballos individuais e traballos en grupo baseándome principalmente neste ciclo na observación directa dos rapaces. Un permitirá a obtención de información da cantidade de información que aprenden e a outra de como aprende. Así pois, teremos en conta:

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.
- Caderno de clase do alumno/a.

- Actividades de avaliación ( fichas fotocopiables, probas escritas individuais...).
- Traballos de grupo.
- Resolución de exercicios e problemas.
- Actividades de expresión escrita.
- Lectura comprensiva de textos de diferentes tipoloxías e de diversos xéneros literarios.
- Composición pautada de textos de diversas tipoloxías e xéneros literarios.
- Realización de dictados a través de audicións de CD.
- Actividades interactivas.
- *Webquest*, ou xogos cazas do tesouro.
- Preguntas individuais e en grupo.
- Participación do alumno/a.
- Intervencións na clase.
- Postas en común.
- Entrevistas.
- Probas orais individuais.
- Preparación en grupo de diversas actividades para mellorar a destreza oral: coloquios, exposicións, conferencias, debates...
- Explicación oral de anécdotas e situacións vividas.
- Lectura expresiva.
- Escalas.
- Listas de control.
- Registros anecdóticos persoais.
- Registros de incidencias.
- Ficha de rexistro individual.

## **D) DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

## **Dende as Áreas de Coñecemento do Medio, Plástica, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas e Educación para a Cidadanía**

Ao comezo do ciclo levarase a efecto a avaliación inicial co fin de coñecer cal é o grao por parte dos alumnos do desenvolvemento nas competencias básicas e en que medida responden aos obxectivos mínimos establecidos para o segundo ciclo.

Os resultados que se obteñan das probas realizadas orientarán a nosa acción docente e nos permitirán abordar a programación de aula afondando naqueles contidos que máis respondan as necesidades e peculiaridades dos alumnos.

Por outra banda, serviranos de axuda a avaliación final que de cada alumno se recolle no seu historial e o intercambio de información cos profesores do ciclo precedente.

## **Dende a Área de Educación Física**

Realizarémola ao empezar cada unidade para ver o punto de partida dos alumnos/as. En ocasións, unidades anteriores serviránnos como avaliación inicial as seguintes pola similitude de contidos.

En casi todas as unidades ao longo do curso, a primeira sesión ten a función de avaliación inicial, valorando os coñecementos do alumnado sobre os novos contidos a tratar, é dicir, será unha sesión ordinaria pero facendo especial fincapé en tomar rexistros por medio dunha escala de valoración.

## **Dende a Área de Lingua Inglesa**

Ao comezo do ciclo levarase a efecto a avaliación inicial co fin de coñecer cal é o grao de desenvolvemento nas competencias básicas por parte dos alumnos/as e en que medida responden aos obxectivos mínimos establecidos para o segundo ciclo.

Os resultados que se obteñan das probas realizadas orientarán a nosa acción docente e permitirannos abordar a programación de aula afondando naqueles contidos que máis respondan ás necesidades e peculiaridades dos alumnos/as.

Por outra banda, serviranos de axuda a avaliación final que de cada alumno se recolle no seu historial e o intercambio de información cos profesores do ciclo precedente.

## **Dende a Área de Música**

O alumnado cada vez é máis diverso, polo que ao comezar o curso académico faise necesario realizar unha avaliación inicial que sirva como referencia á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades reais do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas de clase, nas que nos adicaremos a recoller información sobre as características do alumno/a (intereses e aptitudes ou destrezas que amosa), o seu entorno socio-familiar, o contexto educativo (dinámica de aula-relacións entre compañeiros) e súa competencia curricular na materia.

Para realizar a **avaliación inicial** contamos con múltiples **instrumentos**, dos que se empregarán:

- Probas de nivel, teóricas e prácticas, para saber o grao de coñecementos previos do alumno/a.
- Debates e xogos variados, que nos permiten observar a interacción entre o alumnado.
- Observación na aula os primeiros días de clase para ver a súa dinámica.
- Entrevistas cos pais e nais.

En definitiva, é necesario realizar unha avaliación inicial, posto que orienta a programación, a metodoloxía a empregar, a organización da aula, as actividades a desenvolver... para así adaptarse mellor á idiosincrasia de cada grupo de alumnos/as.

## **Dende a Área de Relixión**

As probas de Avaliación Inicial parten dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debe ter adquiridos o finalizar o curso anterior.

Realizaremos unha serie de actividades tratando de evitar en todo momento que o alumno as viva coma un exámen. As probas terán un carácter aberto o que permitirá que uns alumnos axuden a outros, tendo en conta que a finalidade en sí é descubrir como están afianzados os contidos do ciclo anterior.

Empregaremos unhas follas de rexistro unha a nivel individual e outra a nivel grupal.

## **E) MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural**

#### ***1º Trimestre***

- Características xerais da reprodución sexual e a reprodución asexual.
- Ideas básicas de aparato reprodutor, gameto, cigoto e embrión.
- Descrición, coa axuda de láminas e esquemas, das fases do proceso da reprodución sexual dos animais.
- Descrición, coa axuda de láminas e esquemas, das fases do proceso da reprodución sexual das plantas espermatófitas
- Os órganos do aparato reprodutor masculino e as súas funcións.
- Os órganos do aparato reprodutor feminino e as súas funcións.
- A fecundación humana.
- Identificación en láminas e debuxos dos diferentes momentos do desenvolvemento embrionario humano.



- As etapas da vida dun ser humano, as súas características e os cambios máis importantes en cada unha delas.
- As enfermidades infecciosas e os seus mecanismos de transmisión.
- Algunhas enfermidades non infecciosas e causas que as producen.
- Algunhas pautas para previr enfermidades infecciosas e non infecciosas
- Elementos dos ecosistemas e tipos de ecosistemas.
- Ideas de adaptación corporal e adaptación de comportamento. Identificación de adaptacións de seres vivos.
- Caracterización e identificación dos tres tipos de seres vivos dos ecosistemas: produtores, consumidores e descompoñedores.
- Os recursos naturais.
- Actuacións humanas que alteran os ecosistemas: sobreexplotación, ocupación de espazos naturais e distintos tipos de contaminación.
- Accións para protexer a vida no planeta.
- Concepto de espazo natural protexido e coñecemento dalgúns deles.

### **2º Trimestre**

- Instrumentos, unidades e procedementos máis frecuentes para determinar a masa e o volume.
- Mesturas e disolucións. Procedementos para separar os compoñentes dalgunhas mesturas.
- Cambios físicos da materia: deformacións, cambios de estado, dilatacións e contraccións.
- A luz e as fontes luminosas. Propagación da luz.
- A reflexión e a refracción da luz.
- Corpos transparentes, translúcidos e opacos.
- Partes dun imán e interaccións entre imáns.
- A electricidade. Condutores e illantes da electricidade.

- Xeradores de electricidade. Os circuítos eléctricos e os seus elementos.
- Ideas de rocha e mineral.
- Capas da xeosfera e estados dos materiais en cada unha das capas.
  - magma e a formación de rochas magmáticas.
- Métodos de extracción de rochas e minerais e usos das rochas e os minerais.
- A hidrosfera. Movementos e fluxos das augas.
- A atmosfera e a súa importancia.
- Fenómenos atmosféricos.
- Como se estuda o clima: instrumentos e rexistros de datos. Climogramas.
- Interpretación de gráficos sinxelos de climogramas
- Coñecer as principais formas do relevo, as zonas climáticas do planeta e os trazos que diferencian os ríos.
- Coñecer algunhas das principais formas de relevo de África, Asia, América e Oceanía.

### **3º Trimestre**

- Accidentes de relevo máis destacados de Europa e algunhas das súas penínsulas e illas máis importantes.
- Tipos de climas de Europa.
- Principais ríos e lagos de Europa.
- Principais accidentes do relevo interior de España e de Galicia, e algúns dos accidentes costeiros.
- Tipos de climas de España e de Galicia.
- Extensión, o número de países e de habitantes e a densidade de poboación de Europa e da unión Europea.
- Vantaxes que teñen os cidadáns da UE.
- Principais órganos de goberno da UE.

- Crecemento natural e real da poboación de España e de Galicia.
- Principais actividades dos tres sectores en Europa, España e Galicia.
- Acontecementos da Idade Moderna e as súas correntes artísticas.
- Algúns feitos do reinado dos Reis Católicos. O descubrimento de América.
- Carlos I e Felipe II.
- A crise do século XVII e o significado do Século de Ouro.
- A Idade Moderna en Galicia.
- A Ilustración.
- A Idade Contemporánea.
- A Revolución Francesa, a Revolución Industrial como os acontecementos máis importantes do século XIX.
- A Guerra da Independencia e algún acontecemento español e galego do século XIX.
- As dúas guerras mundiais.
- Os grandes sucesos políticos de España e Galicia no século XX.

## **Área de Plástica**

### ***1º Trimestre***

- Reproducir os personaxes e cores dalgúns cadros famosos.
- Realizar composicións mesturando tramas propias e outras dadas.
- Debuxar e colorear unha paisaxe campestre e/ou estival.
- Asimilar os conceptos de cor primaria, complementaria e círculo cromático.
- Achegar as luces e sombras propias dos elementos dunha paisaxe segundo a situación do foco luminoso.
- Encaixar as formas animais.
- Debuxar e sombrear con lapis de grafito composicións de obxectos e flores.

- Aprender a organizar os materiais selectivamente.

### **2º Trimestre**

- Seguir os pasos indicados nun exercicio de papiroflexia.
- Sombrear con grafito algunhas partes do rostro humano e aves en movemento.
- Utilizar a cuadrícula como sistema de reprodución de formas.
- Inventar novas paisaxes a partir da combinación de elementos presentes noutros diferentes.
- Gozar coa contemplación e análise de obras de arte. Xogar a recompoñer cadros de grandes artistas.
- Incorporar a perspectiva focal ás habilidades de debuxo persoal.
- Expresar as propias opinións e recibir as alleas sobre o traballo plástico alleo e o propio.

### **3º Trimestre**

- Analizar os esquemas básicos de diversas estruturas florais.
- Utilizar o lapis de grafito para sombrear a pelaxe dun can.
- Encaixar as partes dunha cabeza de perfil e debuxar a figura humana segundo as proporcións propias de cada idade.
- Colorear un bodegón seguindo os pasos de matizado indicados.
- Colorear libremente unha reprodución do Guernica, respectando a relación dos claroscuros.
- Aproveitar as texturas visuais dos papeis para representar bodegóns mediante a técnica da colaxe.
- Realizar experimentos que axuden a reflexionar sobre os contidos plásticos.

## Área de Lingua Galega e Literatura

### **1º Trimestre**

- Identificar os elementos característicos dun texto narrativo.
- Utilizar distintos tipos de dicionarios.
- Clasificar os nomes e coñecer algunhas regras básicas para a formación do feminino e do plural.
- Saber acentuar graficamente as palabras agudas, graves e esdrúxulas
- Recoñecer as partes que compoñen un texto narrativo.
- Relacionar palabras cos seus sinónimos e antónimos.
- Distinguir os determinantes doutras clases de palabras.
- Coñecer e utilizar certas normas especiais de acentuación
- Medir versos correctamente.
- Diferenciar as palabras polisémicas das homónimas.
- Identificar adxectivos e o grao que expresan.
- Saber acentuar graficamente as palabras con ditongo, tritongo ou hiato
- Identificar estrofas sinxelas.
- Distinguir entre palabras primitivas, derivadas e compostas.
- Identificar os pronomes persoais e indefinidos.
- Utilizar correctamente o til diacrítico.
- Recoñecer a finalidade dun anuncio publicitario.
- Identificar sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.
- Identificar os pronomes demostrativos, posesivos e numerais.
- Formar familias léxicas.

### **2º Trimestre**

- Redactar as regras dun xogo.
- Definir substantivos.
- Analizar a estrutura morfolóxica das formas verbais e recoñecer verbos regulares e irregulares.
- Usar correctamente o punto e a coma.
- Identificar e aplicar na praxe certos recursos da linguaxe poética.
- Definir adxectivos correctamente.
- Identificar e clasificar adverbios e locucións adverbiais.
- Empregar correctamente o punto e coma, os dous puntos e os puntos suspensivos.
- Identificar as principais seccións dun periódico.
- Definir verbos correctamente.
- Identificar as preposicións, as conxunción e as contraccións dalgunhas preposicións con certos determinantes.
- Aplicar as normas de uso das comiñas e das parénteses.
- Elaborar unha recensión sinxela dunha película.
- Agrupar palabras en campos semánticos.
- Recoñecer a oración e a frase como dous tipos de enunciados.
- Escribir correctamente palabras con b e con v.
- Recoñecer a estrutura e características dunha entrevista.
- Identificar neoloxismos e estranxeirismos.
- Recoñecer o suxeito como constituínte inmediato da oración e as unidades que poden desempeñar a función de suxeito.
- Escribir correctamente palabras con c, ct e cc.

### **3º Trimestre**

- Recoñecer as características dun texto expositivo.
- Recoñecer siglas e abreviaturas e os seus significados.

- Recoñecer o predicado dunha oración e distinguir entre predicado nominal e verbal.
- Escribir correctamente palabras con z, zz e s.
- Recoñecer e crear caligramas e acrósticos.
- Identificar e formar abreviacións.
- Diferenciar os verbos transitivos dos intransitivos.
- Escribir correctamente palabras cos sufixos -cia/-za e -cio/-zo.
- Recoñecer as características das lendas.
- Identificar palabras comodín e saber o significado de frases feitas.
- Recoñecer os complementos directo, indirecto e circunstancial.
- Escribir correctamente palabras que comezan por ca-, cua- e co-.
- Recoñecer un monólogo teatral.
- Identificar palabras tabú e eufemismos.
- Clasificar oracións segundo a actitude do falante e identificar as interxeccións.
- Escribir correctamente palabras con ex-/es- e extra-/estra-.
- Recoñecer un texto de carácter informativo.
- Identificar dobres sentidos de certas expresións e composicións.
- Coñecer diferentes etapas da historia do galego.
- Utilizar correctamente palabras que se poden escribir xuntas ou separadas.

## **Área de Lingua Castelá e Literatura**

### ***1º Trimestre***

- Coñecer os distintos tipos de dicionario e saber a que dicionario se debe recorrer en cada caso.
- Utilizar correctamente as normas de acentuación.

- Distinguir entre texto, parágrafo, oración e palabra.
- Coñecer a utilidade dun texto.
- Ler co ton axeitado
- Saber substituír palabras polos seus sinónimos.
- Saber formar antónimos empregando prefixos ou lexemas diferentes.
- Acentuar correctamente palabras monosílabas.
- Recoñecer os nomes dun texto e identificar como son polo seu significado, xénero e número.
- Distinguir as acepcións diferentes nas palabras polisémicas.
- Escribir correctamente as palabras compostas.
- Recoñecer os artigos e os adxectivos determinativos.
- Ler e recitar axeitadamente poemas.
- Recoñecer e saber o significado dos prefixos e sufixos cultos que se expoñen.
- Distinguir entre palabras primitivas e palabras derivadas.
- Empregar con corrección o til en ditongos e hiatos.
- Recoñecer as palabras que son adxectivos e o grao en que estes aparecen.
- Utilizar sufixos aumentativos, diminutivos e despectivos para crear novos significados en palabras primitivas.
- Empregar con corrección o til en interrogativos e exclamativos.
- Distinguir os pronomes e diferenciar entre os persoais, os demostrativos e os posesivos.
- Escribir preguntas axeitadas para unha enquisa.

### **2º Trimestre**

- Utilizar correctamente os signos ortográficos do punto e a coma.
- Recoñecer o lexema e as desinencias dunha forma verbal.
- Distinguir entre verbos regulares e irregulares.



- Aplicar as normas ortográficas referidas ao uso dos puntos suspensivos, punto e coma e dous puntos.
- Conxugar os verbos auxiliares haber e ser.
- Analizar formas verbais compostas.
- Definir verbos empregando outros verbos.
- Empregar con corrección comiñas e parénteses.
- Clasificar os adverbios polo seu significado.
- Recoñecer estranxeirismos e evitalos cando sexa posible.
- Escribir correctamente palabras con b ou v en palabras que seguen as regras.
- Distinguir as preposicións e conxuncións nun textos.
- Diferenciar preposicións e conxuncións.
- Recoñecer argumentos nun texto expositivo.
- Recoñecer palabras do mesmo campo semántico.
- Empregar correctamente o g e o j nas palabras as regras das cales se expoñen.
- Recoñecer o suxeito en oracións simple.
- Recoñecer a clase de palabras que realiza a función de suxeito.

### ***3º Trimestre***

- Empregar con corrección o ll e o y en palabras que seguen as regras.
- Distinguir entre o predicado nominal e o predicado verbal.
- Aplicar a norma ortográfica da x.
- Coñecer o complemento circunstancial e as súas clases. Distinguir o complemento circunstancial doutros complementos.
- Recoñecer palabras tabú e empregar os eufemismos correspondentes.
- Escribir correctamente as palabras homófonas máis habituais.
- Recoñecer metáforas e metonimias.
- Escribir correctamente palabras sen norma, pero de uso habitual.

- Saber cantas linguas se falan en España e onde son oficiais.
- Saber en que países se fala a lingua española.

## Área de Matemáticas

### *1º Trimestre*

- Lectura, escritura, composición e descomposición de números de ata oito e nove cifras segundo a orde de unidades e o valor de posición
- Establecemento de equivalencias entre as distintas ordes de unidades dun número. Comparación e ordenación de números.
- Lectura e escritura de números coa numeración romana e exipcia
- Propiedades da suma e da resta.
- Propiedades da multiplicación.
- Aplicación dos algoritmos das catro operacións básicas con números naturais.
- Coñecemento e utilización da xerarquía das operacións na realización de cálculos e na resolución de problemas.
- Práctica do algoritmo da multiplicación e da división con divisores de ata tres cifras.
- Prioridade das operacións.
- Expresión de produtos de factores iguais en forma de potencia, e viceversa.
- Lectura e escritura de potencias.
- Composición e descomposición de números de forma polinómica utilizando as potencias de 10.
- Simplificación da escritura de números grandes utilizando as potencias de 10.
- Identificación da raíz cadrada como operación inversa á potencia de expoñente dous.
- Recoñecemento da relación de divisibilidade entre dous números (mediante a división).

- Obtención dalgúns divisores dun número dado.
- Obtención dalgúns múltiplos dun número dado.
- Cálculo do mínimo común múltiplo de dous números.
- Resolución de sinxelos problemas relacionados coa divisibilidade
- Os números positivos e negativos.
- Representación na recta numérica.
- Ordenación e comparación de números positivos e negativos.
- Suma de números enteiros do mesmo signo e de distinto signo.

### **2º Trimestre**

- Identificación das ordes de unidades decimais.
- Número decimal e fracción decimal.
- Suma e resta de números decimais.
- Multiplicación de números decimais.
- División de dous números decimais.
- Multiplicación e división dun decimal pola unidade seguida de ceros.
- Calcular o valor da fracción dunha cantidade.
- Pasar unha fracción a forma decimal ou un decimal exacto a fracción decimal.
- Simplificar e amplificar fraccións.
- Reducir dúas fraccións sinxelas a común denominador.
- Suma e resta de cantidades enteiras e fraccións.
- Suma e resta de dúas fraccións de distinto denominador.
- Produto dunha fracción por un número.
- Produto de dúas fraccións.
- Cociente de dúas fraccións.
- Suma e resta da unidade cunha fracción propia.

- Construción de táboas de proporcionalidade directa.
- Resolución de sinxelos problemas de proporcionalidade directa.
- Significado do tanto por cento.
- Cálculo mental de porcentaxes de cantidades múltiples de 100.
- Unidade de medidas de ángulos: o grao sesaxesimal.
- Medida de ángulos co semicírculo graduado.
- Clasificación dos ángulos segundo a súa abertura e a súa posición.
- Sistema sesaxesimal de medida de ángulos: o grao, o minuto e o segundo.  
Equivalencias.
- Operacións con ángulos: suma e resta.

### **3º Trimestre**

- Idea de lonxitude. Medicións en unidades lineais.
- Idea de superficie. Medicións en unidades cadradas.
- Diferenciación e cálculo do perímetro e a área dunha figura plana.
- Unidades de lonxitude e de superficie do S.M.D. Equivalencias.
- Perímetro dun polígono.
- Cálculo da área de cadrados, rectángulos e romboides, coñecendo a base e a altura.
- Cálculo da área dun rombo coñecendo as diagonais.
- Cálculo da lonxitude da circunferencia e da área do círculo.
- Identificación dos poliedros e dos corpos de revolución.
- Recoñecemento do número de caras, vértices e arestas dun poliedro
- Cálculo do volume dun prisma
- Establecemento de equivalencias entre as diferentes unidades de volume.
- Aplicación da medida e os cálculos con volumes á resolución de problemas.
- Variables estatísticas.

- Frecuencia absoluta e relativa.
- Histograma e polígono de frecuencias
- Media aritmética e moda
- Concepto de azar. As experiencias aleatorias.
- Obtención do conxunto de todos os resultados posibles.
- Concepto de suceso. Tipos de sucesos: suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.
- Expresión da probabilidade mediante unha fracción.

## **Área de Educación para a Cidadanía**

### ***1º Trimestre***

- Saber que é a identidade persoal.
- Coñecer que vivimos en sociedade.
- Descubrir que vivir en sociedade leva consigo dereitos e obrigas.
- Tomar conciencia da importancia da hixiene persoal e o aseo no vestido
- Saber cales son os nosos dereitos.
- Coñecer por quen e cando foron recoñecidos os Dereitos Humanos.
- Coñecemento da proclamación dos Dereitos do Neno,
- Descubrir que obrigas leva consigo vivir en sociedade.
- Coñecer como evitar os conflitos.
- Descubrir formas para solucionar os conflitos.
- Coñecer as diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres e a súa igualdade en dignidade, dereitos e deberes.

### ***2º Trimestre***

- Saber que é vivir honradamente e cumprir coa lei
- Coñecer que a Constitución é a base de todas as normas legais escritas
- Saber que o fundamento da familia é o amor, o respecto e a confianza mutua.
- Coñecer os dereitos que un neno ten dentro da familia.
- Descubrir que os nenos deben ser preparados para unha vida independente e educados para a paz na igualdade, tolerancia, liberdade e solidariedade
- Saber que no colexio se adquiren coñecementos e se aprende a convivir de forma cívica.
- Descubrir o importante que é a amizade para a vida das persoas.
- Coñecer os dereitos e as obrigas que un neno ten dentro do colexio.
- Coñecer as normas que regulan a convivencia no colexio

### **3º Trimestre**

- Recoñecer o concello democrático como forma de organización dos municipios correspondentes. Coñecer como é a composición da corporación municipal do propio municipio.
- Coñecer os principais servizos municipais que presta o propio concello.
- Saber que é unha autonomía e cal é o seu fundamento.
- Coñecer como se organiza o Estado español como Estado das Autonomías
- Coñecer como se organiza a comunidade ou cidade autónoma.
- Coñecer os servizos que presta a propia comunidade ou cidade autónoma
- Saber que é un Estado democrático.
- Descubrir cal é a forma de organización do Estado en España.
- Coñecer a función do Estado, dos grupos e das persoas na defensa da paz.
- Coñecer o Estado das Autonomías.

## Área de Educación Física

### MÍNIMOS PARA 6º CURSO

1

Comprende as **reglas de funcionamento** da clase de educación física para cumprilas.

Entrega a nota para solicitar aos pais/nais/titores **información médica** necesaria para a práctica da materia.

Entende os **criterios de cualificación** para que queden claros e saiban a organización e puntuación da materia.

Fai bo uso e respecta as **instalacións** que se van a usar na práctica da clase, informar do seu uso e funcionamento.

Fai o **quecemento** como rutina de inicio da clase.

Fai o **aseo** despois da clase.

Realiza a **avaliación inicial** para saber en qué punto nos encontramos a través do xogo.

Comprende as **normas dos xogos** e cumpre con elas.

**Pésase e mídese** ao inicio e final de curso para valorar a súa evolución.

Ten bo comportamento e **respecto** co grupo e coa mestra.

Coñece os **perigos sobre a saúde** dunha mala práctica motriz e pon medios para non sufrilos.

Participa no **diálogo e escoita en situacións de conflito**, solucionando pola vía da fala e o entendemento.

2

Recoñece na práctica e na teórica as capacidades físicas básicas.

Coñece o aparello locomotor: osos, músculos e articulacións. Localización e nomeamento.

Coñece as funcións das articulación, dos músculos e dos osos.

Coñece a función do corazón dentro da práctica motriz e a súa relación coa respiración.

Mostra esforzo en mellorar en cada unha das capacidades físicas básicas.

Usa a respiración adecuadamente para o traballo que se está a facer.

Sabe buscar e tomar o pulso con autonomía.

Aprende a dosificar as forzas nas capacidades.

Recoñece alimentos e as súas propiedades para beneficio da saúde.

Intenta recoñecer as lesións máis comúns dentro da práctica deportiva e saber actuar no momento.

Recoñece e identifica os cambios que se producen no mecanismo respiratorio e cardiovascular durante e despois do exercicio.

Traballa coas habilidades motrices os contidos plantexados nas capacidades físicas básicas.

3

Cofece os xogos predeportivos de Indiaca e Disco volador. Teórica de tódolos elementos necesarios para practicar os xogos de maneira autónoma: regras, instalacións, participantes, material,...

Realiza diferentes tipos de **desprazamentos** utilizando as habilidades básicas de maneira fluída.

Executa de maneira efectiva o **salto** coordinado óculo-manual. Control corporal en situacións motrices complexas.

Executa de maneira efectiva o **lanzamento-recepción** coordinado óculo-manual. Control corporal en situacións estáticas e dinámicas.

Executa o **golpeo** con diferentes partes do corpo, incidindo na efectividade óculo-manual.

Executa **lanzamento, recepcións e golpes** con ámbalas dúas mans. Traballo máis efectivo co lado dominante.

Participa nos partidillos de Indiaca e Disco a final do tema, recoñecendo as regras do xogo e actuar en consecuencia.

Traballa e comprende a **táctica** individual e colectiva en diferentes situacións do xogo.

Traballa e comprende o xogo de **cooperación, oposición e cooperación-oposición**.

4

Cofece o Voleibol. Teórica de tódolos elementos necesarios para practicar o xogo de maneira autónoma: regras, instalacións, participantes, material,...

Realiza diferentes tipos de **desprazamentos** utilizando as habilidades básicas de maneira fluída. Rotacións e desprazamentos pola pista áxiles e acertados.

Executa de maneira efectiva o **salto** coordinado óculo-manual. Control corporal en situacións motrices complexas: salto en suspensión.



Executa o **lanzamento-golpeo coordinado** para elaborar o saque. Experimentar cos dous lados e dominar un.

Executa o **golpeo** de antebrazos dirixido de antemán.

Executa o **toque de dedos** coordinadamente con efectividade de resultados, dirixilo de antemán.

Combina **varios toques** de balón antes de pasalo de campo. Anticipación de movementos.

Coñece e experimenta o bloqueo e o saque de suspensión.

Executa **lanzamento, recepcións e golpeos** con ámbalas dúas mans. Traballo máis efectivo co lado dominante.

Participa nos partidillos de Voleibol a final do tema, recoñecendo as regras do xogo e actuar en consecuencia.

5

Coñece o Bádminton. Teórica de tódolos elementos necesarios para practicar o xogo de maneira autónoma: regras, instalacións, participantes, material,...

Traballou os aspectos técnicos e dominaos para facer o xogo: drop, clear, deixada, drive, ...

Realiza diferentes tipos de **desprazamentos** utilizando as habilidades básicas de maneira fluída. Rotacións e desprazamentos pola pista áxiles e acertados cun implemento na man. Executa de maneira efectiva o **salto** coordinado óculo-manual. Control corporal en situacións motrices complexas: salto en suspensión e sin suspensión con golpeo de raqueta.

Executa o **lanzamento-golpeo coordinado** para elaborar o saque coa raqueta.

Experimentar cos dous lados e dominar un.

Participa nos partidillos de Bádminton a final do tema, recoñecendo as regras do xogo e actuar en consecuencia.

6

Coñece o Floorball. Teórica de tódolos elementos necesarios para practicar o xogo de maneira autónoma: regras, instalacións, participantes, material,...

Utiliza o stick respetando as normas de seguridade postas e levalas a rajatabla.

Traballa os aspectos técnicos e dominalos para facer o xogo: golpeos, recepcións, tipos de pases e tiros a portería.

Realiza diferentes tipos de **desprazamentos** utilizando as habilidades básicas de maneira fluída cun implemento na man dominante. Rotacións e desprazamentos pola pista áxiles e acertados.

Executa o **pase-golpeo coordinado** para elaborar o xogo. Experimentar cos dous lados e dominar un.

Executa o **tiro** a portería coordinando carreira-golpeo con efectividade.

Participa nos partidillos de Floorball a final do tema, recoñecendo as regras do xogo e actuar en consecuencia.

7

Cofece o Beisbol. Teórica de tódolos elementos necesarios para practicar o xogo de maneira autónoma: regras, instalacións, participantes, material,...

Utiliza o bate respetando as normas de seguridade postas e levalas a rajatabla.

Traballa os aspectos técnicos e dominalos para facer o xogo: golpes, recepcións, tipos de pases, carreiras.

Realiza diferentes tipos de **desprazamentos** utilizando as habilidades básicas de maneira fluída. Rotacións e desprazamentos pola pista áxiles e acertados.

Executa o **golpeo** co bate para iniciar o xogo individual dentro do equipo.

Sabe empregar a carreira dentro do xogo para non ser eliminados.

Participa nos partidillos de Beisbol a final do tema, recoñecendo as regras do xogo e actuar en consecuencia.

#### Comúns a tódalas unidades:

Traballa e comprende a **táctica** individual e colectiva en diferentes situacións do xogo.

Traballa e comprende o xogo de **cooperación, oposición e cooperación-oposición**.

Visualiza o espazo e o tempo de execución, atender a estes para ser efectivo nas habilidades motrices, xenéricas e específicas.

Executa a coordinación dinámica xeral: motriz básica, xenérica e específica mostrando unha mellora dende o comezo, empregando o esforzo por facelo ben.

Control motor e corporal desde unha posición previa á acción. Técnica de movemento.

Mostra seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. Autonomía.

Interioriza o esforzo físico necesario para afrontar as actividades propostas.

Recoñece os beneficios da actividade física na saúde integral das persoas.

Identifica os **perigos sobre a saúde** dunha mala práctica motriz.

Practica xogos con dificultade crecente.

Acepta e **respecta as normas, regras e persoas** que participan no xogo

Participa no **diálogo e escoita en situacións de conflito**, solucionando pola vía da fala e o entendemento.

Fai uso adecuado das **novas tecnoloxías** nos momentos puntuais de traballo, atendendo ao funcionamento das clases.

Leva a cabo o **proxecto lector** adecuando ás necesidades da clase.

Usa de xeito adecuado os **materiais e os espazos** de educación física.

Fai o **aseo** diario despois da clase práctica.

Fai un **quentamento** adecuado para a parte principal, así coma uns **estiramientos** finais adecuados.

Valora e acepta a propia realidade corporal e a dos demais.

Participa favorablemente nas actividades físicas aceptando as propias posibilidades e limitacións.

Mostra autonomía, así como un comportamento adecuado, en tódalas partes da clase: traslados, toma de lista, quecemento, parte principal, volta á calma, aseo, recollida e posta de material cando sexa necesario.

## Área de Lingua Inglesa

Ao rematar o curso, o alumnado do 3º ciclo de Educación Primaria deberá alcanzar os seguintes mínimos esixibles:

- Dicar e escribir a data e a hora.
- Saber escribir, deletrear e nomear os meses do ano e os días da semana.
- Saber ler e escribir números grandes e cantidades.
- Saudar e pedir e dar información persoal.
- Entender a alguén cando dea certas indicacións.
- Ser quen de nomear personaxes dos contos lidos durante o curso escolar.

- Dicar os nomes de algúns países.
- Escribir e ler descrições de persoas, animais,...
- Describir fotografías sobre lugares.
- Entender as indicacións do profesor/a.
- Comprender o sentido global de mensaxes orais e escritas procedentes de distintas fontes.
- Cantar algunha canción.
- Facer preguntas sinxelas e respostar a elas.
- Ser quen de escribir palabras, frases sinxelas, preguntas e descrições curtas de xeito autónomo.
- Ser quen de presentar un proxecto ao final das unidades.
- Recoñecer, ler e escribir o vocabulario das diferentes unidades didácticas.
- Ler usando ritmo, acentuación e entoación adecuados.
- Recoñecer, identificar e valorar algúns aspectos socioculturais de países onde se fale a lingua estranxeira.

## Área de Música

Os “**mínimos esixibles**” para promocionar ao 1º Ciclo de E.S.O. en E.Musical son:

- Coñece e discrimina os parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- Domina a escritura da Clave de Sol e a respectiva colocación das notas musicais no pentagrama.
- Diferencia claramente no pentagrama, as liñas dos espazos.

- Asocia as representacións gráficas convencionais das figuras musicais (redonda, branca, negra e corchea) e dos silencios (redonda, branca, negra e corchea), co son que producen, e viceversa.

- Recoñece os tres tipos de compases (binarios, ternarios e cuaternarios) e iniciouse no traballo con eles.

- Interpreta correctamente tres das pezas instrumentais que se traballaron ao longo do curso.

- Identifica visual e auditivamente as diferentes familias de instrumentos e cada instrumento en particular.

- Amona interese, respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo nas actividades de interpretación e de creación.

## **Área de Relixión**

- Coñecer e valorar a súa forma de ser.
- Valorar as crenzas dos antepasados representadas en obras do patrimonio cultural da súa localidade.
- Aprender a abrirse á transcendencia.
- Respetar as diferentes actitudes ante a existencia de Deus.
- Comprender a necesidade de coidar, conservar e continuar a Creación.
- Identificar o símbolo da auga no Bautismo.
- Recoñecer a actitude de fe e de amor do relato do centurión romano.
- Comprender os consellos de Xesús sobre a oración.
- Comparar o xudaísmo, o cristianismo e o islam en canto aos nomes que lle dan a Deus, os seus fundadores, libros sagrados e lugares de culto.
- Coñecer o relato bíblico de Xesús coa samaritana.
- Recoñecer a Xesús como o Mesías Salvador na historia do pobo de Israel.
- Identificar o Advento como tempo de preparación do nacemento de Xesús.
- Coñecer quen foron os discípulos de Xesús e a súa misión.
- Comprender o compromiso social dos •

- Recoñecer a actitude de perdón de Xesús coa muller pecadora.
- Ser capaz de recoñecer a necesidade de ser perdoado e de perdoar.
  - Coñecer a vida de María e as súas actitudes de confianza, espera e alegría.
  - Comprender a importancia de contaxiar alegría.
  - Coñecer a orde dos principais ritos propios do sacramento
  - Identificar o Mandamento do Amor en diferentes accións e actitudes.
  - Participar na dramatización das últimas vivencias de Xesús cos seus discípulos.
  - Aprender a coñecer as consecuencias das propias decisións.
  - Coñecer o encontro de Xesús con Marta e María.
  - Valorar o testemuño cristián e a coherencia entre fe e vida cristiá.
  - Sintetizar a misión de organizacións como *Jóvenes y Desarrollo* e *Cáritas*.
  - Comprender a vontade de Deus para a humanidade: felicidade, liberdade e esperanza dun mundo mellor.
  - Contemplar e comprender o significado de distintas pinturas que evocan elementos relixiosos.
  - Explicar os sentimentos que lle esperta a beleza de diversos elementos naturais.
  - Coñecer as principais crenzas, deuses, espazos e ritos sagrados das relixións prehistóricas e antigas de Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.
  - Identificar elementos simbólicos da cultura e da relixión xudía.
  - Relacionar a Alianza de Deus co pobo de Israel e cos personaxes de Abraham, Moisés, Samuel e Xeremías.
  - Coñecer os trazos principais do hinduísmo, do budismo e do islam.
  - Amosar respecto e valorar o patrimonio cultural destas relixións.
  - Resumir a misión encargada por Xesús aos seus discípulos e vinculala á actualidade.
  - Coñecer as virtudes cristiás.
  - Identificar obras de arte coa mensaxe cristiá.
  - Comprender o significado profundo das tradicións e dos xestos do Nadal.
  - Identificar e interpretar elementos simbólicos na pintura *Adoración dos Reis* de Giotto.
  - Coñecer e valorar o testemuño de fe e vida dos primeiros cristiáns.
  - Identifica os ritos e os signos presentes no sacramento da Confirmación.
  - Valorar o testemuño de persoas cristiás comprometidas coa sociedade e coas necesidades humanas.
  - Asociar a linguaxe litúrxica da celebración da Orde co seu significado e intención.
  - Valorar o amor e os seus froitos a partir de modelos próximos.

- Relacionar as actitudes de María con exemplos propios da vida cotiá.
- Coñecer o calendario litúrxico e os símbolos de cada tempo.
- Aprender a valorar e a respectar as festas e o modo de vida cristiáns.
- Coherencia necesaria entre a fe e a vida cristiá.
- Identificar a Xesús como modelo de fidelidade.
- Tomar decisións de forma responsable segundo os propios valores.
- Valorar a esperanza cristiá e a coherencia entre fe e vida cristiá.
- Comprender o significado do sacramento da Unción.
- Amosar algunhas actitudes comprometidas cos demais.
- Amosar boa predisposición á transcendencia e identificar a Xesús como modelo dos cristiáns.

## **F) ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO**

### **Dende as Áreas de Coñecemento do Medio, Plástica, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas e Educación para a Cidadanía**

Avaliación e recuperación son dous conceptos estreitamente vencellados. A avaliación achéganos datos sobre a evolución do alumno no seu proceso de aprendizaxe e, asemade, esixe a recuperación cando eses datos non son satisfactorios. Polo tanto, é esencial detectar se o problema é de tipo cognitivo –coñecementos insuficientes nunha área determinada- ou afectivo –falta de interese e motivación, actitude negativa, inadaptación social e escolar- . Neste segundo caso a intervención pasará por unha recuperación máis psicolóxica que didáctica.

No suposto de que a dificultade ou carencia detectada sexa de tipo cognitivo é fundamental actuar de xeito inmediato e terá un carácter retroactivo completando e afondando naqueles baleiros que se consideren básicos –con fichas de práctica ou

reforzo que melloren as súas competencias-, readaptando o ritmo do proceso de aprendizaxe ou as estratexias metodolóxicas, modificando a maneira de facer a avaliación e mesmo reflexionando sobre a propia acción docente.

Se estas actuacións non frutifican será conveniente solicitar o asesoramento do departamento de orientación co fin de reorientar o labor docente cara outras estratexias ou sopesar a posibilidade de recibir apoio por parte dun docente especialista.

Nalgúns casos, nos que as estratexias de recuperación non dean o resultado esperable, a repetición de curso poderase facer necesaria e mesmo positiva.

Durante o desenvolvemento das Unidades Didácticas, prestarase especial atención aos alumnos/as que deban recuperar a materia do curso anterior, mediante explicacións e realización dalgunhas actividades que poderán facer na casa..

## **Dende a Área de Educación Física**

Este punto está tratado no apartado de cualificacións de maneira máis concreta.

Os Reforzos fanse a medida que transcurren as clases, vanse dividindo en grupos de nivel ou mezclando equitativamente dependendo do caso e da práctica, deste xeito van tirando uns dos outros/as anímicamente e no esforzo.

O aviso das probas faise con antelación suficiente para prepararse ou aproveitar ao máximo as clases, exercicios comúns nesta clase de situacións avaliadoras: explícase en qué vai consistir a proba, tanto teórica como práctica, dase conta da puntuación dos diferentes apartados e procédese por grupos ou individual atendendo a situación que se preste.

## **Dende a Área de Lingua Inglesa**



Non todos os alumnos/as aprenden do mesmo xeito nen ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en diversos materiais para que teña cada vez un sentido e a repetición non aburra.

Para aqueles alumnos/as que rematan pronto e para os que amosan máis habilidade contarase con:

- Fast finisher tips.
- Extension worksheets.
- Grammar worksheets.

Para os alumnos/as que requiren máis práctica ou necesitan un reforzo cóntase con:

- Reinforcement worksheets.
- Actividades opcionais e actividades extra con material fotocopiado, que poden ser realizadas segundo conveñan ao desenvolvemento da clase e do alumno/a.

## **Dende a Área de Música**

A recuperación da materia ao longo do curso é fundamental para aqueles alumnos/as que presenten maiores dificultades no proceso de aprendizaxe. Neste sentido, aplicarase a dinámica de traballo que se explica a continuación.

O reforzo iniciárase a partir da segunda avaliación, aplicable a aqueles alumnos/as que non lograron aprobar a materia no primeiro trimestre. Dito alumnado contará con material de apoio sobre aquelas probas teórico-prácticas suspensas, proporcionado polo profesor, e cunha axuda extra durante as clases ordinarias.

Así, nas probas ordinarias da segunda avaliación inclúiranse aspectos da primeira, e nas da terceira inclúiranse aspectos da primeira e segunda avaliación, posto que os

contidos da materia de E.Musical son sumativos. É dicir, non se pode traballar con compases sen antes coñecer a duración de cada figura e respectivo silencio.

## **Dende a Área de Relixión**

Non se realizan reforzos que se consideren específicos nin actividades de recuperación dende a área de relixión, pois ata agora os alumnos acadaron os obxectivos establecidos.

## **G) PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

### **Dende todas as Áreas**

Derívase do propio proceso avaliativo das aprendizaxes, xa que o grao de éxito ou fracaso na consecución destas por parte do alumno medio, determinará o grao no que se acadaron as intencións recollidas na programación e a pertinencia de modificacións e reaxustes sobre a estratexia didáctica co fin de achegarse ás condicións reais dos alumnos.

De darse nunha proporción alta, uns resultados negativos avaliarase a pertinencia dos obxectivos e a adecuación de metodoloxía didáctica empregada a fin de reorientar o labor docente.

O proceso de avaliación vaise a levar a cabo non só para avaliar o proceso de aprendizaxe dos nosos alumnos/as, senón tamén o utilizaremos para levar a cabo a avaliación do noso proceso de ensino. Polo tanto, o mestre, como responsable de todo o proceso programador, debe ser avaliado, do mesmo xeito que a mesma unidade didáctica.

### Da labor docente:

Avaliarase ao profesor de dúas formas: unha autoavaliación por parte do profesor a través dunha planilla ou lista de control e un cuestionario que se lle pasará ao alumno ao final do curso.

Lista de control ou autoevaluación	Si	Non	As veces
Realizouse a programación de aula secuenciando os contidos e actividades en UDD?			
Establecéronse criterios de avaliación e indicadores acordes cos cos obxectivos e contidos establecidos e secuenciados?			
Producíronse desordenes, altercados, descontrol, etc, durante o desenvolvemento das sesións?			
Analizáronse as causas?			
Solucionáronse?			

Damos información ao longo de todo o proceso de E-A?			
Foi suficiente e eficaz?			
Establecemos a posibilidade de seguir distintos ritmos de aprendizaxe?			
Establecemos as correspondentes adaptacións específicas?			
Tívoise a axuda suficiente, tanto no deseño das adaptacións como na realización do plan cos alumnos con necesidades educativas específicas do DO/PT/educadores?			
Establecéronse as pertinentes actividades de ampliación e reforzo para os alumnos que teñen dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos?			

<b>Enquisa para a avaliación do profesor</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>	<b>As veces</b>
Explicouche as tarefas e para que se fan?			
Gustáronche as actividades propostos polo mestre?			
Divertíteste?			
O mestre estivo pendente nas sesións para axudarche e correxirche?			
Atopácheste motivado na práctica das actividades?			
O mestre tratoute igual que aos teus compañeiros?			
Coida o mestre o material ?			

### **Avaliación da Unidade Didáctica:**

Parte da reflexión do mestre sobre a súa práctica docente. Para avaliar a unidade didáctica utilizarase a ficha de axuste da Unidade Didáctica ou planilla de observación, que a continuación presentamos:

Avaliación da Unidade Didáctica		
	Si	Non
Comprobamos a coherencia entre obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe e avaliación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Xurdiu algún problema que non se previu?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Resultou adecuado o material utilizado?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Espertou o interese dos alumnos?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Utilizáronse actividades adecuadas?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
As actividades espertaron o interese dos alumnos?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
A maior parte dos alumnos aprenderon o previsto de acordo aos obxectivos?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Explicación das observacións	
Como se resolveron os problemas que xurdiron?		
Que actividades causaron problemas?		

Que actividades conviría cambiar ou suprimir?	
Para o alumno, como foron as tarefas programadas?	

## Dende a Área de Educación Física

O núcleo da clase de educación física é o movemento, o constante cambio tanto de instalacións coma de organizacións do alumnado, cambios de material, traslados, aseos, ... o movemento predomina tódolos días, polo tanto, é moito máis fácil que xurdan interrupcións que paralicen as clases, paróns de actividade para volver explicar, axudar, compartir material, o final de cada clase a análise de resultados, durante a volta a calma, os alumnos-as poderán opinar acerca de certos aspectos da nosa acción docente ... situacións que hai que ter en conta na avaliación da programación para solucionar ou prantexar doutra maneira, se fose o caso, para mellorar o traballo dos contidos e así alcanzar os obxectivos didácticos e de etapa propostos.

Empregaremos tamén as reunións con outros mestres para reflexionar sobre a nosa propia programación, así coma as propias reunións de avaliación.

H)

**AVALIA**

### **CIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE**

Para avaliar a práctica docente deste ciclo, os mestres recurren as seguintes cuestións: Que avaliar?, A quen avaliar?, e Cando avaliar?.

**Que avaliar?**, no proceso de ensinanza por parte do mestre/a avalíase a propia práctica docente, ven sendo o modo de transmisión da información que ten que chegar

clara e precisa ao noso grupo; no proceso de aprendizaxe avalíase ao alumnado, tanto os coñecementos previos como a evolución cara os novos.

**A quen avaliar?**, no proceso de ensinanza avalíase ao profesorado, todos aqueles matices, feitos, exemplos, modos,...que contribuen a chegar eficazmente ao grupo-clase; e no proceso de aprendizaxe avalíase ao alumnado, todos os resultados obtidos de maneira individual e grupal, todo aquilo que chegou ou non chegou as súas cabezas, reflexións, opinións,...

**Cando avaliar?**, facendo referencia aos momentos temporais, atenderase a unha Avaliación Inicial (buscar o punto de partida do grupo-clase en xeral e individualmente), unha Avaliación Continua (durante a realización do proceso de aprendizaxe, así como corrixindo posibles problemas de aprendizaxe e reforzando o proceso de ensinanza), e cunha Avaliación Final (unha vez finalizado o curso escolar, faise unha avaliación, unha reflexión da consecución dos obxectivos propostos e anótanse os cambios propostos).

## **9. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS**

**Dende as Áreas de Coñecemento do Medio, Matemáticas, Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Plástica e Educación para a Cidadanía**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece como obxectivo da Educación Primaria "Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran".

O longo do curso utilizaranse as TIC dun xeito integrador en todas as áreas de coñecemento e atendendo a consecución das competencias básicas do tratamento da información e a competencia dixital que se sinalan en cada unha delas.

Os obxetivos para introducir as tecnoloxías da información e da comunicación serán os seguintes:

- Habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento.
- Coñecer os distintos tipos de transmisión da información e dos soporte posibles para iso.
- Utilizar diversas estratexias para acceder a información adecuada a fonte a cal se acude e o soporte que se utilice (audiovisual, dixital, multimedia, oral,...).
- Dominar a linguaxe específica básica (textual, numérica, iconica, visual, gráfica e sonora) das TIC.
- Saber rexistar, organizar, analizar a información sabendo diferenciar a información que se pode atopar na rede atendendo a que ten rigor e a que non.
- Coñecer mecanismos de seguridade na rede e potenciar un uso responsable dos recursos que se poñen o noso alcance.
- Utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como un instrumento de traballo intelectual, coñecendo o uso do procesador de textos ou como método de presentación de traballos.
- Desenvolver a capacidade para interpretar as noticias que achegan os medios de comunicación e opinar sobre elas.
- Analizar e coñecer as características da publicidade. Saber utilizar o correo electrónico para se comunicar. Saber buscar en internet de forma guiada.



Para conseguir entes obxetivos utilizaranse recursos diversos, como pode ser programas informáticos e software libre, internet, ordeador de aula, pizarra dixital, cds, recursos audiovisuais e multimedia,...

## **Dende a Área de Educación Física**

En canto ao proxecto relacionado coas novas tecnoloxías, dende a área de E.F. a nosa aportación será a seguinte:

Acudiremos varias sesións en cada trimestre a aula de informática onde o alumnado irá realizando os xogos e propostas atopadas na páxina do Proyecto Ludos elaborada polo Ministerio de Educación ou outras páxinas que nese momento nos parezan oportunas.

Trataremos de que o alumnado manipule aparellos non comúns nas sesións de E.F. como son o vídeo (visionado dalgunha película, canción ou baile motriz), a videocámara ou cámara de fotos usadas de xeito puntual para a gravación dalgunha actividade,....

A asistencia a aula de informática será un pouco aleatoria por diversos motivos:

Compartimos aula de informática con Educación Secundaria, co que o acceso a ela faise máis complexo. O tempo atmosférico, as veces impídenos a asistencia ao pavillón polideportivo porque non é posible o traslado e aproveitamos para ver a dispoñibilidade da aula de informática.

Temos tamén que contar cos festivais de Nadal e Antroido que se celebran no ximnasio, co que un par de días antes coméncase ca súa decoración e acondicionamento, impedindo de algún modo a marcha das sesións da nosa área.

[www.aulaclie.net](http://www.aulaclie.net), [www.internetenelaula.es](http://www.internetenelaula.es), [www.cuadernosdepedagogía.com](http://www.cuadernosdepedagogía.com),  
[www.efdeportes.com](http://www.efdeportes.com), [www.edusport.com](http://www.edusport.com)

## **Dende a Área de Lingua Inglesa**

O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte de mundo, utilizando as Novas Tecnoloxías, creando contextos reais e funcionais de comunicación.

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Cada trimestre colócase na Sala de Profesores una plantilla para anotarse no caso de querer reservar a sala de informática, deste xeito cada profesor/a pode planificar as súas clases coñecendo a disponibilidad dos espazos. As novas tecnoloxías ofrecen aos nenos/as a oportunidade de procesar información e consolidar coñecementos mediante xogos, contos interactivos e actividades diferentes visitando distintas páxinas web.

Así pois, aproximadamente cada 20 días, os/as nenos/as interectuarán co CD ROM de cada unidade didáctica, sempre que se teña disponibilidad, xa que, dependeremos da aula de informática.

Na clase de inglés utilizaremos algúns dos seguintes recursos:

- TV e vídeo
- Reproductor CD e o CD de audio
- Ordenador da aula

Na aula de informática, tamén empregaremos o CD interactivo que ten o/a profesor/a e que se mostraría dende o administrador, para realizar as actividades que contén por trimestres entre todos, en gran grupo...

As **Actividades de Inglés** propostas utilizando as novas tecnoloxías detállanse a continuación:

Dicionarios interactivos: Consultar palabras, realizar exercicios interactivos.

Enciclopedias temáticas: Consultar datos, atopar información para os traballos.

Gramáticas interactivas: Exercicios de completar, elixir, unir, etc.

Xogos interactivos:

- Explorar campos léxicos e relación entre palabras
- escoitar e completar, elixir imaxes, letras, palabras, etc.

Contos e lecturas interactivas:

- escoitar, ler relatos
- interactuar coa lectura contestando o elixindo opcións

CD-ROMS dos libros de texto:

- Traballar os contidos dunha maneira máis interactiva.
- Actividades instructivas de todo tipo: Gap filling, matching.

Exercicios autocorrixibles: Prácticas de distintas destrezas e aspectos lingüísticos: Reading, listenings, phonetics,....

**Dende a Área de Música**

A incursión da tecnoloxía nas nosas vidas é tan intensa que provoca fortes modificacións nos nosos actos cotiáns domésticos. Moitos son os produtos tecnolóxicos que manexamos a diario e que posibilitan o acceso ao coñecemento da tecnoloxía en grande medida, polo menos a nivel de usuario.

A música é precisamente un elemento no que a tecnoloxía ten una presenza profunda. Hoxe en día non se entende o fenómeno musical sen estar vinculado dalgunha forma a un dispositivo tecnolóxico; a experiencia da música gravada constitúe en sí mesmo un proceso sumatorio de pasos, onde os avances tecnolóxicos van deixando a súa pegada.

A música depende de variados e cruciais elementos tecnolóxicos que permiten dende gravar a música, escoitala nun reproductor portátil, manipulala nun ordenador, distribuíla nun determinado soporte... xa que logo, resulta xustifico que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos, atendendo a unha necesidade social que fai da tecnoloxía un contexto habitual.

Así, atendendo ao Plan de Integración das TICs existente no centro e tendo en conta os recursos (TICs) cos que contamos na aula de música, fomentaranse as novas tecnoloxías da seguinte maneira:

-Traballaremos co programa informático “Encore” para reforzar a aprendizaxe das figuras musicais (redonda, branca, negra, corchea e semicorchea) e dos seus respectivos silencios.

-Utilizaremos o programa informático “Finale” como axuda para solfexar e interpretar as partituras musicais que se traballen en cada unidade. Ademais aprenderemos a escribir con él unha partitura.

-Internet empregarase para a busca e ampliación de información sobre os contidos máis teóricos da área: familias de instrumentos, compositores...

-Empregaremos os Cds de audio para traballar as audicións propostas e aprender as cancións que se estudan en cada unidade didáctica.

-Consultaremos varias páxinas web educativas para poñer en práctica os contidos aprendidos durante o curso.

-Empregaremos Internet para visionar en varias páxinas web videoclips de grupos musicais actuais.

-O proxector e máis a pantalla serán utilizados sempre que empreguemos o ordenador, para mellorar a visión dos alumnos/as.

-Por último, empregaremos un blog de aula [www.clavedesilva.blogspot.com](http://www.clavedesilva.blogspot.com) no que lles colgarei apuntes, resumos, actividades en liña con autocorrección para repasar as unidades didácticas e outras noticias musicais que poidan resultar do interese do alumnado.

## **Dende a Área de Relixión**

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula nesta materia convértese nunha peza cruce como ferramenta para recibir e transmitir información .

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital.

Dende esta área se contribúe ao plan TIC( tendo en conta os escasos materiais cos que contamos) a través das propias actividades de aula:

- Desenvolvendo habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.
- Manexando programas adaptados as características do alumnado.
- Realizando xogos educativos, lectura e produción de contos en soporte dixital.
- Proxección de documentais ou vídeos.

- Búsqueda de información así como a comparación e a selección desta.

Consideramos as TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso escolar 2014/2015 levaranse a cabo unha serie de actividades complementarias e extraescolares nas que participará o alumnado de terceiro ciclo (6º nivel), tales como:

### **Actividade N° 1: CHARLAS INFORMATIVAS DE PROFESIONAIS QUE COMPLETARÁN A FORMACIÓN DO ALUMNADO (PERIGOS DE INTERNET, SUSTANCIAS NOCIVAS PARA A SAÚDE,...)**

#### OBXECTIVOS:

- Concienciar dos perigos que podemos atopar na web.
- Identificar sitios dos que hai que desconfiar.
- Valorar páxinas web para o seu uso.
- Concienciar dos perigos das sustancias nocivas para a nosa saúde.
- Repercusións da inxesta de determinadas sustancias.
- Valorar os perigos que conlevan a inxesta de sustancias e alcohol.

TEMPORALIZACIÓN: por determinar.

LUGAR DE REALIZACIÓN: instalacións do colexio por determinar.

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: ningunha.

ALUMNADO PARTICIPANTE: 6º

RESPONSABLE: titores de 6º.

## **Actividade Nº 2: ACTIVIDADES TEATRAIS OFERTADAS PARA A ANIMACIÓN Á LECTURA.**

### OBXECTIVOS:

- Fomentar o gusto pola lectura dende un ámbito lúdico.
- Motivar actividades culturais que traballen a comprensión oral e a atención.
- Achegar actividades culturais aos nenos/as.

TEMPORALIZACIÓN: por determinar.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Casa da Cultura de Lousame ou instalacións do colexio.

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: ningunha.

ALUMNADO PARTICIPANTE: 6º.

RESPONSABLES: titores de 6º.

## **Actividade Nº3: CONCERTOS DIDÁCTICOS DE AGRUPACIÓNS MUSICAIS, TANTO FÓRA COMO DENTRO DO COLEXIO.**

### OBXECTIVOS:

- Fomentar o gusto pola cultura musical.
- Facer chegar aos nenos/as actividades lúdicas e didácticas que traballen o sentido musical.
- Promocionar a Escola Municipal de Lousame.

TEMPORALIZACIÓN: por determinar

LUGAR DE REALIZACIÓN: por determinar

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: ningunha.

ALUMNADO PARTICIPANTE: 6º.

RESPONSABLE: Ana Seoane

## **Actividade Nº4: MARCHA DE SENDEIRISMO POLA COMARCA**

### OBXECTIVOS:

- Coñecer o seu propio entorno. Respetar o medio ambiente. Fomentar o compañeirismo.
- Realizar actividades físico-deportivas no entorno natural.
- Mellorar as súas capacidades físicas.

TEMPORALIZACIÓN: fin de curso: unha xornada. (dentro da semana das letras galegas)

LUGAR DE REALIZACIÓN: por determinar

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: ningunha.

ALUMNADO PARTICIPANTE: 6º cos da ESO.

RESPONSABLE: Cristina Sanvicente e Germán Pérez Vidal.

### **Actividade Nº5: EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO: viaxe a unha estación invernal**

OBXECTIVOS:

- Participar nunha saída en grupo con fins lúdicos e didácticos.
- Realizar actividades físico-deportivas no entorno natural da alta montaña
- Mellorar as capacidades físicas básicas coa práctica do esquí
- Coñecer a técnica básica de esquí.

TEMPORALIZACIÓN: unha semana durante o 2º trimestre.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Astún ou Candanchú en Jaca. (por circunstancias de escaseza de neve pódese cambiar de estación).

REPERCUSIÓNS ECONÓMICAS: o custo o asumirá cada alumno. Faranse actividades no colexio para abaratalo un pouco.

ALUMNADO PARTICIPANTE: 6º.

RESPONSABLE: Cristina Sanvicente e Germán Pérez Vidal.

- Posibilidade de facer tres saídas, unha por trimestre, que comparten carácter lúdico e cultural na formación do alumnado.
- Participar no Magosto, Nadal, Entroido, Día do Libro, Día das Letras Galegas con traballos e actuacións grupais.
- Efemérides concretadas en Claustro tales como: Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro), Día Escolar da Non Violencia e da Paz (30 de xaneiro), Día



Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo), Día do Libro (23 de Abril), Día das Letras Galegas (17 de maio), éstes e outros a maiores que se falarán nas vindeiras reunións de ciclo.

**Dende a Área de Educación Física** fomentárase o gusto pola actividade física, o xogo no medio natural, a colaboración e participación activa, responsabilidade polas cousas ben feitas, divertimento,... que envolven as propostas de actividades complementarias e extraescolares que se propoñen ao longo do curso.

A modo de exemplo podemos citar a colaboración no festival de Nadal ou o festival de Entroido, así como algunha específica da nosa área, por exemplo, algunha ruta de sendeirismo adecuada o primeiro ciclo de Educación Primaria, e sempre colaboraremos con saídas de calquera tipo que se oferten dende o centro.

As actividades complementarias e extraescolares propostas **dende a área de E.Musical** tratan de completar nalgúns casos o interese que algúns alumnos/as amosan, e noutros casos o que se pretende é que o grupo ao completo teña a posibilidade de asistir a algunha audición en directo ao longo do curso.

As actividades propostas son:

- Visita ao Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) ou a calquera sala de concertos.
- Asistir a algún espectáculo musical.
- Concertos/Obradoiros didácticos de agrupacións musicais, tanto fóra como dentro do colexio.
- Asistir á gravación dun programa musical, dunha televisión local ou rexional.
- Visitar a Catedral de Santiago de Compostela para coñecer o seu órgano.

## Dende a Área de Relixión

As actividades complementarias se realizaran sempre buscando o aprendizaxe o máis significativo, funcional e motivador para os nosos alumnos/as . A continuación fago unha pequena mención a algunhas destas actividades:

- Ler e comentar un texto bíblico, artigo de xornal, contos populares, acontecementos etc...
- Observa-las ilustración contestar ás preguntas sobre o que observan.
- Comparar e reflexionar sobre unha experiencia próxima da historia do neno/a (álbum de fotos) coa experiencia relixiosa da historia dos cristiáns (Biblia)..
- Completar esquemas
- Comezar a elaboración dun ficheiro de consulta coas palabras novas de cada unidade
- Tomar como referencia un problema vivido por un neno/a (enfado cun amigo, por exemplo) para chegar a entende-la historia do pobo de Israel e como este esperaba a chegada do Salvador tal como Deus lle prometera.
- Completar frases relacionadas coas ilusións
- Ler e contestar ás preguntas.
- Confecciona-lo calendario. Murais, carteis con diferentes temáticas relacionadas ben co tema tratado ou con algún acontecemento do que estemos falando..(o medio ambiente, o día da paz, día dos dereitos do neno...)
- Pensar en persoas coas que o alumno/a se relaciona e reflexionar sobre feitos que custa realizar e formular propósitos para corríxilos.
- Cantar ou recitar en grupo unha canción , poema ,escenificar unha historia bíblica ou un conto tradicional.
- Representar con monicreques o escenificacions...a vida de determinados personaxes

- Establecer un debate en grupo sobre a publicidade no Nadal, día da paz, día dos dereitos do neno...
- Compara-la vida do neno/a coa infancia de Xesús ou con outros personaxes e destacar que teñen en común (o amor á familia e ós amigos...)

## 11. PROXECTO LECTOR

Elabórase un Plan de Lectura de acordo o esposto no Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que impulse as actividades orientadas o fomento da lectura e a comprensión lectora prevista nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, así como nas competencias básicas correspondentes a cada unha das áreas do currículo.

A lectura é un instrumento imprescindible no proceso de aprendizaxe polo que ten que estar permanentemente presente en todas as áreas. A través da lectura pretendemos conseguir que o alumno/a sexa capaz de:

- ✓ Aprender autonomamente
- ✓ Acceder á cultura
- ✓ Descubrir o pracer de ler

A cotío trataremos de consolidar hábitos de lectura e de mellorar a comprensión lectora, vocabulario, entonación, expresión e fluidez verbal a través da lectura de textos, contos, libros, etc... Para isto utilizaremos a biblioteca de aula, de ciclo, a biblioteca do centro e libros que posúan os alumnos.

### OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR DO CENTRO

### **Obxectivos xerais**

- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita
- Fomentar a lectura e desenvolver a competencia lectora e literaria
- Educar no uso práctico e crítico da información
- Fomentar o hábito lector
- Apoiar a adquisición das competencias básicas

### **Obxectivos concretos**

Os obxetivos a conseguir serán:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Estimular pequenas producciones escritas que sean el resultado de una lectura agradable y divertida.

### **ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLC**

- Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un ,analizar os datos de cada etiqueta...
- Visitar outras bibliotecas (municipais da contorna,...)
- Acceder aos fondos usando o marcador de Nica.
- Usar o Meiga para coñecer o estado dos fondos, facer buscas...
- Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada una (portada, contraportada, solapas, índice...)
- Buscar e colocar libros pola CDU, autor, título, materia...
- Buscar fondos que ofrezan información sobre un tema.

- Presentar libros na clase por parte do profesorado.
- Lectura silenciosa e individual de textos de fición e informativos.
- Lectura compartida de ao menos dous libros, un en galego e outro en castelán.

## **TEMPO MÍNIMO DIARIO PARA A LECTURA**

Estas actividades non se realizarán soamente nas áreas de lingua galega e literatura ou na área de lingua castelá e literatura, senón a través de actividades en todas as áreas, nas que se adicará un mínimo de media hora diaria ( 30 min) o fomento deste plan. Nas áreas das linguas a dicaremosle 15 minutos cada día en galego e outros 15 minutos en castelán ó día.

## **PRÁCTICAS DE COMPRESIÓN, FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA**

### De comprensión:

Despois da realización da lectura colectiva, realízanse actividades enfocadas a aprender a comprender; os alumnos responderán e farán os comentarios pertinentes respectando sempre o turno de palabra.

Identificación do tema e das ideas principais.

Análise dos feitos ocorridos, dos personaxes, interpretación e comentarios persoais.

A lectura individual aprenderase a facela en silencio e recurrido ao dicionario para buscar as palabras significativas que descoñecen

### De fomento da lectura:

Realización de lectura colectiva como instrumento para perfeccionarse e así adquirir seguridade.

Práctica de lectura individual. Cando a impresión causada por unha lectura sexa positiva, o alumno expoñerá ante os seus compañeiros as súas opinións sobre o libro en cuestión e desta maneira animar ós outros a realizala.

Ademais trataremos de potenciar o gusto e disfrute da lingua escollendo libros que lle resulten atractivos para que lean na casa a diario, no fin de semán e nas vacacións.

### De fomento da escritura:

Na escritura traballarase a caligrafía e as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta.

A través da realización de escritos, os alumnos poderán observar os seus progresos e apreciar a importancia do seu esforzo.

- Expresar por escrito as súas vivencias
- Facer resumos das lecturas que lemos na clase
- Cambiar partes das historias por outras posibles
- Elaborar diarios de lecturas, onde cada alumno vai recollendo as impresións que lle suxiren as lecturas dos libros que se len ó longo do curso na escola e na casa
- Inventar historias, poemas, noticias,...
- Facer redaccións sobre diferentes tema.
- Inventar por parte da clase dunha historia. Deberán decidir de maneira consensuada os personaxes, as situacións e os diálogos para despois crear un comic.
- Ilustrar os bocadiños dunha historia inventada, ou dunha debuxo ou gráfico
- Creación de carteis publicitarios, traballando o linguaxe directo e o linguaxe gráfico
- Redactar un xornal relacionado con festas como os mais ou sobre temas como o reciclaxe.

## 12. PLAN LECTOR

### ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O proxecto lingüístico está presente na programación en varios puntos:

Na aplicación do proxecto lector á materia nos momentos puntuais no desenrolo dos temas: explicacións orais e escritas, referencias informativas, utilización de noticias de periódicos, revistas, web,.. material que se utilizará así mesmo para traballar a competencia aprender a aprender e lingüística.

#### **Obxectivos xerais**

- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Fomentar a lectura e desenvolver a competencia lectora e literaria.
- Educar no uso práctico e crítico da información.
- Fomentar o hábito lector.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

#### **Obxectivos concretos**

- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal e como a base de toda aprendizaxe.
- Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas, cd-rom, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes,...
- Enseñar ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- Incorporar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de ½ hora ao día.

- Conquerir unha lectura segura, fiable e fluida con todo tipo de textos.
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.
- Converter a biblioteca escolar nun espazo referente da vida diaria do centro.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar e de aula.
- Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar e de aula, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Diseñar actividades de alfabetización informativa e educación documental.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

## **Actividades previstas no Plan Lector de Ciclo**

### **1ª avaliación**

#### **Lectura en galego do libro “*A marabillosa medicina de George*” de Roald Dahl.**

- Farase unha lectura compartida, en alto e por fragmentos.
- Buscarase no dicionario as palabras descoñecidas.
- Preguntarase ao alumnado sobre o contido do fragmento lido.
- Como última actividade farase un resumo do libro.

#### **Lecturas individuais**

O alumnado fará uso dos fondos da biblioteca escolar e de aula para levar a cabo lecturas individuais.



## **Uso das TIC`s**

Buscarase en internet información sobre os autores tratados neste trimestre.

## **Xornais**

Buscarase información en diversos xornais co fin de comprender a súa composición e o seu funcionamento.

## **Dramatizacións**

Dramatizaranse fragmentos das seguintes obras:

- *“Contos pos palabras” de Agustín Fernández Paz.*
- *“BAM, BIM, BOM ¡Arriba el telón!” de Consuelo Armijo.*

## **Poesía**

Leranse poemas recollidos de:

- *“Na fogueira dos versos” de Antonio García Teijeiro.*
- *“Poemas y canciones” de Roal Dahl.*

Traballarase a entonación, cómputo silábico, rima e ritmo.

## **Escoitas e comprensión lectora**

- Faranse distintas escoitas recollidas nos cadernos de recursos.
- Faranse exercicios de comprensión lectora recollidos nos cadernos de recursos.

## **Taller de escritura**

- Actividade lúdica para a realización de pequenas narracións que pretende fomentar o gusto pola escritura.

## **2ª avaliación**

### **Lectura en castelán do libro “*Oliver Twist*” adaptación infantil do clásico de Charles Dickens..**

- Farase unha lectura compartida, en alto e por fragmentos.
- Buscarase no dicionario as palabras descoñecidas.
- Preguntarase ao alumnado sobre o contido do fragmento lido.
- Como última actividade farase un resumo do libro.

### **Lecturas individuais**

O alumnado fará uso dos fondos da biblioteca escolar e de aula para levar a cabo lecturas individuais.

### **Uso das TIC`s**

Buscarase información en internet sobre a vida de Rosalía de Castro. Logo farase unha posta en común coas informacións obtidas.

### **Dramatizacións**

Interpretaranse escenas das seguintes obras:

1. “*Akis y los otros*” de K. Delópulus.
2. “*Teatro ás tres pancadas*” de Antonio Torrado.

## **Poesía**

Recitaranse e memorizaranse os poemas:

- “*Rueda que irás muy lejos*” de Miguel Hernández.
- “*La cuna*” y “*La Higuera*” de Juana de Ibarborou.

Traballarase a entoación, cómputo silábico, rima e ritmo.

## **Taller de escritura**

- Actividade lúdica para a realización de pequenas narracións que pretende fomentar o gusto pola escritura.

## **Escoitas e comprensión lectora**

- Faranse distintas escoitas recollidas nos cadernos de recursos.
- Faranse exercicios de comprensión lectora recollidos nos cadernos de recursos.

## **3ª avaliación**

- **Lectura en galego do libro “*A pirata Penamoura*” de J. Daniel Buján Núñez.**
- Farase unha lectura compartida, en alto e por fragmentos.
- Buscarase no dicionario as palabras descoñecidas.
- Preguntarase ao alumnado sobre o contido do fragmento lido.
- Como última actividade farase un resumo do libro.

## **Lecturas individuais**

O alumnado fará uso dos fondos da biblioteca escolar e de aula para levar a cabo lecturas individuais.

## **Uso das TIC`s**

Recurrirase a internet para obter datos sobre a vida e obra dos autores tratados.

## **Dramatizacións**

Interpretaranse fragmentos das seguintes obras:

- *Teatro ás tres pancadas* de Antonio Torrado.
- *“El árbol de Julia”* de Luis Matilla.

## **Poesía**

Leranse os seguintes poemas:

- *“Nadie sabe Geografía”* e *“Niña”* de Rafael Alberti.
- *“Arbolé, arbolé”* e *“Cuando se abre la mañana”* de Federico García Lorca.
- *“Llueve sobre el campo verde”* de J. Ramón Jiménez.
- *“A Juan Ramón Jiménez”* de Antonio Machado.
- *“Ao son da gaita”* de Marilar Aleixandre e outros poemas do seu libro *“Herbalúa”*.

Traballarase a entoación, cómputo silábico, rima e ritmo.

## **Escoitas e comprensión lectora**

- Faranse distintas escoitas recollidas nos cadernos de recursos.
- Faranse exercicios de comprensión lectora recollidos nos cadernos de recursos.

## **Taller de escritura**

- Actividade lúdica para a realización de pequenas narracións que pretende fomentar o gusto pola escritura.

## **Día do libro**

Celebrarase o día do libro atendendo ás propostas do ENDL e do equipo de Biblioteca. Ademais tamén se farán actividades propostas previamente dende o ciclo.

## **Temporalización das actividades Plan Lector de Ciclo**

O tempo adicado a actividades de lectura específicas en educación primaria é, como mínimo, 25 minutos diarios despois do recreo, na aula.

### **Tempo mínimo diario para a lectura**

Cada día dedicaranse 25 minutos (de 12,20 a 12,45) a desenvolver as actividades contempladas no PLC , tanto en galego como en castelán .

Ademais empregaremos un mínimo de 30 minutos diarios na lectura que faremos durante as sesións correspondentes ás diferentes materias.

A isto haberá que engadir o tempo que cada alumno invirta na súa casa para realizar as lecturas persoais escollidas por el e pola profesora..

## **Prácticas de comprensión, fomento da lectura e da escritura.**

### **De comprensión:**

- Despois da realización da lectura colectiva, realízanse actividades enfocadas a aprender a comprender; os alumnos responderán e farán os comentarios pertinentes respectando sempre o turno de palabra.
- Identificación do tema e das ideas principais.
- Análise dos feitos ocorridos, dos personaxes, interpretación e comentarios persoais.
- A lectura individual aprenderase a facela en silencio e recurrido ao dicionario para buscar as palabras significativas que descoñecen.

### **De fomento da lectura:**

1. Realización de lectura colectiva como instrumento para perfeccionarse e así adquirir seguridade.
2. Práctica de lectura individual. Cando a impresión causada por unha lectura sexa positiva, o alumno expoñerá ante os seus compañeiros as súas opinións sobre o libro en cuestión e desta maneira animar ós outros a realizala.
3. Ademais trataremos de potenciar o gusto e disfrute da lingua escollendo libros que lle resulten atractivos para que lean na casa a diario, no fin de semán e nas vacacións.

#### **De fomento da escritura:**

- Na escritura traballarase a caligrafía e as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta.
- A través da realización de escritos, os alumnos poderán observar os seus progresos e apreciar a importancia do seu esforzo.
- Expresar por escrito as súas vivencias.
- Facer resumos das lecturas que lemos na clase.
- Cambiar partes das historias por outras posibles.
- Inventar historias, poemas, noticias,...
- Facer redaccións sobre diferentes temas.

### **Recursos**

Utilizaranse os seguintes soportes: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas, cd-rom, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes,...

### **Avaliación do Plan Lector de Ciclo**

- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Desenvolver a competencia lectora e literaria.
- Crear e desenvolver o hábito lector.

- Adquirir técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- Desenvolver unha lectura segura, fiable e fluida con todo tipo de textos.
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Utilizar a biblioteca escolar como un espazo referente da vida diaria do centro.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar e de aula.
- Facer un uso autónomo da biblioteca escolar e de aula, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

## **O plan lector nas distintas Especialidades**

### **Área de Educación Física**

**Obxectivos** propostos dende a área de educación física:

Realizar pequenas fichas en momentos puntuais antes-durante-despois da práctica.

Introducir vocabulario propio da área de educación física.

Traballar a lectura con textos e materiais a través dos contidos propios da área.

Facer búsquedas puntuais sobre datos como datas, lugares e nomes propios de interese.

Colaborar cos equipos de traballo do centro: Normalización Lingüística, Extraescolares-Complementarias e Biblioteca, na elaboración de materias para o logro das actividades programadas.

Exemplo de **Actividades** para o logro dos obxectivos:

Cumprimentar pequenas fichas relacionadas con exercicios e xogos propostos durante a clase.

Faremos varias sesións en cada trimestre (coincidinco con días de moi mal tempo atmosférico) na biblioteca do centro. Alí as actividades a desenvolver serán: lecturas individuais, lecturas colectivas, xogos de letras e palabras tanto individual como colectivamente, comprensión de pequenos textos lidos entre todos,...

Elaboraremos pequenos traballos guiados de búsquedas bibliográficas, datos referentes a actividades deportivas concretas,...

Colaboraremos cos equipos de traballo, tales como, Dinamización e Normalización Lingüística e co equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares na difusión de actividades relacionadas co uso e promoción da lingua, coa decoración e elaboración de carteis e murais para as festividades celebradas no centro....

Tamén realizaremos lecturas de contos, acontecementos deportivos, revistas, xornais... relacionadas cos contidos que nese momento se estean impartindo nas nosas sesións.

**Recursos** necesarios para a elaboración do proxecto lector:

Fichas elaboradas específicas ao contexto de actividades motrices dos temas.

Libros de contidos propios da nosa área, localizados tanto no departamento como na biblioteca do centro.

Contos tradicionais para usar de maneira adaptada as nosas necesidades didácticas.

Revistas, xornais, prensa variada,...

Material audiovisual.

Material de papelería.



**Dende a Área de Educación Física** participarase tamén naquelas actividades a nivel lúdico motriz na que se requira da nosa axuda: indiacas o día das letras, xogos diversos, saídas,...

Dende o terceiro ciclo contribuirase á adquisición dos obxectivos do Proxecto Lingüístico, levando a cabo unha serie de actividades, tales como:

- Lectura de diferentes textos en galego.
- Elaboración de murais.
- Participación activa no blog do centro.
- Debates de aula utilizando correctamente a lingua galega.
- Elaboración dun glosario de aula con vocabulario de nova adquisición
- Participación nas distintas conmemoracións, tanto de forma oral como escrita.
- Redacción de documentos utilizando un vocabulario axeitado para a revista escolar.

## **Área de Lingua Inglesa**

### **OBXECTIVOS DO PROXECTO DO CENTRO (PLC)**

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende tódalas as áreas do currículo
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal

- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno
- Usar a biblioteca para a busca de información e de pracer.
- Desenvolver a competencia lectora
- Favorecer á comprensión literaria
- Educar no uso crítico da información
- Fomentar o hábito da lectura
- Apoiar á adquisición das competencias básicas

### **ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLC**

#### a) Actividades semanais:

- Lectura comprensiva de textos breves previamente traballados utilizando o libro da aula
- Ordenar viñetas a través de fondos da biblioteca ou fondos informáticos e audiovisuais
- Memorización de pequenos textos dialogados usando o libro de aula, os fondos da biblioteca o ou audio
- Memorización e recitado de chants e songs utilizando o libro de aula o fondos informáticos e audiovisuais

#### b) Actividades quincenais:

- Diálogos escenificados empregando o libro de aula ou o audio

#### c) Actividades sistemáticas:

- Lectura de textos breves relacionados co tema actual usando o libro de aula ou o audio
- Lectura, pronunciación e entoación empregando os fondos informáticos e audiovisuais

### **OUTRAS ACTIVIDADES**

En cada unidade realizaranse as actividades orais e escritas do Pupil's Book, Activity Book e do CD-ROM, traballarase con fichas de ampliación ou reforzo, actividades con flashcards, xogos, dramatizacións e material proposto polo/a profesor/a.

### **ACTIVIDADES TIPO:**

✓ Comprensión oral:

- Actividades de presentación dos diferentes listenings.
- Tarefas de comprensión oral onde os alumnos e alumnas terán tipos de resposta para ilustrar a comprensión oral.
- Comics: Están situados ó final das unidades para presentar vocabulario e estruturas, pretendendo desenrolar o gusto por escoitar e comprender.

✓ Expresión oral:

- Tarefas de expresión oral por parellas ou pequenos grupos producindo interacción social e utilización activa da lingua aprendida.
- Cancións, rimas e chants: Unha forma motivadora de aprender o ritmo, a entoación e a pronuncia.

- Traballo por parellas cun propósito comunicativo onde o alumnado pregunta e solicita información.
- Role-play para completar os textos da dramatización.

✓ Lectura intensiva e extensiva:

Tarefas de lectura: A través de textos cunha linguaxe controlada na sua dificultade, introducindo ó alumnado en diferentes aspectos da cultura británica.

✓ Expresión escrita:

Picture Dictionary: Os nenos e nenas confeccionan un dicionario de imaxes para crear o seu propio banco de palabras.

✓ Actividades de revisión:

Faranse actividades de repaso das unidades rematadas para controlar adquisición de vocabulario e estruturas aprendidas nos cursos anteriores.

### **TEMPO MÍNIMO DIARIO PARA A LECTURA**

A lectura na área de inglés está presente a diario, xa que sempre se introducen nas unidades didácticas e trabállase ao longo delas con pequenas historias, cómics, cancións, rimas, trabalinguas...

A adquisición da lectura comprensiva tanto na lingua materna como na lingua inglesa esixe un traballo progresivo e continuado. Ademáis de traballar cos textos en soporte impreso, tamén utilizaremos, sempre que sexa posible, o soporte electrónico.

É importante que o proceso lector sexa unha tarefa habitual e lúdica para os/as nenos/as.

## **PRÁCTICAS DE COMPRENSIÓN. FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA**

O obxectivo máis importante do Plan Lector é a formación de lectores competentes o cal conséguese a través da consolidación de hábitos de lectura.

Esta Competencia Literaria se obtén se os/as nenos/as len todo tipo de textos, e a biblioteca escolar é un recurso imprescindible para chegar a dita información.

O Departamento de Inglés consta de 3 libros para cada nivel. Os/as alumnos/as tendrán a obriga de mercar un libro por trimestre que será lido en clase y logo faranse actividades de comprensión lectora.

Para a comprensión dos textos escritos, cómpre ter en conta certas estratexias a seguir:

### ANTES DA LECTURA:

- Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.
- Establecer predicións sobre o texto
- Fomentar as preguntas sobre o texto.

### DURANTE A LECTURA:

- Facer actividades que favorecen o acceso á comprensión tales coma:
- Lectura individual e silenciosa
- Facer preguntas sobre o que se leu
- Aclarar posibles dúbidas acerca do texto

- Corrixir textos con erros
- Completar textos con lágoas o engadir finais

#### DESPOIS DA LECTURA:

- Elaboración de resumes
- Ensinar a formular e responder preguntas sobre un texto
- Facer preguntas de reposta literal
- Facer preguntas “para pensar”: Os/as nenos/as deberán relacionar diversos aspectos do texto para atopar a resposta
- Dramatizacións

Por outra parte, teremos en conta tamén as seguintes actividades :

- **Lectura colectiva:** Un alumno/a lerá en voz alta e outros seguirán o texto nos seus libros. Ó final responderán ás preguntas primeiro de xeito oral e despois por escrito, para comprobar o nivel de comprensión acadado.

- **Lectura auditiva:** escoitarán fragmentos dun libro, noticias, textos que fagan referencia a usos e costumes dos países de lingua anglosaxona, receitas de cociña... Ó final da audición sempre se traballará a comprensión tanto oral como escrita a través de preguntas.

- **Lecturas de pequenos textos escritos:** Os textos serán escritos polos propios alumnos/as sobre diferentes temas dos traballados na aula para que relacionen a lectura individual coa comunicación e as posibilidades de relacionarse cos demais.

Para **AVALIAR** o plan lector, observaremos se se produce una evolución positiva destas actividades ao longo do curso (velocidade lectora, ritmo, entoación, pronunciación, comprensión...)

## **Área de Música**

**Os obxectivos do Proxecto Lector de Centro relacionados coa área de E.Musical son:**

- Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas musicais, lectura en rede... de forma segura e o máis fluida posible.
- Comprender os textos lidos ou escoitados, traballándoos a través de preguntas sobre as ideas principais despois da lectura.
- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Conquerir unha lectura segura, fiable e fluida con todo tipo de textos.
- Fomentar a lectura e desenvolver a competencia lectora.
- Educar no uso práctico e crítico da información.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas: enciclopedias, dicionarios, internet...
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

**As actividades da área de E.Musical previstas no Proxecto Lector de Centro son as seguintes:**

- Busca e produción de información en soporte dixital, impreso e audiovisual.
- Recollida de pezas musicais da tradición oral da contorna, favorecendo a comunicación interxeracional coas persoas maiores e establecendo un vínculo entre oralidade e expresión escrita.
- Elaboración de materiais escritos, musicados... coa información recollida da tradición oral, contos, poemas... en formato impreso e dixital.
- Lectura comprensiva e expresión escrita de textos relacionados coa música: biografías, monografías...
- Creación de materiais audiovisuais desenvolvendo traballos coas novas tecnoloxías a partires dos elementos de coñecemento adquiridos, nos que se desenvolven estratexias de comprensión e expresión oral e escrita.

**Para a comprensión e fomento da lectura e a escritura, dende a área de E.Musical tentaremos:**

- Ler informacións en soportes diferentes (libros de lectura, internet, artigos xornalísticos...) sobre contidos musicais.
- Traballar a través de contos a vida e obra dos compositores máis relevantes da historia da música.
- Comunicarnos de maneira oral e escrita a través de dúas linguaxes: a alfabética e a musical.
- Traballar a través de preguntas e diferentes actividades a comprensión lectora.

## **Área de Relixión**

Dende a área de Relixión trataremos de contribuír ao proxecto lector cunha serie de actividades que van a formar parte da propia metodoloxía e perfectamente integradas na propia programación, en cada unha das unidades didácticas ou proxectos de traballo levados a cabo na aula.

Na medida en que a dispoñibilidade ou o tema a tratar nolo permita, realizaremos visitas á Biblioteca escolar para ler, buscar determinada información ou simplemente dar coñecer as diferenciar os libros das distintas seccións,mostrando onde se atopan os libros de relixión ou outro tipo de libros que nos pode aportar a información necesaria para o tema que estamos a traballar na aula , así mesmo ensinaremos observar a etiqueta que identifica a cada un dos libros , analizar os datos de cada etiqueta coa finalidade de que sepan desenvolverse na Biblioteca , sempre claro está, en acorde coas súa idade.

- Realización de actividades de aula na que se pida determinada información neste caso se animará os rapaces (na medida do posible) a que lles pidan as súas familias para



visitar a biblioteca pública do concello o que pertencen (municipal de Lousame, municipal de Noia....).

- Lectura silenciosa e individual de libros de diferente temática .- Descubrir que a Biblia e como unha gran Biblioteca con libros de diferentes temáticas, lendo e comparando.
- Realización e exposicións de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas.
- Elaboración de contos.
- Dramatización das lecturas.

### **13. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**

#### **INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES DEMOCRÁTICOS COMO CONTIDO DE CARÁCTER TRANSVERSAL**

A educación en valores democráticos constituen unha serie de contidos que deberán integrarse e desenvolverse en todas as áreas do currículo:

- Educación para a tolerancia, para a paz.
- Educación para a convivencia.
- Educación intercultural.
- Educación para a igualdade entre homes y mulleres.
- Educación ambiental.
- Educación para a promoción de saúde.
- Educación sexual.
- Educación do consumidor.
- Educación vial.

## **Educación do Consumidor**

Trátase de estudar o tema do consumo en todas as súas vertentes cunha metodoloxía creativa e práctica, establecida en torno á experiencia persoal, que mostre os factores relacionados e implicados na actividade diaria, e de establecer comportamentos críticos e responsables en materia de consumo. Comprende distintos temas:

**A publicidade:** recoñecemento desta e análise, crítica e elaboración de anuncios en clase. Traballárase fundamentalmente no terceiro ciclo.

**A alimentación:** coñecer os procesos de produción e comercialización do produto, identificar as etiquetas e realizar unha compra equilibrada.

**A vivenda:** crear condutas que contemplan o uso correcto dos enseres e espazos da vivenda, o emprego de produtos domésticos que poidan resultar perigosos, e analizar o proceso de compra ou aluguer.

Xogos, xoguetes e material escolar.

**Ecoloxía e consumo:** coñecer a incidencia do consumo no medio ambiente, as técnicas de reciclaxe e favorecer hábitos de aforro.

O diñeiro, os bancos e a compra: relacionar tipos de moedas, aforro, análise do proceso de compra, manexar pequenos orzamentos...

**Os servizos públicos.** Coñecer os servizos públicos

**Saúde e seguridade.** Medidas de precaución para evitar accidentes e minimizar os riscos. Uso correcto do material e do propio corpo. Hábitos de hixiene, de alimentación.

**Lecer e tempo libre:** valorar formas de tempo libre como a lectura e o xogo, dosificar o uso da televisión,...

## **Educación Ambiental**

A través do coñecemento activo do contorno e de forma gradual implícase aos alumnos e alumnas na conservación e respecto do medio, formando unha mentalidade crítica e participativa, responsabilizando ao alumno dentro das súas posibilidades na preservación dos recursos. Pretendemos conseguir a creación de hábitos e actitudes con respecto á actuación individual no contorno.

### **Educación Moral e Cívica**

Discusión de dilemas morais: baséase na discusión de breves historias que entrañen un conflito de valores, co cal o alumno crea argumentos e dúbidas ao redor dos valores propios, para restablecer o equilibrio de valores nun nivel de xuízo moral superior.

Clarificación de valores: trátase de suscitar ao alumno unha revisión dos seus conceptos, crenzas e valores para conseguir que reflexione achega dos mesmos. Acódese para iso a unha lista de frases inacabadas ou a un conxunto de preguntas pechadas que obriguen ao alumno a expresar o seu punto de vista.

### **Educación para a Paz**

A metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e os modos de educación na aula, potenciando a tolerancia, o intercambio de puntos de vista, a participación. Con este fin facilitarase a idea de paz positiva. Empregaremos diversas técnicas de cooperación e de participación, e recorreremos ás seguintes actividades:

Estudo de casos.

Técnicas de clarificación de valores.

Análise de conflitos.

Xogos de rol.

Xogos de simulación.

### **Educación para a Saúde**

Este tema reflíctese nunha referencia continua a prácticas que se consideran saudables, complementando toda actividade de aprendizaxe con hábitos que conlleven a comprensión e coidado da saúde, tanto no que se refire á asimilación dos conceptos, como na posta en práctica de actitudes e na realización de determinados procedementos en cada momento da vida da comunidade escolar.

Os núcleos de elaboración destes contidos son principalmente:

- Seguridade, prevención de accidentes e primeiros auxilios.
- Educación vial.
- Coidados persoais: higiene e saúde.
- Alimentación saudable.
- Uso de medicamentos e prevención de drogodependencias.
- Prevención e control de enfermidades.
- Relacións humanas. Saúde mental. Afectividade e sexualidade.
- Os servizos sanitarios e a petición de axuda.
- Medio ambiente e saúde.

### **Educación para a Igualdade de Ambos Sexos**

Este tema transversal é unha constante no desenvolvemento de todas as áreas e traballárase nos tres ciclos, fomentando a igualdade de oportunidades.

Na **área de Relixión e moral católica**, a educación para a paz podemos aplicala en moitos dos contidos. Será importante valorar o respecto hacia os compañeiros sobre todo nas actividades que se realicen en grupo; non permitir actitudes racistas ni

sexistas na aula; ter presente o coidado e o respecto pola natureza... Sin olvidarnos, da importancia de la hixiene persoal. Tamén faremos fincapé na educación do consumidor, de modo que na celebración dalgunhas festas, no den tanta importancia os regalos sinon os valores da festa en sí.

A educación en valores é aquela que se ten que tratar en tódalas áreas indistintamente, por ter una grande importancia de cara a unha futura inserción na sociedade, xa que trasmiten unha serie de valores e actitudes que axudarán á integración do alumno-a na nosa esfera social. Atendendo o actual currículo de **Educación Física** son os seguintes:

**Educación moral e cívica:** buscarase que o alumnado respete unha serie de normas e regras para levar a cabo o desenvolvemento das actividades de xeito adecuado, ademáis de ensinar os nenos/as a convivir de maneira respetuosa e coherente.

**Educación para a paz:** a educación física será unha área privilexiada para que o alumno adquiera unhas actitudes de respecto, colaboración, solidaridade, participación, etc.

**Educación para a igualdade entre sexos:** intentarase evitar as discriminacións existentes por razón de xénero en algunhas actividades físicas nas que primen a habilidade do participante, a súa condición física... ou tamén nunha manifestación artística, erradicando así os roles sexuais e sociais establecidos na nosa cultura.

**Educación ambiental:** buscarase desenvolver unha reflexión crítica do alumnado con respecto ao medio ambiente, en relación ao seu coidado e conservación.

**Educación vial:** ensinar ao alumnado a desprazarse de forma autónoma e segura, por medio de simulacións e actividades de diferentes tipos.

**Educación para o lecer:** os alumnos/as aprenderán a utilizar o seu tempo libre mediante o coñecemento e práctica de xogos e actividades deportivas.

**Educación do consumidor:** intentarase conseguir que o alumnado adquiera unha actitude crítica e responsable fronte ao consumismo existente que provoca á sociedade ó realizar gastos inútiles en moitas ocasións en artigos innecesarios (como material deportivo).

**Educación para a saúde e calidade de vida:** a educación física é un medio adecuado para que o alumno comprenda os efectos da actividade física no seu corpo e saúde.

## **14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais que tentan conseguir sociedades máis modernas, xustas, democráticas e igualitarias. É por iso, que debemos formar os nosos alumnos/as dun xeito comprensivo, armónico e integral para que sexan capaces de desenvolver a súa vida respectándose a si mesmos, ós demais e responsabilizándose dos seus actos.

Se partimos da idea de que CONVIVENCIA é compartir vivencias xuntos, isto lévanos dende a familia primeiro ata os centros educativos, para acabar na sociedade en xeral.

Nesta tarefa está implicada toda a comunidade educativa: pais, mestres, alumnado, persoal non docente... cun único obxectivo final: mellorar a convivencia no noso centro e na nosa comunidade educativa.

Para acadar unha mellora da convivencia teremos en conta os seguintes obxectivos:

- Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos/as tanto dende o punto de vista persoal, como no relativo ás estratexias de aprendizaxe, e á motivación, ós intereses, ás relacións persoais... co único fin de producir as respostas educativas adecuadas.
- Desenvolver accións que favorezan a adaptación do novo alumnado, profesorado e a súa interacción cos demais.

- Favorecer a formación integral do alumnado tendo en conta os principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz cara a participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- Promover a participación e implicación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas no que demanden e precisen, facéndolle ver a importancia da estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

Para levar a cabo todo isto desenvolveremos as seguintes actuacións:

- Levaremos a cabo as accións prevista no plan de acoliida nas transicións de etapa, na incorporación de nenos/as ó grupo.
- Revisarase o expediente persoal de cada alumno/a para un previo coñecemento da súa realidade.
- Estableceremos un horario semanal de atención ás familias.
- Atenderanse e orientaranse as diferentes inquietudes do alumnado.
- Informarase ó alumnado e ás familias, o comezo do curso sobre a vida do centro e as normas que figuran no RRI e na PXA: normas de funcionamineto, horarios, coidado das instalacións, normas de convivencia, horarios de titorías, actividades complementarias e extraescolares....etc
- Asesorarse ás familias en canto o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos/as.
- Planificarase reunións xerais coas familias.
- Estableceranse liñas de coordinación co Primeiro Ciclo e Terceiro Ciclo.

- Desenvolveremos, xunto co Departamento de Orientación un programa de detección precoz das posibles dificultades de convivencia e relación que poidan xu a nivel académico coma persoal dos seus fillos/as no centro, e sempre que sexa necesario e así o requiran, tanto as familias coma o profesorado.

O plan de convivencia ten como principio promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia, co que pretendemos desenvolver adecuadamente as relacións entre todos os componentes da nosa comunidade educativa. Por iso utilizaremos o plan de acción tutorial, reunión periódicas cos titores, equipo directivo, departamento de orientación, familias, delegados, etc, segundo proceda, entre outras acción para a súa divulgación e interiorización.

Por parte do alumnado existen de forma ocasional, comportamentos que poden alterar o desenvolvemento cotidiano das clases, non traballar, non prestar atención, non facer caso ás indicacións do mestre, non traer material deportivo, algunha disputa principalmente verbal entre compañeiros, etc., tendo todas elas unha solución pacífica.

## **16. DIRECTRICES DA CCP QUE SE TEÑEN EN CONTA NESTA PROGRAMACIÓN**

Antes de que os diferentes niveles e ciclos inicien o traballo de planificación das programacións a Comisión de Coordinación Pedagóxica da instrucións a través da reunión establecida pola directiva do centro, o día 3 de setembro de 2014 ás 10:30 horas, na que se proporciona aos mestras/es de nova incorporación e tamén aos definitivos o esquema a seguir de acordo ao esixido por inspección educativa para a elaboración das programacións de ciclo e as programacións de tarefas e actividades por nivel ou grupo clase.



Estas directrices teñen por finalidade coordinar os traballos de planificación do curso académico 201/2015 lémbrense entre outras as seguintes liñas de actuación do centro:

- Proxecto Documental Integrado proposto polo equipo de biblioteca, que neste curso o tema elixido é os mares e os océanos co título de “Alma de Beiramar”.
- Contrato- Programa consensuado no claustro educativo e pendente de aprobación pola Administración Educativa.
- Garantir a unidade e coherencia das ensinanzas que os distintos mestras/es da área imparten en un mesmo nivel asegurando que a súa práctica educativa se sustente nos principios educativos comúns por cada área.
- Establécese o calendario de reunións dos equipos de nivel e de ciclo de educación infantil e primaria para os martes de cada mes, e cando éstos cadren en festivo celebraranse ao día seguinte.